

O consumo de drogas
en Galicia VIII

38

**O CONSUMO DE DROGAS
EN GALICIA VIII - 2004**

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade - SERGAS
Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias

© da edición: Xunta de Galicia
1ª edición: 2006

Dirección e análises:
José Navarro Botella

Mostra e proceso de datos:
José Mª. Alonso Torréns

Traballo de campo:
Mª. del Prado Fernández Escudero

Proceso de textos:
Servizos de EDIS

Imprime
Difux, S.L.

Tirada: 1.000 exemplares

ISBN: 84-453-4361-0
Depósito legal: C-171-2007

Prólogo	5
----------------------	---

Obxectivos e metodoloxía da investigación	9
--	---

PARTE PRIMEIRA:

Prevalencias, patróns e perfís nos consumos de drogas en Galicia	33
---	----

1. O consumo de tabaco	35
-------------------------------------	----

Introdución	37
-------------------	----

1.1. O consumo de tabaco en Galicia.....	37
--	----

1.2. O perfil dos consumidores de tabaco	42
--	----

2. O consumo de alcohol	47
--------------------------------------	----

Introdución	49
-------------------	----

2.1. O consumo de alcohol no último mes, frecuencias e perfís	49
---	----

2.2. Os tipos de bebidas e a cantidade de alcohol consumido. Tipoloxía de bebedores.....	54
--	----

2.3. Perfil dos bebedores abusivos	67
--	----

2.4. Idade de inicio no consumo de alcohol	71
--	----

2.5. O botellón	73
-----------------------	----

3. O consumo doutras drogas	81
--	----

Introdución	85
-------------------	----

1. Os inhalables	86
------------------------	----

2. O cannabis	90
---------------------	----

3. A cocaína	95
--------------------	----

4. As drogas de síntese	100
-------------------------------	-----

5. A heroína.....	105
-------------------	-----

6. Os outros opiáceos.....	110
----------------------------	-----

7. Os alucinóxenos	114
--------------------------	-----

8. As anfetaminas.....	119
------------------------	-----

9. Os tranquilizantes.....	123
----------------------------	-----

10. Os hipnóticos.....	128
------------------------	-----

11. O crack	132
-------------------	-----

4. O índice de risco nas áreas sanitarias nos consumos de tabaco, alcohol e outras drogas	135
--	-----

5. Secuencias e tendencias no uso de drogas en Galicia	141
---	-----

5.1. As prevalencias nas distintas substancias	143
--	-----

5.2. A evolución dos consumos e dos perfís	146
--	-----

6. O uso múltiple de drogas ou policonsumo	157
---	-----

6.1. Consumo múltiple de drogas	159
---------------------------------------	-----

6.2. Os modelos básicos de policonsumo.....	163
---	-----

PARTE SEGUNDA:

Motivacións, percepción do risco, consecuencias e actitudes e medidas ante as drogas	167
1. Motivacións para o consumo de drogas	169
Introdución	171
1.1. Motivacións para o consumo de alcohol	171
1.2. Motivacións para o consumo de drogas ilegais e psicofármacos	173
2. Percepción do risco, información e perigosidade das drogas	177
2.1. Percepción do risco	179
2.2. Información e percepción de perigosidade das drogas	183
3. Consecuencias derivadas do consumo de drogas e axudas para deixalas	187
Introdución	189
3.1. Os problemas derivados do consumo de drogas	190
3.2. Graos de dependencia subxectiva do consumo de drogas	193
3.3. Tratamentos para deixar as drogas e consultas a expertos	195
3.4. Axudas para deixar as drogas	201
4. Ocio, diñeiro e drogas	203
Introdución	205
4.1. Tempo dedicado ao ocio	206
4.2. Diñeiro dedicado ao ocio e ao consumo de drogas	209
5. Opinións e actitudes da poboación ante as drogas	211
5.1. Medidas máis eficaces na loita contra as drogas	213
5.2. O uso de drogas en lugares públicos e no ámbito privado	217
5.3. Actuacións de formación e prevención	220
6. Coñecemento e valoración do Plan de Galicia sobre Drogas	223
Introdución	225
6.1. Coñecemento do Plan de Galicia sobre Drogas	226
6.2. Valoración da labor do Plan de Galicia sobre Drogas	227
Principais resultados e conclusións	231
Bibliografía	243
Anexo:	251
O Cuestionario	255
Poboación e mostra. Galicia. 12 anos e máis	263

PRÓLOGO

O uso e/ou abuso de drogas constitúe un problema sanitario e social que preocupa en gran medida ao mundo occidental. Por isto se dedicou, e segue dedicando, grande esforzo científico a descubrir cales son as súas causas e o seu tratamento máis eficaz.

Nesta publicación que agora se presenta abórdase a investigación no eido da epidemioloxía do consumo de drogas, concretamente o oitavo estudo sobre o consumo de drogas en Galicia.

Os estudos epidemiolóxicos son necesarios para poder analizar o estado de situación dun determinado fenómeno ou enfermidade, e, indirectamente, para determinar o efecto das intervencións levadas a cabo para resolvela. Se ademais os estudos se realizan de xeito periódico, como neste caso, engádesse moito máis valor aos resultados obtidos, tanto no referente á validez como á comparabilidade.

A Consellería de Sanidade, sensible a esta necesidade, vén financiando estudos bianuais sobre o consumo de drogas desde 1988, consciente de que para actuar ante unha determinada realidade é necesario coñecela axeitadamente primeiro.

Como a realidade é cambiante, e máis no ámbito das drogodependencias, en cada estudo vanse introducindo algunhas modificacións coa finalidade de mellorar o coñecemento deste fenómeno que nos ocupa. Neste caso, unha das novidades máis salientables é a incorporación de preguntas específicas sobre o denominado “botellón”, que nos permiten analizar en profundidade esta problemática tan actual.

En xeral, o Plan de Galicia sobre Drogas segue a priorizar as estratexias preventivas, así como aqueles programas e actividades centrados na prevención do consumo de tabaco e abuso de bebidas alcohólicas.

Desexo que a publicación deste estudo contribúa a que en Galicia o problema do consumo de drogas teña unha resposta cada vez máis axeitada. Para isto, é moi importante o traballo conxunto que en Galicia vimos facendo entre os concellos, as asociacións, os profesionais e a Administración autonómica.

Anímovos a todos a seguir traballando con este obxectivo común.

M^a José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

OBXECTIVOS E METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

Obxectivos e metodoloxía da investigación

1. Obxectivos do estudo

En liñas xerais, os obxectivos do presente estudo, en continuidade cos dos estudos anteriores en Galicia, estrutúranse en dous grandes bloques: no primeiro, investígase todo o referente ao aspecto **epidemiolóxico** (consumos, patróns, perfís, evolución, policonsumos...); e, no segundo, abórdanse os contidos máis **cualitativos** (motivacións e consecuencias nos consumos, tratamentos, axudas e medidas, actitudes da poboación...). En esencia, mantivéronse as mesmas temáticas, coas súas series históricas, ao tempo que se introduciron outras en función de novas necesidades de información, tales como: desenvolvemento das cuestións relacionadas co botellón (motivos, policonsumos, problemas...), co ocio, co diñeiro e coas drogas; e a percepción do risco das drogas.

Os seus contidos específicos son os que se recollen a continuación.

A) PARTE PRIMEIRA: Indicadores epidemiolóxicos e outros de evolución

Co obxecto da orientación e desenvolvemento da parte da enquisa **epidemiolóxica** á poboación de doce anos en diante residente nas catro provincias de Galicia, as súas distintas áreas sanitarias e todos os niveis de hábitat, tivéronse en conta, para os efectos do estudo da **evolución** experimentada en Galicia¹, a metodoloxía e os resultados dos mencionados estudos nesta comunidade. No que respecta á **comparabilidade** co conxunto de España, tamén se inclúen determinadas cuestións e aspectos da metodoloxía da Enquisa domiciliaria sobre uso de drogas² da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, e varios indicadores son dun uso bastante estendido, tanto nas enquisas do NIDA de Estados Unidos³, como nos estudos de varios países da Unión Europea⁴.

E para que a comparabilidade se aproxime o máximo posible ao momento actual e a uns territorios non tan xerais como o conxunto nacional, realizáronse comparacións con varios estudos rexionais realizados entre a poboación xeral en Andalucía, Canarias, Madrid e a Comunidade Valenciana. Por outra parte, tamén se achegan datos sobre as prevalencias observadas nunha trintena de estudos, propios e doutros autores, que cobren un período de máis de quince anos. Noutras substancias de interese actual, como a son as drogas de síntese, establécense comparacións cunha dúcia de estudos, dende 1994 a 2004.

1. Prevalencias no uso das distintas substancias e patróns de consumo máis relevantes

Esta cuestión é básica no estudo e trata de definir e cuantificar os distintos **consumos** existentes, así como as **prevalencias** e **patróns** de consumo en cada tipo de drogas. As substancias incluídas aquí serían as seguintes:

■ As Drogas legais:

- Tabaco
- Alcohol

1 *O consumo de drogas en Galicia (1998-2000). Plan de Galicia sobre Drogas. EDIS. Santiago.*

2 *Enquisa domiciliaria sobre uso de drogas (1995-2001). Plan Nacional sobre Drogas. Madrid*

3 *National household survey on drug abuse. Population Estimates Substance Abuse and Mental Health Services Administration. EUA Department of Health and Human Services. Rockville (Maryland) 1995.*

4 *Informe anual sobre o problema da drogodependencia na Unión Europea (2002). Observatorio Europeo das Drogas e as Toxicomanías. Lisboa.*

- **Os Psicofármacos:**
 - Tranquilizantes
 - Hipnóticos
 - Analxésicos Morfínicos e outros opiáceos.

- **As Drogas ilegais:**
 - Inhalables
 - Cannabis
 - Anfetaminas
 - Alucinóxenos
 - Heroína
 - Cocaína
 - Drogas de Síntese
 - Crack

A información obtida en cada unha destas substancias con respecto ás súas **prevalencias** de consumo e **patróns** máis relevantes estrutúrase arredor dunha serie de indicadores homologados internacionalmente. Para cada tipo de substancias, os devanditos indicadores foron os seguintes:

No TABACO:

- **Situación actual con respecto ao consumo de tabaco:** nunca fumaron; na actualidade non fuman, pero **antes** si; na actualidade fuman **ocasionalmente**; na actualidade fuman **diariamente**.
- Aos fumadores actuais: **cantidade** de tabaco que fuman. E, a partir de aquí, establécese a **tipoloxía de fumadores**: moderados, altos e excesivos (con especial referencia ao uso de cigarros, que é a modalidade na que fuman máis do 95%), segundo consuman menos de 10 cigarros, de 10 a 20 e máis de 20. Inclúense tamén as **medias diarias** de cigarros.
- Todos estes datos crúzanse coas diferentes variables sociodemográficas e, en especial, coa de sexo e idade, co fin de comprobar dúas hipóteses de especial interese: a alta progresión no hábito de fumar acotío por parte das mulleres novas, e o momento no que se produce a inflexión do abandono do tabaco.
- **Idade de inicio** no uso do tabaco, distribución e medias, e todo isto por sexos e por idades.

No ALCOHOL:

- Con respecto ás **secuencias no consumo de alcohol**, os indicadores utilizados foron os seguintes:
 - Consumo de alcohol **algunha vez**.
 - Consumo de alcohol nos últimos **doce meses**.
 - Consumo de alcohol no **último mes**.
 - **Frecuencias** de consumo no **último mes**, das que se derivarán tres **patróns** de consumo no que á frecuencia se refire:

- * **esporádico:** de 1 a 3 veces ao mes.
- * **medio:** de 1 a 4 veces por semana.
- * **alto:** de 5 a 6 veces por semana e diariamente.

■ **Tipos de bebidas e cantidade** de cada unha delas para a súa conversión no seu equivalente en ml de **alcohol** puro. Para isto, ao longo dos trinta días, incluíndo catro fins de semana, pregúntase por cada tipo de bebida e a cantidade tomada no día anterior á entrevista, e nunha pregunta de control anótase o día da toma de datos, de modo que se poida distinguir na análise de que día se trata. Con estes datos fanse diferentes tipos de análise, entre eles os seguintes:

- **Prevalencias dos consumos de alcohol en ml/gr e UBE.**
 - **Patróns de consumo de fin de semana, de días laborables, e medias diarias xerais.**
 - **Patróns de consumo (fin de semana, diario, etc.) segundo as variables de sexo e idade,** co que se busca a confirmación ou evolución dalgunhas hipóteses de interese como: patróns de consumo de fin de semana entre os mozos, progresiva toma de alcohol das mulleres novas, asociación do consumo de alcohol co doutras substancias, etc.
 - Consumo de alcohol nas distintas provincias e hábitats de Galicia, así como segundo outras variables **sociodemográficas:** ocupación, nivel educativo, rol familiar, clase social, etc.
- A partir da conversión de cada bebida no seu equivalente de alcohol e cos datos do consumo de cada entrevistado, estableceuse unha **tipoloxía de bebedores** segundo a inxestión de alcohol que, en media diaria, sería a seguinte:

- Abstinentes:0 ml.
- Lixeiros: 1 a 25 ml.
- Moderados:26 a 75 ml.
- Altos:76 a 100 ml.
- Excesivos:101 a 150 ml.
- Gran risco:máis de 150 ml.

Nos homes, consideraranse **bebedores abusivos** aqueles que inxiran a partir dos 75 ml de alcohol ao día, en nas mulleres, seguindo os criterios internacionais, aquelas que inxiran a partir dos 50 ml.

Tamén se ofrecen estes datos convertidos en **gramos** de alcohol e en **unidades básicas de bebida** conforme ao seguinte cadro de equivalencias.

Cadro A: Tipo de bebedores segundo o consumo diario en ml./cc., gramos ou UBE.*

Tipo de Bebedores	Varóns			Mulleres		
	ml/cc	gr.	UBE	ml./cc	gr.	UBE
1. Abstinentes	0	0	0	0	0	0
2. Lixeiros	1-25	0.8-20	1-2	1-25	0.8-20	1-2
3. Moderados	26-75	21-60	3-6	26-50	021-40	3-4
4. Altos	76-100	61-80	7-8	51-75	41-60	5-6
5. Excesivos	101-150	81-120	9-12	76-100	61-80	7-8
6. Gran risco	+150	+120	+12	+100	+80	+8

* Segundo os criterios da Dirección Nacional de Saúde Pública e o PNSD.

Realizouse o oportuno cruzamento entre a frecuencia na que se bebeu no último mes e a cantidade, así como coa tipoloxía de bebedores, co fin de avaliar o grupo de **maior risco alcohólico**.

- Tamén se incluíron algunhas preguntas para afondar nalgúns outros aspectos relacionados co consumo de alcohol, tales como:
 - Tipos de bebidas consumidas segundo **perfis sociodemográficos**.
 - Participación no **botellón**.

E no que se refire aos **motivos** polos que beben e ás posibles **consecuencias**, dedícase un espazo específico no cuestionario que veremos máis adiante.

- **Idade de inicio** no consumo de alcohol, distribución e medias, coeficiente de variación, e segundo o sexo e a idade.

Nos PSICOFÁRMACOS e nas DROGAS ILEGAIS:

- Para os **psicofármacos** e as **drogas ilegais**, as **prevalencias** nos consumos e os **patróns** de uso indagáronse a través dos seguintes indicadores:
 - Consumo algunha **vez** na vida.
 - Consumo nos últimos **ou seis meses**.
 - Consumo no último **mes**.

E, dentro do consumo no **último mes**, establecéronse as seguintes **frecuencias** de consumo:

- Menos dunha vez á semana.
- Unha vez á semana.
- De dúas a seis veces á semana.
- Diariamente.

Estes indicadores e as frecuencias no último mes permítennos establecer as **prevalencias** do consumo de cada substancia en cada **período** de tempo considerado, así como os **patróns** prevalentes en cada **droga** (esporádico, recorrente, habitual).

- **Continuidade no uso das distintas substancias:** índices de continuidade remoto e actual.
- **Idades de inicio no uso de cada droga:** con uso de diversos estatísticos (moda, media, coeficiente de variabilidade; e tamén segundo o sexo e a idade).
- **Modos de consumo:**
 - Monoconsumo para cada droga en concreto.
 - Policonsumo, cos diversos tipos de asociacións e índices de policonsumo.
 - Análises factoriais para a definición dos **modelos básicos** no policonsumo.

Nestes modelos de policonsumos, estimamos que se atoparán catro tipos básicos cunha explicación da varianza entre o 50 e 60 por cento do total e cuxa definición sería a seguinte: 1.º Os **psicoestimulantes** (cocaína, drogas de síntese e anfetaminas), con presenza de alucinóxicos, cannabis e alcohol. 2.º O liderado polos **narcóticos** (heroína, morfínicos e outros opiáceos), no que se asociarían tamén a cocaína e o crack. 3.º O das **drogas legais** (tabaco e alcohol), con asociación de cannabis. 4.º O dos **psicofármacos** (tranquilizantes e hipnóticos principalmente).

2. Afondamento en consumos específicos

Na liña da suxestión incluída no prego de condicións de estudar algunhas características dalgúns consumos específicos, obtívose o seguinte:

- **Vías de consumo, especialmente para a heroína e a cocaína** (anteriormente e na actualidade):
 - Comida ou bebida
 - Nifrada en po
 - Inhalada en “chineses” ou papel de prata
 - Fumada en cigarros ou en pipa
 - Inxectada
 - Outra. Cal.

3. Perfís dos consumidores dos distintos tipos de drogas

Mediante a inclusión dunha serie de variables de clasificación e calidade, e co cruzamento destas con todas as de consumo, analizáronse as diversas características demográficas e sociais dos usuarios de cada substancia e definíronse os seus **perfís** segundo:

- Sexo e idade.
- Nivel educativo.
- Ocupación e profesión.
- Estado civil.
- Clase social subxectiva.
- Provincia e hábitats de residencia.
- Áreas sanitarias.

Estas variables son de grande importancia para poder facer unha análise dos diferentes **niveis de risco e actuación prioritaria en cada segmento de poboación e zona territorial**, segundo as prevalencias de consumo de drogas e as proporcións de poboación afectada. Cunha mostra dunhas 2.300 entrevistas púidose realizar unha detida análise de perfís segundo a afinidade demográfica e sociolóxica destes.

4. Evolución da realidade das drogas e tendencias

Dado que o presente estudo utiliza moitos dos indicadores que se foron mantendo no tempo noutros estudos nacionais e autonómicos e nos de Galicia de 1988 a 2004, analizouse a **evolución comparativa** que a realidade das drogas foi experimentando no tempo e sinaláronse as posibles novas **tendencias** que en Galicia apuntan diferentes aspectos ou fenómenos asociados tales como:

- No consumo do tabaco e do alcohol.
- No dos psicofármacos.
- Na das drogas ilegais, con especial atención ás máis problemáticas, como a heroína e a cocaína, ou ás máis recentes, como as drogas de síntese.
- Nos perfís ou características dos usuarios de cada tipo de substancias.
- Noutra serie de indicadores (opinión e actitudes, coñecemento e valoración dos servizos) moi útiles para a **intervención** ante esta problemática e que veremos a continuación.

Tamén se estudan os diferentes niveis de risco nas distintas áreas sanitarias de Galicia.

B) PARTE SEGUNDA: Aspectos cualitativos relacionados coas drogas

1. Motivacións para o consumo de drogas

Aquí mantivéronse os mesmos tipos de indicadores básicos para o consumo de drogas (**pracer/experimentación, resposta social e sintomatolóxicos**) e establecéronse as oportunas comparacións cos estudos anteriores dende 1988 a 2004.

2. Demanda de axudas para solucionar o problema das drogas

Para analizar aspectos da avaliación e priorización das demandas da poboación consumidora de drogas, utilizouse o seguinte indicador:

■ Axudas para deixar as drogas

Dende a perspectiva dos **usuarios** de drogas indágase sobre os tipos de **axudas** solicitados para abandonar o uso de drogas: desintoxicación, atención médico-sanitaria, axuda psicolóxica, axuda en formación laboral ou para atopar traballo, asesoramento á familia, reinserción social, etc.

■ Dependencia subxectiva das drogas

En xeral e segundo cada tipo de substancia específica, así como nos distintos perfís sociodemográficos.

■ Consulta a expertos e tratamento

- Consultas
- Consellos
- Tratamento.

3. Consecuencias derivadas do consumo de drogas

Análise das distintas consecuencias e problemas derivados do consumo de drogas:

- De saúde
- Familiares
- De relación
- Persoais
- Económicos
- Nos estudos
- No traballo
- Coa lei

4. Medidas e actuacións antes as drogas. O labor do Plan de Galicia sobre Drogas

Fronte á realidade e problemática xerada polas drogas houbo, dende hai xa algúns anos, unha intensa **resposta institucional**. A adecuación das actuacións realizadas depende, en certa medida, do grao de **coñecemento** que a poboación teña delas e do **apoio social** que lle presten a estas.

Igualmente, dada a madureza que xa foron alcanzando algunhas das actuacións realizadas neste campo, tamén se incluírían unha serie de indicadores para testar o seu grao de **presenza** entre a poboación. Os devanditos indicadores serían os seguintes:

- **Medidas para loitar contra as drogas** (campañas informativas, prevención nas escolas, atención a familias, represión do tráfico, penalización das drogas, etc.).
- **Medidas de actuación ante o botellón.**
- **Actuación ante os consumos de drogas en lugares públicos e no ámbito privado.**

5. Sobre o Plan de Galicia sobre Drogas

Dende esta perspectiva inclúense na enquisa unha serie de preguntas para indagar sobre o **coñecemento** que os cidadáns teñen do Plan de Galicia sobre Drogas e a **valoración** que fan da eficacia da acción que este está a realizar.

Nas temáticas introducidas por primeira vez no estudo de Galicia, os obxectivos de investigación son os seguintes:

6. Nos temas relacionados co botellón

- Razóns polas que o realizan.
- Consumo doutras drogas, ademais do alcohol.
- Grao de satisfacción e razóns.
- Problemas relacionados co botellón.

7. Na temática de ocio, diñeiro e drogas

- Tempo dedicado ao ocio.
- Relación entre o tempo de ocio e os consumos de drogas.
- Diñeiro dedicado ao ocio.
- Relación entre o diñeiro de ocio e os consumos de drogas.

8. Percepción da peligrosidade das drogas

- No tabaco.
- No alcohol.
- No cannabis.
- Noutras drogas ilegais.
- Nos psicofármacos.

O **cuestionario** aplicado con todas estas temáticas recóllese no anexo, ao final do informe.

2. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

Tamén a metodoloxía aplicada na presente investigación segue a mesma liña que nos estudos anteriores. Realizouse unha **enquisa epidemiolóxica e actitudinal** cuxas características técnicas son as seguintes:

1. O universo

A poboación galega de **doce anos en diante**, residente nas catro provincias e nas once áreas sanitarias, así como nos distintos hábitats ou entidades de poboación. A poboación tomada en consideración é, nos seus trazos básicos, a do Censo de 2001 e a do Padrón municipal actualizado en 2004. Esta poboación sería dunhas 2.508.791 persoas. No anexo ofrécese a poboación de Galicia desenvolvida nas diferentes variables de estratificación de mostra.

2. Tamaño e distribución da mostra

Igualmente, a mostra é **probabilística**, estratificada por conglomerados e polietápica. O seu desenvolvemento nas distintas etapas e unidades de mostra é o seguinte:

- a Con base nesta poboación, nunha primeira etapa, realizouse unha afixación simple non proporcional por **áreas sanitarias e grupos de idade**, de modo que cada área e cada grupo de idade tivesen unha base de mostra suficiente. Do total das **2.300** entrevistas asignáronse a cada **área sanitaria** e a cada **grupo de idade** as seguintes unidades.

Cadro 1. Distribución da mostra por áreas sanitarias

Áreas Sanitarias	Nº enquisas	Factores de Ponderación
1. A Coruña	300	1,383
2. Ferrol	210	0,886
3. Cervo-Burela	140	0,457
4. Santiago	300	1,320
5. Lugo	210	1,009
6. Pontevedra	210	0,833
7. Vigo	300	1,453
8. Ourense	210	1,286
9. Monforte	140	0,393
10. O Salnés	140	0,393
11. O Barco	140	0,250
Total	2.300	

Naturalmente, a afixación non proporcional por áreas sanitarias someteuse a un **equilibrio de mostra** posterior (segundo os factores de ponderación globais do cadro), de modo que os resultados obtidos recuperasen a súa exacta **proporcionalidade**, con base no **peso poboacional real** de cada área sanitaria.

A mesma metodoloxía aplicouse na distribución da mostra por idades, co fin de **optimizar** a base dos estratos máis afectados polo fenómeno das drogas. Esta distribución é a seguinte:

Cadro 2. Distribución da mostra por idades

Áreas Sanitarias	Nº enquisas	Factores de Ponderación
1. A. Coruña	300	1,383
2. Ferrol	210	0,886
3. Cervo-Burela	140	0,457
4. Santiago	300	1,320
5. Lugo	210	1,009
6. Pontevedra	210	0,833
7. Vigo	300	1,453
8. Ourense	210	1,286
9. Monforte	140	0,393
10. O Salnes	140	0,393
11. O Barco	140	0,250
Total	2.300	

Así pois, o equilibrado de mostra permite restituír a **proporcionalidade** de cada grupo de idade, segundo o seu **peso real** no conxunto da poboación de Galicia de doce anos en diante.

Con respecto á estratificación da mostra por **hábitats** ou **entidades de poboación**, a distribución final é a que se recolle no seguinte cadro:

Cadro 3. Distribución da mostra por hábitats

Hábitat	Nº enquisas
Ata 10.000 habitantes	769
10.001 a 50.000 hab.	707
50.001 a 100.000 hab.	282
Máis de 100.000 hab.	542
Total	2.300

- b** Nunha segunda etapa, as **once áreas sanitarias** deságréganse, pola súa vez, en **44 subáreas**. No conxunto destas inclúense un total de **106 puntos de mostraxe básica** ou **municipios** que, cos seus distintos núcleos de poboación e as subdivisións das grandes cidades en distritos e barrios, alcanzan uns **200 puntos de mostraxe efectiva**. Estes puntos de mostraxe sorteáronse **aleatoriamente** tomando como basee as **seccións censuais** do Instituto Nacional de Estatística nesta comunidade.

Unha vez **estratificada** a mostra por **áreas sanitarias, hábitats, seccións censuais e grupos de idade**, a distribución realizouse de forma **aleatoria** en cada unha destas unidades. Mediante o método de **rutas aleatorias**, selecciónanse os **edificios e vivendas** aos que habería que acceder para realizar a entrevista. Na última unidade de mostra, a **persoa para entrevistar** selecciónaríase mediante un **sorteo** entre as persoas que habitaban a vivenda dentro das proporcións de idade indicadas, e a entrevista realízase no fogar.

Dada a aleatoriedade na selección de todas as unidades de mostra, a un nivel de confianza do **95.5%**, sendo $P = Q$, a marxe de erro para o conxunto resulta do **±2.04%**.

A distribución da mostra, segundo os puntos de mostraxe básica ou municipios, por áreas sanitarias e por hábitats, co número de entrevistas para lle realizar en cada un deles, é a que se recolle no cadro 4.

- c Por último, para recoller fielmente os consumos de alcohol nos patróns de días laborables e de fin de semana, a mostra aplicouse, nas seis semanas do traballo de campo (**do 15 de outubro ao 28 de novembro de 2004**), de tal modo que, catro sétimos das entrevistas correspondesen a días laborables (de luns a xoves) e tres sétimos, aos de fin de semana (venres a domingo).

Cadro 4. Distribución dos puntos de mostraxe básica por áreas sanitarias e hábitat

Hábitat	Ata 10.000 hab.	10.001 a 50.000 hab.	50.001 a 100.000 hab.	Máis de 100.000 hab.	Nº Enquisas e puntos mostraxe
Área Sanitaria					
1. A Coruña	Abegondo Sada Vimianzo Coristanco Cee	17 16 15 16 16	Betanzos Oleiros Arteixo Carballo	7 28 11 23	A Coruña 151 300 (10)
2. O Ferrol	Pontedeume Mugardos Neda Ortigueira	14 13 20 26	Fene Narón	14 43	Ferrol 80 210 (7)
3. Cervo-Burela	Xove O Vicedo Ribadeo Foz Mondoñedo Barreiros Lourenzá	8 8 20 20 15 9 9	Cervo Viveiro	25 26	140 (9)
4. Santiago de Compostela	Vila de Cruces Melide Arzúa Outes Tordoia Valga Mazaricos Brión Negreira	13 10 10 13 13 12 13 14 13	Boiro A Estrada Lalín Noia Ordes Padrón Ribeira Santa Comba Teo	19 14 19 23 8 6 22 7 15	Santiago de Compostela 56 300 (19)
5. Lugo	Becerreá O Corgo A Fonsagrada Castro de Rei Taboada Palas de Rei Friol Láncara Guitiriz	9 9 15 13 12 12 12 13 19	Sarria Vilalba	11 14	Lugo 71 210 (12)
6. Pontevedra	Caldas de Reis Ponte-Caldelas Vilaboa Forcarei Meaño	20 15 12 13 6	Marín Poio Sanxenxo	36 13 25	Pontevedra 70 210 (9)
7. Vigo	A Cañiza Salceda de Caselas	24 15	Cangas Pontearreas O Porriño Redondela Tui Nigrán	23 9 16 16 20 20	Vigo 157 300 (9)
8. Ourense	Boborás Maside Celanova Cartelle Allariz Pereiro Aguiar Barbadás Monterrei Xinzo de Limia Ribadavia	7 7 10 11 15 11 11 14 20 20	O Carballiño Verín	7 8	Ourense 69 210 (13)
9. Monforte	O Saviñao Quiroga Carballedo Pantón Bóveda	16 16 16 16 8	Monforte de Lemos Chantada	48 20	140 (7)
10. O Salnés	Ribadumia	16	Villagarcía de Arousa Cambados	100 24	140 (3)
11. O Barco	A Rúa Viana Do Bolo A Pobra de Trives Carballeda Vilamartín de Valdeorras Rubiá	24 20 20 15 15 10	O Barco de Valdeorras	36	140 (7)
Total Enquisas e total puntos de mostraxe básicos	890 (63)	756 (35)	346 (5)	308 (2)	2.300 (105)

- d No que se refire ás **características** da poboación estudada en todas as variables sociodemográficas, unha vez realizado o equilibrado de mostra, podemos ver o cadro 5 seguinte:

Variables	%	Variables	%
Áreas Sanitarias	18,9	Estado civil	
A Coruña	7,7	Solteiro/a	31,3
O Ferrol	2,7	Casado/a	54,8
Cervo-Burela	17,2	Separado/a	5,8
Santiago	8,6	Parellas	2,3
Lugo	7,8	Viúvo/a	5,8
Pontevedra	19,9	Nivel educativo	
Vigo	11,2	Sen estudos primarios	51,1
Ourense	2,1	Bacharelato-FP	34,3
O Salnes	2,5	Medios-superiores	14,1
O Barco	1,4	NS/NC	0,5
Tipo de Área		Ocupación	
Litoral	61,9	Traballa	51,2
Interior	38,1	Parado	4,7
Provincia		Estuda	12,5
A Coruña	40,7	Ama de casa	18,1
Lugo	14,5	Pensionistas	13,4
Ourense	14,6	NS/NC	0,1
Pontevedra	30,2	Actividade dos ocupados	
Hábitat		Empresario	3,3
Ata 10000	33,4	Funcionario	8,1
10,001-50,000	30,7	Directivo	0,8
50,001-100,000	12,3	Profesional	4,5
Máis de 100.000	23,6	Autónomo	19,2
Xénero		Técnico medio	3,8
Varón	47,8	Administrativo /Empregado	19,1
Muller	52,2	Trabador cualificado	29,4
Idade		Traballador sen cualificar	11,7
12-18	7,7		
19-24	9,4		
25-39	25,4		
40-54	21,8		
55 e máis	35,7		

3. A metodoloxía no traballo de campo

A metodoloxía aplicada na realización do traballo de campo na enquisa domiciliaria a partir das **seccións censuais** foi a que se recolle no seguinte documento.

Metodoloxía que debe aplicarse na realización do traballo de campo na Enquisa Domiciliaria

O obxectivo primordial deste manual é explicar, de xeito claro e concreto, o método que todos os traballadores de campo han de aplicar para a correcta realización das enquisas que lle correspondan desenvolver.

É fundamental que o entrevistador coñeza e poña en práctica correctamente todas e cada unha das normas que neste manual se expoñen; pois, deste xeito, poderemos obter uns resultados absolutamente válidos para o posterior traballo dos investigadores responsables deste estudo.

É conveniente cumprir co método que a continuación se explica, xa que, do contrario, pode levar consigo grandes nesgos na información recollida, o que implicaría a conseguinte non validación do traballo realizado.

De entre os diferentes sistemas de mostraxe existentes, na enquisa imos utilizar un dos máis usuais e coñecidos: as rutas aleatorias.

O método de Rutas Aleatorias

É, sen lugar a dúbidas, o máis comunmente utilizado polos diferentes departamentos de campo das empresas do sector.

Como case todos os métodos, ten as súas grandes vantaxes, sobre todo á hora de configurar a mostra, e as súas desvantaxes. De entre estas, cómpre destacar que o sistema require unha aplicación moi exhaustiva en todos os aspectos e momentos; pois existe unha participación moi activa por parte do entrevistador na selección da mostra.

Chamámoslle RUTA ao itinerario que debe seguir o entrevistador para realizar un número determinado de entrevistas. A súa **lonxitude** está en función do número de entrevistas que cómpre realizar e das posibles dificultades que se vaia atopando ao longo do seu percorrido (ausencias, negativas).

Para este traballo, todas as rutas comportarán a realización dun número de entrevistas, por determinar aínda, circunscritas todas elas a unha soa sección censual.

Toda ruta ten a súa **orixe** nunha dirección de partida e o seu **final** na realización da última entrevista.

1. A Dirección de Partida

Chamámoslle dirección ou punto de partida ao lugar onde se inicia unha ruta. En todos os casos virá determinada por unha dirección concreta, seleccionada ao chou na guía dunha sección censual determinada.

Na localización da dirección de partida, o entrevistador pode atoparse con diferentes situacións que pasamos a pormenorizar a continuación:

- a** Que remate a numeración da rúa antes de chegar ao número dado como punto de partida. Neste caso, tomaremos como punto de partida o edificio dentro da mesma rúa e beirarrúa (par ou impar) cuxa numeración sexa a máis elevada.

Exemplo	Dirección de partida:	Sevilla nº 48
	Numeración da rúa:	Remata en 42 (pares)
	Inicio da Ruta:	Sevilla nº 42

- b** O número designado como punto de partida está repetido. Podemos atopar tres casos:

- **Número bis:** sempre consideraremos o número primitivo.
- **Número repetido:** entre ambos os dous, considerarase como punto de partida o número que ocupe o primeiro lugar ao ter en conta a orde crecente da numeración da rúa.
- **Numeración dobre** (antiga e moderna): sempre consideraremos a máis moderna.

- c** Que o número designado como punto de partida non exista na rúa. Neste caso, tomaremos como punto de partida o edificio cuxa numeración corresponda ao primeiro número correlativo inferior que encontremos (este será par ou impar segundo sexa o número dado como punto de partida).

Exemplo	Dirección de partida:	Sevilla nº 83
	Numeración da rúa:	79, 81, predio, 87
	Inicio da Ruta:	Sevilla nº 81

- d** Que non se localice a rúa que figura na dirección de partida. Nesta situación e unha vez que se intentaron todos os recursos para localizala, consultarase co coordinador de zona ou co responsable de campo antes de tomar ningunha iniciativa.

Calquera anomalía que se observe na dirección de partida deberá vir reflectida na folla de ruta

2. O valor de cadencia

Chamamos **cadencia** a un valor numérico definido de antemán polo departamento de campo e que se utiliza para seleccionar as vivendas nas cales debemos intentar realizar as entrevistas ao longo da ruta.

Este **valor de cadencia**, ao igual que a **dirección de partida**, sempre irá indicado na folla de ruta, e **nunca poderá ser modificado polo entrevistador** sen consultar antes co coordinador do traballo de campo.

Na enquisa que nos ocupa, traballaremos cun valor de cadencia igual a **12**.

3. Arranque e seguimento da ruta

Tal e como xa se mencionou anteriormente, todas as rutas se desenvolverán dentro dunha soa e única sección censual; de tal xeito que, ao final do traballo, fariamos tantas rutas como seccións censuais saíron seleccionadas na mostraxe.

Deste xeito, cando a un entrevistador se lle asigne unha ruta calquera, recibirá:

- Os **cuestionarios** necesarios para realizar un número de entrevistas predeterminado.
- A **folia de ruta**, onde aparecerán definidos o punto de partida, o valor de cadencia e as cotas que hai que cubrir.
- A **guía** correspondente á sección censual onde ha de facer as entrevistas e completar o itinerario da ruta.

Con todo este material (definidos o punto de partida e a cadencia), estamos en disposición de iniciar a ruta correspondente.

Para comezar a ruta, o entrevistador terá que dirixirse á dirección de partida. Unha vez nela, procederá a seleccionar a primeira vivenda onde intentará realizar a entrevista.

Pero, ¿que itinerario hai que seguir dende o devandito punto de partida? Para a correcta realización do itinerario é imprescindible a utilización da guía da sección. Poñamos un exemplo de guía, e, a partir de aí, explicaremos como facer o itinerario.

GUÍA DA SECCIÓN			
	Entidade	Denominación Vía	Numeración
	Madrid	rúa Almansa	0068 0068
	Madrid	rúa Aranjuez	0006 0028
	Madrid	rúa Beire	0001 0013
Vía e numeración que contén a dirección de partida	Madrid	rúa Beire	0002 0014
	Madrid	rúa Enrique I	0001 0007

Situado o entrevistador na dirección de partida, comezará a **camiñar en sentido ascendente** en relación coa numeración dos edificios e sempre pola mesma beirarrúa, dependendo de se o punto de partida ten número par ou impar.

Exemplo	Dirección de partida:	Beire nº 8
	Numeración da rúa:	*
	Inicio da Ruta:	°

4	6	8	1	1
---	---	---	---	---

A partir de aquí, o entrevistador continuará pola mesma rúa (seguindo a mesma numeración) ata esgotar todos os pares da rúa Beire. A continuación, seguirá pola seguinte vía da lista da guía; no noso exemplo, rúa Enrique I, pola beirarrúa que conteña os edificios cuxa numeración estea entre o 1 e o 7 (ambos os dous inclusive). Unha vez cuberto este tramo; terá que continuar pola rúa Almansa (pola beirarrúa dos pares), e así sucesivamente.

É dicir; **o entrevistador irá percorrendo a lista da guía**; partindo sempre da fila onde esta contida a dirección de partida (nome de rúa e número), **para continuar polas rúas que, en sentido descendente, aparecen na guía.**

Como a guía a percorremos en sentido descendente sempre, dende a última rúa da listaxe pasaremos á primeira, para proseguir igualmente en sentido descendente.

Doutra parte, percorrерemos a guía completa tantas veces como sexan necesarias, ata completar o número de entrevistas previstas.

A ruta, ao longo do seu itinerario, pode transcorrer por ambas as dúas beirarrúas; dependendo de que ambas as dúas (pares e impares) aparezan recollidas na listaxe da guía da sección. No noso exemplo, percorrерemos ambas as dúas beirarrúas da rúa Beire, sempre e cando ao acabar co portal n.º 28 da rúa Aranjuez non se realizasen todas as entrevistas previstas.

Poñer moita atención á numeración da rúa recollida na guía;
pois unha gran maioría dos límites das seccións dividen unha rúa;
polo que unha beirarrúa pertence a unha sección e a de en fronte a outra.

Observacións sobre a guía

- Se na numeración da vía aparecen o "9999" ou o "9998", significa que na sección entra toda a numeración impar ou par desa rúa.

4. A Selección de Vivendas

Antes de explicar como efectuar a selección das vivendas bo será que a definamos.

Trátase dun local onde viven efectivamente unha ou varias persoas, tanto se se trata dun edificio individual (chalé, casarío, etc.) como se se encontra nunha edificación colectiva de varios pisos (varias vivendas). Non están, polo tanto, consideradas como tales os comercios, oficinas, hoteis ou pensións, escolas, etc.; en suma, todo o que non é un local habitado por unha persoa ou varias (familia).

Para proceder á selección das vivendas, faremos uso da **cadencia** mencionada anteriormente. ¿De que forma? O entrevistador deberá ir contando tantas vivendas como sexa o valor de cadencia, de tal maneira que intentará realizar unha entrevista en todas aquelas vivendas nas que coincida o valor cadencial predeterminado. Poñamos un exemplo:

c/Sevilla nº 48						
A 1	B 2	C 3	D 4	E 5	F 6	4ª Planta
A 7	B 8	C 9	D 10	E 11	F 12	3ª Planta
A 1	B 2	C 3	D 4	E 5	F 6	2ª Planta
A 7	B 8	C 9	D 10	E 11	F 12	1ª Planta
A 1	B 2	C 3	D 4	E 5	F 6	Baixo

c/Sevilla nº 48		
A 1	B 2	C 3
A 4	B 5	C 6
A 7	B 8	C 9

	Vivenda seleccionada
--	----------------------

Se o entrevistador do noso exemplo tivese como dirección de partida a rúa Sevilla, nº 48 e un valor de cadencia de 12, procedería da forma seguinte. Unha vez situado no punto de partida, debería empezar a contar dende a primeira vivenda (no noso caso, o baixo A) de forma sucesiva ata que localice a vivenda que faga o número 12 (1.ª planta, letra F). É nesta vivenda onde procederá a realizar a entrevista. A continuación, volverá contar de novo doce vivendas para seleccionar outra; e así sucesivamente.

Como se pode apreciar no gráfico do exemplo, unha vez que se seleccionou a porta F da 3.ª planta (en Sevilla, 48); o entrevistador seguirá contando as vivendas restantes do edificio (4.ª planta) e completa a cadencia de 12 vivendas no edificio contiguo do itinerario da súa ruta (Sevilla, nº 50; 1.º C).

Á hora de contar, para aplicar o valor cadencial marcado, deberemos ser rigorosos nos seguintes aspectos:

- a En todos os edificios con máis dunha planta, sempre contaremos **de abaixo cara a arriba**.
- b A orde das portas en cada planta será o que elas teñan; sempre que as portas estean numeradas. Se as portas están ordenadas alfabeticamente, respectaremos a devandita orde (A=1; B=2; etc.). Cando as portas non teñan ningún tipo de ordenación; ordenarémolas de esquerda a dereita, sempre en función do punto polo cal chegamos á planta.
- c Se un edificio ten máis dunha escaleira, seguiremos a orde da propia numeración das escaleiras. Se non estivesen numeradas, ordenarémolas seguindo os mesmos criterios expostos para as portas das vivendas.
- d Cando se nos esgotan as vivendas dun edificio, sen alcanzar a cadencia marcada; continuaremos coa primeira vivenda do edificio seguinte da nosa ruta, a partir do número no que quedamos no anterior.
- e Cando un porteiro non nos permita o acceso a un edificio, deberemos facer unha estimación do número de vivendas que contén para saber se neste correspondería realizar unha ou varias entrevistas (fixádevos nos porteiros automáticos ou que vos informe algún veciño). Se este fose o caso, deberedes proceder a substituír aquela/s vivenda/s onde non puidestes realizar entrevista.
- f Unha vez seleccionada a vivenda, o entrevistador procederá a seleccionar tamén aleatoriamente no fogar a que membro da familia correspondería facerlle a entrevista; cumprindo sempre as proporcións de idade que lle corresponda cumprir.

5. Procesos de substitución

Chegados a este punto, hai que facer unha consideración previa. O proceso de substitución é de grande importancia en calquera fase (tanto se falamos de vivendas coma se o facemos de persoas). Todo estudo realizado por medio de enquisas require que as substitucións se realicen correctamente e unha vez esgotadas todas as posibilidades ao alcance da man para evitar proceder deste modo. Se as substitucións non se fan correctamente, a mostra pódese ver gravemente alterada, chegando mesmo a invalidar a súa representatividade.

Procederase a substituír vivenda cando na porta seleccionada inicialmente non se poida realizar a entrevista por algún dos seguintes motivos:

- Que corresponda a unha oficina/pensión
- Que estea deshabitada
- Que rexeiten colaborar

Podémonos atopar con 3 casos:

- a **Vivenda unifamiliar.** A substitución levarase a cabo na seguinte vivenda (ou edificio) que atopamos seguindo ruta.
- b **Edificio de varias plantas cunha soa vivenda/porta por planta.** A substitución levarase a cabo na vivenda da planta inmediata superior.
- c **Edificio con varias plantas e máis dunha vivenda/porta por planta.** A substitución na porta inmediata da dereita ou da esquerda segundo proceda en función da ordenación que lles deramos a estas para a súa selección.

Nos edificios con varias plantas e vivendas, debemos ser moi rigorosos á hora de respectar as seguintes normas:

- 1 Procederemos á substitución na mesma planta, pero terase en conta que non podemos retroceder no ciclo de selección, é dicir, que se nunha planta con catro portas nos sae seleccionada a terceira, dentro da mesma planta soamente podemos substituíla na porta cuarta.
- 2 No caso de non poder realizar ou concertar entrevista na planta seleccionada inicialmente, pasaremos á planta superior intentando realizar a entrevista na primeira porta correspondente, segundo a orde de numeración establecida. Se na devandita planta tampouco puidésemos realizar ou concertar a entrevista, pasaríamos de novo á planta superior, e así sucesivamente.
- 3 Se seguindo o ciclo de substitución chegásemos á última planta do edificio e tampouco nela puidésemos realizar ou concertar entrevista, proseguiríamos a ruta e continuaremos a substitución pola primeira porta/vivenda do edificio contiguo.
- 4 Unha vez concluído un ciclo de substitución, porque obtivemos ou concertamos entrevista; procederemos a seleccionar novamente, mediante o conto da cadencia de vivendas determinadas.
- 5 Nos edificios de vivendas que teñan porteiro, a vivenda deste nunca poderá substituír a ningunha das vivendas do edificio. So será válida para os efectos de podela incluír na mostra no caso de saír seleccionada inicialmente.


As distintas fases desenvolvidas en todo proceso de substitución ao longo dunha ruta deberán vir reflectidas con todo detalle na folla de ruta.

Procederase a substituír a persoa seleccionada cando nos atopemos con algunha das seguintes situacións:

- Negativa a colaborar rexeitando ser entrevistado
- Que regrese á casa pasadas as 10 da noite
- Que se atope incapacitada fisicamente para responder
- Que todos os membros da familia estean fóra da cota.

Cando nos atopemos con calquera destas circunstancias, procederemos a efectuar substitución. Esta débese facer por outra persoa, **dentro da sección censal** na que se estea a desenvolver a ruta, que cumpra as seguintes condicións:

- a Que sexa do **mesmo sexo**
- b Que pertenza ao **mesmo grupo de idade**
- c **Nunca se poderá substituír unha persoa no mesmo fogar seleccionado inicialmente.**



Enquisa domiciliaria sobre uso de drogas en Galicia

PERSONAS QUE TEÑAN DE 12 ANOS EN DIANTE:

Nº orde persoas	IDADE
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
Total persoas	

Ordena os membros da familia de maior a menor, segundo a idade.

Indicar para cada membro, o xénero e a idade.

A ENTREVISTA REALIZOUSE

1ª visita	1
2ª visita	2
3ª visita	3
Substitución	4

Nº ORDE ENTREVISTA:

--

Nº DE ORDE ENTREVISTA QUE SE VAI REALIZAR

Nº Total persoas	10	20	30	40	50	60	70	80	90	100	110	120	130	140	150
1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
2	2	2	1	2	1	1	2	2	2	2	1	1	1	1	2
3	1	1	3	3	2	3	3	3	2	1	2	1	2	2	1
4	3	1	3	4	2	2	1	2	3	4	3	4	1	4	2
5	3	4	1	5	2	4	3	1	2	5	1	5	3	2	4
6	5	1	1	3	5	6	3	2	2	4	3	6	2	4	5
7	5	2	7	3	2	2	4	6	3	1	1	6	5	4	7
8	4	5	3	6	8	1	8	5	2	2	7	6	4	7	1
9	8	2	4	9	7	1	6	3	5	7	1	8	3	2	4
10	8	7	8	5	3	2	1	6	1	9	5	10	4	10	2

Nº da personas Seleccionada

4. O proceso de datos e a análise

En función dos distintos grupos de obxectivos propostos, precísase dun proceso de datos xeral e dunhas análises matemáticas específicas. Toda a información obtida na enquisa se tratará no paquete estatístico-informático SPSS (versión 7.5, de 1998), no que, de forma **xeral**, se inclúe o seguinte:

- **Frecuencias e porcentaxes** parciais e acumuladas en todas as variables do cuestionario.
- **Cruzamentos bivariantes** entre as variables de análise e as independentes ou explicativas.
- Nas variables numéricas incluíranse os principais **estatísticos**: moda e media, desviación estándar, varianza...
- Nos cruzamentos de variables aplicaranse as **probas estatísticas** do chi cadrado e a razón de verosimilitude para ver a **significatividade** das diferenzas obtidas e poder descartar a hipótese nula.

E no que se refire ás análises **específicas**, segundo os distintos grupos de obxectivos e as súas hipóteses de traballo, son os seguintes:

1. Nas prevalencias dos consumos:

- **Hipótese**: os usos das distintas substancias teñen uns patróns de consumo diferenciados e unha continuidade distinta. Para coñecer estas peculiaridades aplícanse as seguintes análises matemáticas:
 - no alcohol: cálculo da **inxección de alcohol** puro mediante a súa **equivalencia** en ml en cada bebida. Determinación das **tipoloxías de bebedores** e dos niveis e grupos de risco. E, segundo o **modo** e o **tempo** de beber, distinción entre o patrón de consumo regular e a de fin de semana.
 - nos **psicofármacos** e nas substancias **ilegais**: determinar os **índices de continuidade** de uso **próximo** (último mes/últimos seis meses) e **remoto** (últimos seis meses/algunha vez).

2. Nas idades de inicio nos consumos:

- **Hipótese**: a estrutura de idades no inicio dos consumos esta tamén moi diversificada; hai substancias de inicio moi precoz (tabaco, alcohol, inhalables...), outras de uso inicial tamén xuvenil, pero algo posterior (cannabis, drogas de síntese, cocaína, heroína...); finalmente, outras son dun inicio máis tardío (tranquilizantes, hipnóticos...). Para determinar todo isto aplícanse as análises seguintes:
 - **estrutura de idades e sexos** nos inicios do consumo de cada substancia: principais intervalos.
 - **modas e medias** de idade do inicio de cada substancia, segundo cada sexo.
 - **variabilidade** dos inicios: desviacións estándar e coeficientes de variación en cada substancia e sexo.

3. Nos perfís dos consumidores:

- **Hipótese**: os consumidores das distintas substancias presentan unhas características diferenciadas, de modo que constitúen unha serie de **perfís** sociodemográficos específicos. Para determinar estes perfís **crúzanse** as **tipoloxías de fumadores e bebedores** e os consumos nos **últimos seis meses de cada substancia** (psicofármacos e drogas ilegais) coas variables explicativas seguintes:

- provincia
- hábitat
- sexo
- idade
- nivel educativo
- ocupación
- actividade profesional
- rol familiar
- clase social subxectiva

E en todos os cruzamentos resultantes se aplican as **probos de significatividade** (X^2 e RV) para ver se as diferenciacións ou perfís obtidos son ou non relevantes.

4. Nos usos múltiples de drogas:

- **Hipótese:** como xa dixemos no punto 1 do apartado de "Obxectivos do estudo", existen unha serie de usos múltiples de diversas substancias, basicamente os modelos de policonsumo estruturados arredor dos narcóticos, os psicoestimulantes, os psicofármacos e as drogas legais. A análise multivariante específica deste fenómeno é o seguinte:
 - táboas de **combinacións** múltiples de cada substancia con cada unha das demais.
 - **índice** de asociacións que establece cada substancia coas demais.
 - **análise factorial** de compoñentes principais, para a determinación dos modelos segundo a varianza explicada.

Parte Primeira
PREVALENCIAS, PATRÓNS E PERFÍS
NOS CONSUMOS DE DROGAS
EN GALICIA

1. O CONSUMO DE TABACO

Introdución

O tabaco, despois do alcohol, é a substancia psicoactiva máis consumida en España, en xeral, e a que máis se consome diariamente. Segundo a última enquisa domiciliaria do Plan Nacional de Drogas (2003), un 36,7% da poboación española de 15 a 64 anos é fumador diario, cun incremento de 1,6 puntos porcentuais con respecto a 2001.

En Galicia, segundo a presente enquisa, en 2004 fumaba a diario o **30,8%** da poboación de 12 anos en diante. Nesta comunidade experimentouse tamén un incremento ata 1998, pero na actualidade, despois da estabilización observada en 2002, parece iniciarse certo descenso, cunha diminución na prevalencia diaria de -1,3 puntos porcentuais.

Naturalmente, estamos a falar de prevalencias xerais sobre o conxunto da poboación, e que son máis elevadas en certos segmentos desta, especialmente no que se refire aos distintos grupos de idade. En Galicia, o consumo de tabaco diario alcanza o 48,1% nos individuos de 19 a 24 anos e o 46,7% nos de 25 a 39 anos.

Ao estudo destes pormenores, á súa evolución, así como aos distintos aspectos sociodemográficos asociados ao consumo de tabaco é ao que imos dedicar este primeiro capítulo do estudo.

1.1. O consumo de tabaco en Galicia

Seguidamente, imos analizar catro aspectos específicos do consumo de tabaco en Galicia: prevalencias do consumo de tabaco, posible evolución do consumo, cantidade de tabaco consumida, e idades de inicio no consumo. E no seguinte punto (1.2) realizaremos a análise das características da poboación con respecto ao tabaco, así como o perfil diferenciado dos fumadores diarios en 2004.

a) Prevalencias do consumo de tabaco e a súa evolución

O consumo de tabaco en Galicia en 2004 é o que se recolle na táboa seguinte.

Táboa 1.1. O consumo de tabaco en Galicia

	%
Nunca fumaron	56,2
Non fuman, pero antes sí	10,7
Fuman ocasionalmente	2,3
Fuman diariamente	30,8
Total Base	100,0 (2.300)

A partir destes datos, temos que un 56,2% nunca fumou, mentres que o 43,8% si o fixo; deles, un 33,1% faíno na actualidade (un 2,3% fuma ocasionalmente e o **30,8% fuma diariamente**).

Se tomamos como referencia o indicador máis importante, o dos fumadores diarios, e o comparamos co dos estudos anteriores, podemos ver o seguinte:

Táboa 1.2. Evolución do consumo diario de tabaco de 1988 a 2004 en %

Anos	%
1988	33,7
1992	29,6
1994	28,6
1996	28,9
1998	32,2
2000	32,0
2002	32,1
2004	30,8

Segundo estes datos, podemos ver que, despois do incremento experimentado en 1998 con respecto a 1996, en 2000 e en 2002, a prevalencia de fumadores diarios parece estabilizarse, e en 2004 diminúe 1,3 puntos, tal como sinalabamos na introdución.

Comparativamente con outros estudos, podemos ver o cadro A.

Cadro A. Taxas de fumadores diarios en distintos estudos recentes

Ámbito poboación e idades	Ano	% fumadores diarios
Nacional (15 e máis anos)	1995	30,5
Nacional (15-65 anos)	1997	32,9
Nacional (15-65 anos)	1999	32,6
Nacional (15-65 anos)	2001	35,1
Nacional (15-65 anos)	2003	36,7
Canarias (15-65 anos)	1997	36,2
Madrid (15-65 anos)	1997	36,0
C. Valenciana (15 e máis anos)	1996	35,0
C. Valenciana (15 e máis anos)	1998	36,5
C. Valenciana (15 e máis anos)	2000	40,0
Andalucía (12 e máis anos)	1996	29,5
Andalucía (12 e máis anos)	1998	31,0
Andalucía (12 e máis anos)	2000	33,2
Galicia (12 e máis anos)	1996	28,9
Galicia (12 e máis anos)	1998	32,2
Galicia (12 e máis anos)	2000	32,0
Galicia (12 e máis anos)	2002	32,1
Galicia (12 e máis anos)	2004	30,8

O incremento do consumo de tabaco diario no conxunto nacional (30,5% en 1995, 35,1% en 2001 e 36,7% en 2003) ten o seu correlato en diversas comunidades autónomas, se ben en Galicia parece xa estabilizarse e iniciarse un lixeiro descenso.

Referíndonos agora ás prevalencias dos fumadores diarios e ocasionais en función da poboación galega de 12 anos en diante e considerando de forma aproximada o seu número en termos absolutos, teríamos as seguintes cifras: fumadores diarios, arredor dos 772.707; fumadores ocasionais, en torno aos 57.702; e, en total, uns 830.409 fumadores de tabaco.

b) A modalidade e cantidade do consumo de tabaco

En todas as comunidades, no conxunto dos fumadores diarios, case o 99% fuma na modalidade de cigarros, e o seu consumo diario de cigarros é o seguinte:

Táboa 1.3. Tipoloxía de fumadores diarios

Nº de cigarros	%
Moderados (menos de 10)	13,3
Medios-altos (de 10 a 20)	69,1
Extremos (21 a 40 o máis)	17,6
Total Base	100.0 (699)

A cantidade media de cigarros consumidos ao día é de **18,43**. Un 69,1% fuma entre 10 e 20 ao día e outro 17,6% consome por enriba dos 20 cigarros diarios; polo que, en total, un 86,7% da poboación sería fumador medio-alto ou extremo.

Este grupo de fumadores era, en 2002, un 85,9%, polo que na actualidade aumentou 0,8 puntos porcentuais. O mesmo acontece coa media de cigarros fumados diariamente, xa que en 2002 era de 18,13. A súa evolución dende 1988 foi a seguinte:

Cadro B. Media de cigarros diarios de 1988 a 2004

	Media
1988	18,90
1992	18,53
1994	17,97
1996	16,63
1998	17,41
2000	17,98
2002	18,13
2004	18.43

Aquí vemos que a media de cigarros diarios en 2004 (18,43) retrocedeu por enriba da de 1994, que era de 17,97, aínda que segue sendo inferior ás de 1988 e 1992. Así pois, ao tempo que diminúen as prevalencias de fumadores diarios, increméntase un pouco a cantidade de cigarros fumados.

Cruzando esta medida de cigarros coas variables de xénero e idade, conxuntamente, obtemos a seguinte táboa.

Táboa 1.4. Medias de cigarros diarios segundo o xénero e a idade conxuntamente

	Medias
Xeral	18,43
Homes	20,93
De 12 a 18 anos	13,47
De 19 a 24 anos	15,68
De 35 a 39 anos	18,42
De 40 a 54 anos	26,05
De 55 e máis anos	23,44
Mulleres	14,79
De 12 a 18 anos	10,35
De 19 a 24 anos	13,76
De 35 a 39 anos	14,21
De 40 a 54 anos	16,06
De 55 e máis anos	21,09

A partir destes datos, vemos que a media de cigarros diarios dos homes (20,93) é superior á das mulleres (14,79). Entre os primeiros, as medias máis altas danse entre os de 40-54 anos (26,05), mentres que nas mulleres é entre as de 55 e máis anos (21,19).

c) As idades de inicio no uso do tabaco

No que se refire ás idades de inicio no tabaco, e segundo o xénero e a idade, podemos ver a táboa 1.5 seguinte.

Táboa 1.5. Idades de inicio no consumo de tabaco

Anos	Total		Homes		Mulleres	
	%	Media	%	Media	%	Media
Ata 10	0,9	9,10	0,7	8,40	1,4	9,45
De 11 a 13	12,8	11,39	12,6	11,00	13,0	11,47
De 14 a 16	45,8	13,73	44,4	13,44	48,1	13,94
De 17 a 19	26,7	15,24	26,8	15,81	26,5	14,54
De 20 e máis	13,8	16,64	15,5	16,67	11,0	16,57
Totais	100,0	16,47	100,0	16,57	100,0	16,32
Bases	(963)		(601)		(362)	

Con estes datos vemos que, aos 16 anos, xa se iniciou no uso do tabaco un 59,5%: o 57,7% nos homes e o 62,5% nas mulleres.

A idade media de inicio son os **16,47** anos; 16,57 para os homes e os 16,32 para as mulleres. Esta media de inicio no consumo de tabaco en 2004 é un pouco menor que a observada en 2002 (16,75).

Se se cruza a media de inicio coas variables de xénero e idade conxuntamente e segundo todos os grupos de estratificación da mostra, podemos ver a táboa 1.6.

Táboa 1.6. Idades medias de inicio no consumo de tabaco

	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
Xeral	16,47	14,61	15,07	16,36	16,75	17,65
Homes	16,57	15,29	14,60	16,45	16,90	17,29
Mulleres	16,32	13,98	15,59	16,27	16,49	19,84

Do mesmo modo que aconteceu noutras ocasións, nesta táboa parece, en xeral, que a media de inicio no tabaco é maior segundo aumenta a idade. Non obstante, isto non é moi determinante, pois o que ocorre é que, en xeral, canto maior é a idade, hai máis posibilidades de incorporar os inicios tardíos, o que fai que aumente a media. Con todo, cómpre destacar a precocidade das mulleres, en especial no grupo de 12-18 anos.

Ao afondar na idade de inicio, imos ver, por primeira vez no presente estudo, naqueles **fumadores diarios** que consomen tamén algunha outra substancia, a que media de idade comezaron a consumir cada unha delas. Vexamos a este respecto o seguinte:

- Idade media de inicio no tabaco: **16,47**
- Idade media dos fumadores diarios: **16,43**
- E nos fumadores diarios que consomen outras substancias, a idade media de inicio en cada unha delas é a seguinte:
 - Alcohol: 16,47
 - Cannabis: 17,67
 - Drogas de síntese: 17,90
 - Heroína: 19,21
 - Alucinóxenos: 19,86
 - Cocaína: 20,05
 - Anfetaminas: 23,59
 - Tranquilizantes: 33,99
 - Hipnóticos: 34,99

Como pode verse, a idade media de inicio no tabaco e no alcohol (nos fumadores diarios) é case a mesma. A continuación están o cannabis, as drogas de síntese, os alucinóxenos e a cocaína. Un pouco máis tarde, as anfetaminas, e, xa en idade máis avanzada, os tranquilizantes e os hipnóticos.

As proporcións dos fumadores diarios que consomen cada unha das outras substancias, e tamén de cada unha destas outras substancias entre si, poden verse con detalle no capítulo 6, que trata sobre o policonsumo.

1.2. O perfil dos consumidores de tabaco

Para proseguir na análise, a variable sobre o consumo de tabaco cruzouse coas distintas variables independentes; isto permítenos analizar o perfil dos fumadores, con especial detemento no dos fumadores diarios. Do conxunto destas variables, as máis significativas son, unha vez máis, as de xénero e idade ($P < .00000$).

Na táboa 1.7 podemos ver os resultados obtidos.

Táboa 1.7. O consumo de tabaco, segundo o xénero e a idade, en %

	Total	XÉNERO		IDADE				
		Homes	Mulleres	12/18	19/24	25/39	40/54	55 e máis
Nunca fumaron	56,2	42,5	68,8	66,1	44,0	42,4	47,5	72,5
Non fuman, antes sí	10,7	16,3	5,5	3,4	5,1	7,0	15,4	13,4
Fuman ocasionalmente	2,3	3,3	1,3	5,6	2,8	3,9	0,0	1,6
Fuman diariamente	30,8	37,9	24,4	24,9	48,1	46,7	37,1	12,5
Total	100.0	100.0	100.0	100.0	100.0	100.0	100.0	100.0
Base	(2.300)	(1.099)	(1.201)	(177)	(216)	(584)	(501)	(822)
Xénero: $\chi^2 = 177$ 3 g.l. $P < .00000$ Idade: $\chi^2 = 307$ 12 g.l. $P < .00000$								

Unha vez máis, vemos que as mulleres non fumaron nunca en maior proporción cós homes, co 68,8% e o 42,5% respectivamente. O mesmo acontece cos de 55 e máis anos, que non fumaron nunca (72,5%), seguidos dos de 12-18 (66,1%).

As maiores taxas de abandono do tabaco obsérvanse a partir dos 40 anos, cun 15,4% nos de 40-54 anos e un 13,4% nos de 55 anos en diante.

Entre os fumadores ocasionais sobresaen algo máis os homes cás mulleres (3,3% e 1,3% respectivamente) e os de 12-18 anos (5,6%).

Tomamos agora soamente os fumadores diarios, cruzámoslos polo xénero e a idade conxuntamente e temos a táboa 1.8.

Táboa 1.8. Os fumadores diarios, segundo o xénero e a idade conxuntamente, en %

	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
Homes	37,9	24,2	48,2	50,5	48,0	21,0
Mulleres	24,4	25,6	48,6	42,7	26,3	6,0
Total	30,8	24,9	48,1	46,7	37,1	12,5
Homes: $\chi^2 = 164$ 12 g.l. $P < .00000$ Mulleres $\chi^2 = 271$ 12 g.l. $P < .00000$						

Tamén aquí observamos nestas dúas táboas que todas as diferenzas nos cruzamentos son moi significativas ($P < .00000$). En consecuencia, nos fumadores diarios podemos concluír o seguinte:

- Os homes, en xeral, seguen fumando diariamente en moita maior proporción cás mulleres: 37,9% e 24,4% respectivamente. Estas proporcións son dunha distancia máis reducida que en 2002 (42% e 23,1%).
- Os grupos de idade con maiores prevalencias de fumadores, en xeral, son os de 19-24 anos (48,1%), 25-39 anos (46,7%) e 40-54 anos (37,1%).
- Segundo o xénero, podemos ver que no grupo de idade de 19-24 anos as prevalencias de fumadores diarios están bastante próximas: o 48,2% nos homes e o 48,6% nas mulleres (nestas é a súa prevalencia máis alta); nos homes, as prevalencias son aínda máis altas nos de 25-39 anos cun 50,5%. Hai que observar que, no grupo de 12-18 anos, as mulleres superan os homes: 25,6% e 24,2% respectivamente.
- Comparativamente, o dato máis importante sería a redución da distancia entre homes e mulleres: 18,9 puntos en 2002 e 13,5 en 2004, fundamentalmente por diminución do consumo dos homes (-4,1 puntos que en 2002). Nas mulleres, as fumadoras diarias aumentan significativamente no grupo de 19-24 anos (+4,4 puntos que en 2002).

Con respecto aos perfís dos fumadores diarios, na seguinte táboa 1.9 recóllense as prevalencias observadas segundo as distintas variables de clasificación con base mostral suficiente.

Segundo os datos desta táboa, no relativo ao perfil dos consumidores diarios de tabaco, ademais do xa visto por xénero e idade, cómpre sinalar o seguinte: en núcleos urbanos medios e grandes nas provincias da Coruña e Pontevedra, nas poboacións do litoral.

Os solteiros, os separados e as parellas. De nivel de estudos de bacharel e FP, e medios superiores. Os que traballan e os parados e, entre os primeiros: empresarios-directivos, profesionais-técnicos, autónomos-empregados e os traballadores.

Ao igual que vimos nos estudos anteriores, trátase dun segmento social moi amplo da sociedade galega, o cal nos indica, unha vez máis, a integración social e cultural do tabaco na poboación, e, como anteriormente sinalamos, un proceso de aproximación das prevalencias entre homes e mulleres, moi especialmente nos grupos de idade novos.

Táboa 1.9. Perfil principal dos consumidores de TABACO DIARIO

Variables	%	Variables	%
Xénero (P<.00000)		Tipo poboación (P<.02)	
Homes	37,9	Litoral	31,9
Mulleres	24,4	Interior	29,1
Idade (P<.00000)		Estado civil (P<.0000)	
12-18	24,9	Solteiros	36,0
19-24	48,1	Casados	26,1
25-39	46,7	Separados	48,9
40-54	37,1	Parellas	69,8
55 e máis	12,5	Viúvos	14,3
Hábitat (P<.00000)		Estudos (P<.00000)	
Ata 10.000 hab.	26,4	Primarios-ESO	21,1
De 10.001 a 50.000	32,5	Bacharel-FP	44,2
De 50.001 a 100.000	41,8	Medios-superiores	34,7
Máis de 100.000	29,2		
Provincia (P<.001)		Relación coa actividade (P<.00000)	
A Coruña	32,4	Traballan	41,0
Lugo	29,4	Parados	56,5
Ourense	24,7	Estudan	28,8
Pontevedra	32,4	Ama de casa	12,0
		Pensionistas	10,7
Área Sanitaria (P<.00000)		Grupo profesional ocupados (P<.04)	
A Coruña	31,8	Empresarios-directivos	55,1
O Ferrol	30,7	Profesionais-técnicos	42,3
Cervo-Burela	22,2	Autónomos-emplegados	36,5
Santiago	34,1	Traballadores	43,3
Lugo	32,8		
Pontevedra	37,6		
Vigo	30,5		
Ourense	23,5		
Monforte	25,5		
O Salnes	32,1		
O Barco	22,9		
Total	30,8	Total	30,8

Gráfico 1
O consumo de tabaco segundo o xénero e a idade






Gráfico 2
O consumo de tabaco diario segundo o xénero e a idade conxuntamente



2. O CONSUMO DE ALCOHOL

Introdución

Malia o tabaco ser a substancia psicoactiva máis consumida a diario, o alcohol éo en xeral. Segundo a enquisa domiciliaria do PNSD de 2003, un 64,1% da poboación española de 15-64 anos tomou alcohol no último mes. En Galicia en 2004, en poboación de 12 anos en diante, o consumo de alcohol neste período de tempo foi dun 57,8%.

Tanto no ámbito nacional como en Galicia experimentase un lixeiro aumento do consumo de alcohol no último mes; no ámbito nacional, de +2,3 puntos con respecto a 1999, e, en Galicia, de +2,6 puntos en relación con 2002.

No que se refire aos bebedores abusivos, temos un colectivo de certa importancia: o 8,6% en 2001 * no ámbito nacional e o 7,6% en Galicia. E tamén aquí se observa certo incremento con respecto á enquisa anterior en cada caso: +1,7 puntos no ámbito nacional e de +2,4 puntos en Galicia. Nesta comunidade, este incremento débese principalmente ao aumento do consumo abusivo dos varóns en +2 puntos e ao das mulleres en +2,6; así como no grupo de idade de 19-24 anos (+1,8) e no de 40-54 anos (+4,9).

Á análise detida de todas estas cuestións imos dedicar o presente capítulo, no que incluiremos tamén os distintos patróns de consumo (en días laborables e de fin de semana), os perfís dos bebedores abusivos, os inicios no consumo de alcohol (e outras substancias asociadas), así como un amplo apartado dedicado ao botellón (cantos e quen o realizan, grao de satisfacción, consumo doutras substancias, problemas derivados do botellón).

Vexamos, a continuación, a análise en detalle de toda esta información.

2.1. O consumo de alcohol no último mes, frecuencias e perfís

a) No último mes e frecuencia de consumo:

O 42,2% da poboación galega de 12 e máis anos non bebeu no último mes, mentres que un 57,8% si o fixo. A distribución, segundo a frecuencia, sería a seguinte:

* Os datos de bebedores abusivos en 2003 no ámbito nacional aínda non estaban dispoñibles no momento de redactar este informe.

Táboa 2.1. Consumo de alcohol no último mes e frecuencia

	%
Non consumiu	42,2
Unha vez ao mes	3,4
Dúas a tres veces ao mes	6,7
Unha a dúas veces á semana	17,2
Tres a catro veces á semana	4,1
Cinco a seis veces á semana	2,7
Diariamente	23,7
Total	100,0
Base	(2.300)

Un 23,7% tomou alcohol (no último mes) diariamente, outro 6,8% fixoo cunha frecuencia entre tres e seis veces á semana, o 27,3% restante fixoo cunhas frecuencias menores.

O consumo de alcohol en Galicia no último mes aumentou en 2,6 puntos porcentuais, tal como sinalamos na introdución.

Se agrupamos as distintas frecuencias nas tres básicas, podemos ver a seguinte táboa 2.2.:

Táboa 2.2. Frecuencias básicas de consumo de alcohol no último mes

	%
Non beberon	42,2
Frecuencia baixa (ata 3 veces ao mes)	10,2
Frecuencia media (1 a 4 veces semana)	21,3
Frecuencia alta (5-6 veces semana e diario)	26,3
Total	100,0
Base	(2.300)

Segundo estes datos, un 10,2% é bebedor de frecuencia **baixa**, outro 21,3% éo de frecuencia **media**, mentres que un 26,3% bebe en frecuencia **alta**.

b) Perfís nas frecuencias

Segundo as variables máis significativas ($P < .00000$), o xénero e a idade, podemos ver a táboa 2.3 seguinte.

Táboa 2.3. Frecuencias no consumo de alcohol segundo xénero e idade

	Total	XÉNERO		IDADE				
		Homes	Mulleres	12/18	19/24	25/39	40/54	55 e máis
Ata 3 veces ao mes	10,2	9,6	10,5	14,1	18,0	15,7	5,4	6,0
De 1 a 4 veces semana	21,3	27,2	15,9	29,4	37,3	31,5	22,5	7,3
A diario ou case a diario	26,3	38,7	15,2	2,3	10,1	15,7	36,5	37,4
Non beberon no último mes	42,2	24,1	58,4	54,2	34,6	37,1	35,6	49,3
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Base	(2.300)	(1.099)	(1.201)	(177)	(216)	(584)	(501)	(822)
Xénero : $\chi^2 = 312$ 3 g.l. $P < .00000$ Idade : $\chi^2 = 368$ 12 g.l. $P < .00000$								

A partir dos datos desta táboa, podemos ver que os que non beberon no último mes e os que o fixeron en cada unha das tres frecuencias ou patróns son principalmente os seguintes:

Non beberon no último mes (42,2%):

As mulleres (58,4%), os de 12 a 18 anos (54,2%), os de 25-39 anos (37,1%) e os de 55 e máis anos (49,3%).

Frecuencia baixa (ata 3 veces ao mes) (10,2%):

Homes e mulleres case por igual (9,6% e 10,5% respectivamente), os de 12 a 18 anos (14,1%), os de 19 a 24 (18%) e os de 25-29 anos (15,7%).

Frecuencia media (de 1 a 4 veces á semana) (21,3%):

Os homes (27,2%), os de 12 a 18 anos (29,4%), os de 19 a 24 anos (37,3%) e os de 25 a 39 anos (31,5%).

Frecuencia alta (a diario ou casi a diario) (26,3%):

Os homes (38,7%), os de 25 a 39 anos (15,7%), os de 40 a 54 (36,5%) e os de 55 e máis anos (37,4%).

Continuando no mesmo patrón de consumo que nos anteriores estudos, vemos que no patrón de consumo **esporádico** ou de baixa frecuencia aínda atopamos un segmento importante dos de 12 a 18 anos (dos que máis da metade tampouco beberon no último mes) e dos de 19 a 24 anos nun 34,6%. Estes dous grupos de idade, xunto aos de 25 a 39 anos, son os principais bebedores en frecuencia media, que sería basicamente o patrón de **fin de semana**. E este último grupo de idade sería tamén o de transición ao patrón de consumo **habitual**, é dicir, o de a diario ou case a diario, que alcanza as súas prevalencias máis altas

nos dous grupos de idade seguintes: os de 40 a 54 anos e os de 55 e máis anos, nos que se alcanza un 36,5% e un 37,4% de bebedores de a diario ou case a diario.

No relativo ao xénero, no caso dos homes, as maiores prevalencias están nas frecuencias media e alta, mentres que as mulleres son prevalentes no non consumo e na frecuencia baixa. Este modelo de patróns de consumo de alcohol é, en esencia, tanto no referido á idade coma ao xénero, o mesmo que xa observamos no estudo de 2000 e no de 2002, polo que nos atopamos ante uns patróns de consumo de bebidas alcohólicas bastante estable.

No relativo ás restantes variables independentes podemos ver a táboa 2.4.

Táboa 2.4. Frecuencias de consumo de alcohol no último mes segundo as restantes variables independentes (P<.05 a P<.0001)

Variables	%	Variables	%
Non beberon no último mes	42,2	Frecuencia media	21,3
Casados	42,5	Solteiros	36,1
Separados	46,3	Viven en parella	22,6
Viúvos	66,9	Separados	17,9
De baixo nivel educativo	49,1	Medios e superiores	30,2
Estudantes	46,2	Estudantes	33,0
Amas de casa	70,7	Traballan	26,3
Pensionistas	41,9	Parados	32,1
En Ourense	49,3	Profesionais e funcionarios	34,0
Nos habitats de ata 10.000	47,1	Empresarios	36,7
10.001-50.000	43,8	Poblaciones 50.000-100,000	33,0
		Nas provincias de:	
		A Coruña	19,4
		Lugo	23,2
		Pontevedra	26,0
Frecuencia baixa	10,2	Frecuencia alta	26,3
Solteiros	15,6	Casados	35,4
Parellas	18,9	Separados	24,6
De nivel educativo medio-alto	18,5	Parellas	30,2
Estudantes	17,0	De nivel educativo medio-baixo e medio	31,9
Empresarios	22,4	Traballan	21,1
Parados	17,4	Traballan	31,5
En poboacións de 50.000-100,000 e máis de 100,000	11,3	Parados	26,6
	16,4	Pensionistas	38,0

Variables	%	Variables	%
Nas provincias de:		Profesionais e funcionarios	27,4
A Coruña	13,0	Autónomos	32,0
Pontevedra	8,9	Obreiros	35,8
		En todos os habitats e especialmente en poboacións de ata 10.000 h	33,0
		e de máis de 100,000	22,1
		Nas provincias de:	
		Pontevedra	26,6
		Lugo	28,0
		Ourense	30,3

Segundo os datos da táboa 2.4, podemos ver que, entre os que **non beberon** no último mes, atopamos separados, viúvos e casados. De baixo nivel educativo e, principalmente, pensionistas, amas de casa e estudantes. Nos hábitats pequenos e medios. E entre os de **frecuencia baixa**, ou patrón **esporádico**, destacan os solteiros e as parellas, de nivel educativo medio-alto, estudantes, parados e empresarios. En poboacións urbanas medio-grandes.

Con respecto ás dúas frecuencias ou patróns de consumo máis importantes, vemos o seguinte: na frecuencia media ou patrón básico de **fin de semana**, destacan os solteiros e os que viven en parella. De nivel educativo medio-alto. Estudantes, ocupados e parados, e entre os ocupados: profesionais, funcionarios e empresarios. E, principalmente, nas grandes poboacións urbanas medias e grandes.

Por último, os de frecuencia alta ou patrón de consumo **habitual** son especialmente: casados, separados e parellas. De nivel educativo medio-baixo e medio. Ocupados, parados e pensionistas; e entre os primeiros, profesionais e funcionarios, autónomos e obreiros. En todos os hábitats, pero principalmente no medio rural e nos núcleos urbanos grandes.

E na liña do observado en estudos anteriores, podemos concluir que o patrón de **fin de semana** é basicamente xuvenil. De bo nivel educativo. Estudantes e parados e un segmento de ocupados. E é un fenómeno principalmente urbano. Mentres que o patrón **habitual** é máis adulto e xeral: en parados e distintos grupos profesionais, así como en xubilados e pensionistas. En todos os hábitats (e tamén especialmente no rural e urbano grande).

De novo, polo que máis adiante veremos, é necesario sinalar o que xa indicamos nos estudos anteriores: "non hai que confundir a frecuencia no consumo de alcohol co consumo abusivo, pois unha frecuencia pode ser alta (a diario, por exemplo) e a cantidade de bebida ingerida no seu equivalente en alcohol puro moi baixa (un vaso de viño nas comidas, unha cervexa...). E, pola contra, a frecuencia pode ser menor (unha, dous ou tres veces por semana...) e a inxestión de alcohol moi alta (licores, augardentes, combinados...). Xeralmente os primeiros tipos de consumo non adoitan presentar ningunha problemática seria, mentres os segundos si o fan".

A continuación veremos con detalle os tipos de bebidas tomadas e a súa cantidade de alcohol puro, así como a tipoloxía de bebedores, con especial referencia aos abusivos e os seus perfís sociodemográficos.

2.2. OS TIPOS DE BEBIDAS E A CANTIDADE DE ALCOHOL CONSUMIDO. TIPOLOXÍA DE BEBEDORES

No relativo ao tipo de bebidas consumidas no día anterior á entrevista (durante o mes e medio que durou o traballo de campo, incluídas as correspondentes fins de semana), os resultados obtidos son os que se recollen na táboa 2.5 seguinte.

Táboa 2.5. Tipos de bebidas consumidas

Tipos de bebidas	% xeral	% sen os que non beberon
Ningunha	61,5	—
Cervexa	17,0	44,2
Viño (vasos pequenos)	19,2	49,8
Viño (vasos grandes)	6,3	16,4
Licores (coñac, anís, xenebra e outros similares)	1,5	3,9
Whisky	3,0	7,8
Combinados	3,5	9,1
Vermú, aperitivos, finos	0,8	2,1
Augardentes	0,3	0,8
Champaña-Cava	0,1	0,3
Total	113,2*	134,4*
Base	(2.300)	(886)

* Suma máis de cen por ser resposta múltiple, pois moitos entrevistados consumiron nun mesmo día máis dunha clase de bebida.

No conxunto de entrevistados, un 61,5% non tomou ningunha bebida alcohólica no día anterior á entrevista e un 38,5% si o fixo. Entre estes últimos, a media de bebidas distintas foi de 1,34 por bebedor. Ao comparar estes datos cos de 2002, vemos que o consumo de alcohol no día anterior é, en 2004, algo menor, pois entón indicaron que beberan un 34,6%, se ben a media de bebidas é menor (1,41 en 2002 e 1,34 en 2004).

Do mesmo modo que nos estudos anteriores, o viño e a cervexa seguen sendo as bebidas máis consumidas; o primeiro tomárono case cinco bebedores de cada dez e a segunda catro. As bebidas de maior graduación alcohólica (licores, whisky, combinados, augardentes...) tomáronas tres bebedores de cada dez. Esta estrutura é moi similar á observada en 2000 e 2002, polo que tamén nos atopamos nunha estrutura de hábitos de consumos de bebidas bastante estables. Quizais o dato máis diferencial sexa o aumento da cervexa, que pasa dun 13,2% en 2002 ao 17% en 2004.

Segundo formulamos nos estudos anteriores, "o consumo das diferentes bebidas hai que relacionalo coa súa graduación alcohólica e, unha vez calculada a súa equivalencia en alcohol puro, segundo a cantidade tomada por cada bebedor daquelas bebidas que consumiu, podemos ver de que tipos de bebedores se trata".

Para o efecto de facer estas conversións, tívoise en conta o seguinte cadro de equivalencias:

Tipos básicos de bebidas ¹	Capacidade dun vaso ou copa en ml.	Equivalente en alcohol puro en ml.
Viño ou champaña	100	12,00
Cervexa ou sidra	200	10,00
Vermú ou aperitivos (xerez, finos, amontillados, oporto, etc.)	70	12,60
Licores de froitas	45	11,25
Licores fortes sós (coñac, anís, xenebra, whisky, augardente)	45	18,00
Combinados ou cubatas	70	28,00

Despois de realizadas estas conversións, segundo a inxestión de alcohol puro por persoa e día, os resultados obtidos clasifícanse segundo a seguinte tipoloxía de bebedores utilizada xa noutros estudos².

Tipoloxía	ML. DE ALCOHOL	
	Homes	Mulleres
Abstinentes	0	0
Lixeiros	1 a 25	1 a 25
Moderados	26 a 75	26 a 50
Altos	76 a 100	51 a 75
Excesivos	101 a 150	76 a 100
Gran risco	Más de 150	Más de 100

1 Estas capacidades e equivalencias alcohólicas dos distintos tipos básicos de bebidas utilizáronse na enquisa domiciliaria sobre uso de drogas de 1995, do PNSD (páxina 79), e nos anteriores estudos en Galicia (1996 e 1998). E seguiron utilizándose nas enquisas domiciliares nacionais e noutras comunidades autónomas.

2 No estudo Hábitos de consumo de alcohol de la población adulta española. Gallup-Ministerio de Sanidade e Consumo. 1984. No estudo El consumo de drogas en España. EDIS-Cruz Vermella Española. Ministerio de Trabajo e Seguridade Social. 1984. Nas Drogodependencias en el mundo laboral en España. UXT-EDIS. 1987. E na Incidencia de las drogas en el mundo laboral. FAD-EDIS. 1996. Nos estudos rexionais El consumo de drogas en Aragón. EDIS-DGA. 1986. Los andaluces ante la droga. EDIS-Comisionado para a Droga. 1987-2002. Perfiles de riesgo en el consumo de drogas en Madrid. EDIS-CAM. 1988. Las drogas en Galicia. EDIS-Xunta de Galicia. 1988-2002. El consumo de drogas y factores asociados en la Comunidad Valenciana. FAD-EDIS. Plan Autonómico sobre Drogodependencias. 1996. El consumo de drogas en el municipio de Madrid. Concello de Madrid-EDIS. 1998. E en Las drogas en el mundo laboral de Andalucía EDIS-Comisionado para a Droga. 1998. El consumo de drogas en la Comunidad Valenciana 1997-2002.

3 Segundo os criterios da Dirección Xeral de Saúde Pública, recollidos no Informe n.º 4 (páxina 33) do Observatorio Español sobre Drogas.

Esta tipoloxía en ml ou cc de alcohol puro tamén pode realizarse noutras unidades de medida, como gramos ou unidades básicas estándar (UBE). No cadro seguinte, podemos ver a equivalencia dos tres tipos de unidades:

Cadro A. Tipo de bebedores segundo o consumo diario en ml/cc gramos ou UBE³

Tipo de Bebedores	Varóns			Mulleres		
	ml./cc.	gr.	UBE	ml./cc	gr.	UBE
1. Abstinentes	0	0	0	0	0	0
2. Lixeiros	1-25	0.8-20	1-2	1-25	0.8-20	1-2
3. Moderados	26-75	21-60	3-6	26-50	21-40	3-4
4. Altos	76-100	61-80	7-8	51-75	41-60	5-6
5. Excesivos	101-150	81-120	9-12	76-100	61-80	7-8
6. Gran risco	+150	+120	+12	+100	+80	+8

Indistintamente en calquera destas equivalencias, segundo os datos da presente enquisa, a tipoloxía de bebedores en Galicia en poboación de doce anos en diante sería a que se recolle na táboa seguinte.

Táboa 2.6. Tipoloxía de bebedores en Galicia

Tipoloxía	%
Abstinentes	61,5
Lixeiros	15,1
Moderados	15,8
Altos	3,2
Excesivos	2,9
Gran risco	1,5
Total	100,0
Base	(2.300)

Acumuladas as porcentaxes dos bebedores altos, excesivos e gran risco, vemos que a prevalencia de **bebedores abusivos** en Galicia, en poboación de doce anos en diante, sería en 2004 dun **7,6%** de media xeral á semana. Dun modo analizado, segundo o tipo de día da semana que se trate (laborables e de fin de semana), as prevalencias específicas serían as seguintes:

Días laborables:	7,7
Días fin semana	7,4
Media xeral	7,6

Como pode verse, os consumos abusivos nos días laborables e nos de fin de semana son moi parecidos, con lixeiras oscilacións relativas dun estudo a outro.

Se se compara a prevalencia de bebedores abusivos en media xeral coas dos estudos anteriores, temos a táboa seguinte:

Táboa 2.7. Evolución do consumo abusivo de alcohol, 1988 a 2004, en %

Anos	%
1988	10,7
1992	10,8
1994	10,5
1996	8,4
1998	6,9
2000	8,5
2002	5,2
2004	7,6

Segundo estes datos, observamos que a prevalencia de bebedores abusivos se incrementou en **+2,4** puntos con respecto a 2002, aínda que se sitúa por debaixo dos de 2000. No ámbito nacional, o incremento entre as dúas últimas enquisas dispoñibles con este dato (1999 e 2001) é de +1,7 puntos.

No seguinte cadro B podemos ver a evolución dos bebedores abusivos en distintos estudos e ámbitos.

Cadro B. Evolución das prevalencias de bebedores abusivos en distintos estudos

Ámbito de poboación e idades	Ano	% bebedores abusivos
Nacional (poboación laboral) (16-65 anos)	1987	19,5
Nacional (poboación laboral) (16-65 anos)	1996	14,0
Nacional (poboación xeral) (15-65 anos)	1997	
* días laborables		9,9
* días fin semana		10,1
Nacional (poboación xeral) (15-65 anos)	1999	6,9
* días laborables		6,0
* días fin semana		7,0
Nacional (15-64 anos)	2001	8,6
Andalucía (12 e máis anos)	1994	9,5
Galicia (12 e máis anos)	1994	10,5
Andalucía (12 e máis anos)	1996	7,8
Galicia (12 e máis anos)	1996	8,4
Comunidad Valenciana (15 e máis anos)	1996	7,0
Andalucía (12 e máis anos)	1998	6,5
Galicia (12 e máis anos)	1998	6,9
Comunidad Valenciana (15 e máis anos)	1998	6,1
Andalucía (12 e máis anos)	2000	7,8
Galicia (12 e máis anos)	2000	8,5
Galicia (12 e máis anos)	2002	5,2
Galicia (12 e máis anos)	2004	7,6

Como pode verse, o consumo abusivo de alcohol, incluído o conxunto nacional, sitúase entre o 6,1% e o 8,6%, polo que Galicia estaría, en liñas xerais, na banda media.

Se se cruza a tipoloxía de bebedores coa variable de frecuencias de consumo no último mes (vista na táboa 2.2), podemos ver o seguinte:

Táboa 2.8. Frecuencias no consumo de alcohol no último mes segundo a tipoloxía de bebedores

Frecuencias	Total	Abstinentes	Lixeiros	Moderados	Altos	Excesivos	Gran Risco
Ata tres veces ao mes	10,2	12,3	7,2	4,9	5,4	15,2	5,9
De 1 a 4 veces á semana	21,3	17,6	32,0	26,3	18,9	12,1	35,3
A diario ou case a diario	26,3	1,6	60,8	68,8	75,7	72,7	58,8
Non beberon no último mes	42,2	68,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Totais	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Bases	(2.300)	(1.414)	(347)	(365)	(74)	(66)	(34)
x ² = 1537 15 g.l. P<.00000							

Segundo estes datos, cuxa significatividade é moi alta (P<.00000), podemos destacar o seguinte:

- Dos **abstinentes** no día anterior á entrevista, un **68,5%** tampouco bebeu **ningún** outro día ao longo do último mes.
- Dos **lixeiros**, o **32%** bebeu de 1 a 4 veces por semana e o **60,8%** fíxoo a diario ou case a diario.
- Dos moderados, o **26,3%** bebeu de 1 a 4 veces por semana e o **68,8%** fíxoo a diario ou case a diario.
- Dos **altos**, o **18,9%** bebeu de 1 a 4 veces por semana e o **75,7%** fíxoo a diario ou case a diario.
- Dos **excesivos**, o **12,1%** bebeu de 1 a 4 veces por semana e o **72,7%** fíxoo a diario ou case diario.
- E dos de **gran risco**, o **35,3%** bebeu de 1 a 4 veces por semana e o **58,8%** fíxoo a diario ou case a diario.

Se consideramos agora como referencia os bebedores **abusivos** (altos+excesivos+gran risco) e se reconvertemos as porcentaxes da táboa 2.8 nas súas prevalencias con respecto ao total da mostra, podemos ver o seguinte:

Táboa 2.9. Proporción de bebedores abusivos (sobre total mostra) que beberon en cada frecuencia no último mes

	%
Ata tres veces ao mes	0,7
De 1 a 4 veces á semana	1,5
A diario ou case a diario	5,4
Total bebedores abusivos	7,6

A partir destes datos, vemos que algo máis de dous terzos dos bebedores abusivos (5,4% sobre 7,6%) beberon no último mes no patrón de **diario ou case a diario**; case un **terzo** (1,5%) fíxoo no patrón de **fin de semana**; mentres que tan só un 0,7% o fixo no patrón **esporádico**.

En termos relativos teríamos, pois, que un **7,6%** sería bebedor **abusivo**, o que en termos absolutos (sobre a poboación galega de doce anos en diante) suporía, de forma aproximada, unhas **190.000** persoas. Deles, o grupo de **maior risco alcohólico** sería o **5,4%** de bebedores abusivos de alta frecuencia, aproximadamente uns 135.000. E, por último, teríamos como outro grupo de **alto risco** os bebedores abusivos do patrón de frecuencia media (o **1,5%**), que serían outros 37.600.

O grupo de bebedores abusivos de **risco menor** sería o **0,7%** que bebeu no patrón **esporádico**, e que serían outras 17.400 persoas.

Se se ten en conta a inxestión media en ml/día na media xeral e en días laborables e de fin de semana, podemos ver en porcentaxes sobre o total da poboación de 12 anos en diante, e só nos bebedores, os seguintes datos:

Cadro 1. Patrón de consumo de alcohol no conxunto da poboación e nos bebedores

CONSUMO MEDIO DIARIO			
Tipoloxía	% P	% B	ml. alcohol
Abstinentes	61,5	—	0,00
Lixeiros	15,1	39,3	15,59
Moderados	15,8	41,0	39,71
Altos	3,2	8,3	82,26
Excesivos	2,9	7,5	100,74
Gran Risco	1,5	3,9	222,46
Total	100,0	100,0	45,31

CONSUMO MEDIO EN DÍAS LABORABLES			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	61,4	—	0,00
Lixeiros	13,2	34,4	16,28
Moderados	17,7	45,8	41,01
Altos	3,3	8,5	85,09
Excesivos	2,8	7,2	101,91
Gran Risco	1,6	4,1	202,32
Total	100,0	100,0	46,89

CONSUMO MEDIO EN DÍAS DE FIN DE SEMANA			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	61,7	—	0,00
Lixeiros	17,5	45,8	14,90
Moderados	13,4	34,9	37,45
Altos	3,1	8,1	78,43
Excesivos	2,9	7,6	99,31
Gran Risco	1,4	3,6	250,43
Total	100,0	100,0	43,21

P = Poboación xeral
B = Só bebedores

Cadro 2. Patrón de consumo de alcohol (12 a 18 anos)

CONSUMO MEDIO DIARIO			
Tipoloxía	% P	% B	ml. alcohol
Abstinentes	88,1	—	0,00
Lixeiros	4,0	33,7	13,28
Moderados	4,5	37,8	35,59
Altos	0,6	5,0	79,57
Excesivos	1,1	9,2	106,56
Gran Risco	1,7	14,3	153,93
Total	100,0	100,0	53,47

CONSUMO MEDIO EN DÍAS LABORABLES			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	89,0	—	0,00
Lixeiros	3,0	27,3	13,81
Moderados	5,0	45,4	36,96
Altos	1,0	9,1	84,77
Excesivos	1,0	9,1	99,28
Gran Risco	1,0	9,1	165,81
Total	100,0	100,0	55,90

CONSUMO MEDIO EN DÍAS DE FIN DE SEMANA			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	86,9	—	0,00
Lixeiros	5,3	40,5	12,79
Moderados	3,8	29,0	33,56
Altos	0,1	0,8	66,85
Excesivos	1,3	9,9	120,00
Gran Risco	2,6	19,8	143,31
Total	100,0	100,0	50,47

P = Poboación xeral
B = Só bebedores

Cadro 3. Patrón de consumo de alcohol (19 a 24 anos)

CONSUMO MEDIO DIARIO			
Tipoloxía	% P	% B	ml. alcohol
Abstinentes	72,4	—	0,00
Lixeiros	8,8	31,9	15,65
Moderados	8,7	31,5	36,41
Altos	3,2	11,6	75,83
Excesivos	3,2	11,6	106,48
Gran Risco	3,7	13,4	167,15
Total	100,0	100,0	61,49

CONSUMO MEDIO EN DÍAS LABORABLES			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	70,4	—	0,00
Lixeiros	8,9	30,0	15,34
Moderados	9,6	32,5	33,51
Altos	3,7	12,5	75,10
Excesivos	3,7	12,5	106,22
Gran Risco	3,7	12,5	174,04
Total	100,0	100,0	60,20

CONSUMO MEDIO EN DÍAS DE FIN DE SEMANA			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	77,4	—	—
Lixeiros	7,5	33,1	16,24
Moderados	6,3	27,9	43,70
Altos	2,5	11,1	77,33
Excesivos	2,5	11,1	107,11
Gran Risco	3,8	16,8	155,79
Total	100,0	100,0	64,21

P = Poboación xeral
B = Só bebedores

Cadro 4. Patrón de consumo de alcohol (25 a 39 anos)

CONSUMO MEDIO DIARIO			
Tipoloxía	% P	% B	ml. alcohol
Abstinentes	66,3	—	0,0
Lixeiros	12,3	36,6	14,92
Moderados	14,9	44,2	38,44
Altos	2,9	8,6	71,85
Excesivos	2,1	6,2	104,04
Gran Risco	1,5	4,4	307,94
Total	100,0	100,0	49,41

CONSUMO MEDIO EN DÍAS LABORABLES			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	62,4	—	0,00
Lixeiros	12,3	32,7	14,39
Moderados	19,3	51,3	38,35
Altos	3,2	8,5	73,50
Excesivos	1,9	5,1	106,19
Gran Risco	0,9	2,4	196,64
Total	100,0	100,0	41,13

CONSUMO MEDIO EN DÍAS DE FIN DE SEMANA			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	71,3	—	0,00
Lixeiros	12,1	42,2	15,57
Moderados	9,8	34,1	38,65
Altos	2,6	9,1	69,65
Excesivos	1,9	6,6	101,40
Gran Risco	2,3	8,0	365,26
Total	100,0	100,0	62,26

P = Poboación xeral
B = Só bebedores

Cadro 5. Patrón de consumo de alcohol (40 a 54 anos)

CONSUMO MEDIO DIARIO			
Tipoloxía	% P	% B	ml. alcohol
Abstinentes	52,2	—	0,00
Lixeiros	20,4	42,3	16,46
Moderados	17,2	36,4	40,04
Altos	4,6	9,6	84,41
Excesivos	4,8	10,0	99,90
Gran Risco	0,8	1,7	171,64
Total	100,0	100,0	42,36

CONSUMO MEDIO EN DÍAS LABORABLES			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	51,0	—	0,00
Lixeiros	17,3	35,2	18,00
Moderados	20,1	41,0	42,21
Altos	4,8	9,8	91,50
Excesivos	6,5	13,3	100,94
Gran Risco	0,3	0,7	156,00
Total	100,0	100,0	46,81

CONSUMO MEDIO EN DÍAS DE FIN DE SEMANA			
Tipoloxía	% P,	% B,	ml. alcohol
Abstinentes	54,4	—	0,00
Lixeiros	24,5	37,8	14,93
Moderados	13,0	28,5	35,27
Altos	4,3	9,4	72,98
Excesivos	2,4	5,3	96,00
Gran Risco	1,4	3,0	175,81
Total	100,0	100,0	35,65

P = Poboación xeral
B = Só bebedores

Cadro 6. Patrón de consumo de alcohol (55 anos en diante)

CONSUMO MEDIO DIARIO			
Tipoloxía	% P	% B	ml. alcohol
Abstinentes	55,1	—	0,00
Lixeiros	17,9	39,9	15,42
Moderados	20,1	44,8	40,79
Altos	3,2	7,1	89,31
Excesivos	2,6	5,8	97,38
Gran Risco	1,1	2,4	231,00
Total	100,0	100,0	41,89

CONSUMO MEDIO EN DÍAS LABORABLES			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	58,9	—	0,00
Lixeiros	14,8	36,0	16,38
Moderados	20,4	49,6	43,27
Altos	2,8	6,8	90,66
Excesivos	1,1	2,7	96,00
Gran Risco	2,0	4,9	231,00
Total	100,0	100,0	47,15

CONSUMO MEDIO EN DÍAS DE FIN DE SEMANA			
Tipoloxía	% P.	% B.	ml. alcohol
Abstinentes	50,0	—	0,00
Lixeiros	22,1	44,2	14,60
Moderados	19,9	39,8	37,54
Altos	3,6	7,2	87,92
Excesivos	4,4	8,8	97,79
Gran Risco	0,0	0,0	0,00
Total	100,0	100,0	36,41

P = Poboación xeral
B = Só bebedores

Se tomamos os datos da táboa 2.6 (tipoloxía de bebedores) e os dos cadros 1 a 6, podemos afondar no consumo de alcohol en Galicia nunha serie de cuestións de certa relevancia.

Con respecto ao que se refire á inxestión de alcohol puro en mililitros, en media diaria, no **38,5%** da poboación que bebeu no día anterior á entrevista, podemos ver a seguinte táboa:

Táboa 2.10. Medias diarias de alcohol en mililitros entre os que beberon

	%	Mililitros alcohol
Lixeiros	15,1	15,59
Moderados	15,8	39,71
Altos	3,2	82,26
Excesivos	2,9	100,74
Gran risco	1,5	222,46
Total	38,5	45,31

Dun modo xeral, a media diaria de consumo de alcohol do conxunto de bebedores en 2004 foi de 45,31 ml por bebedor, cantidade un pouco maior á observada en 2002, que era de 42,37 ml. Como pode verse, a estrutura interna do consumo é moi diferenciada, indo dos 15,59 ml dos bebedores lixeiros aos 222,46 ml dos de gran risco.

En función dos días da semana, a media de alcohol consumido sería a seguinte:

Días laborables	46,89
Días fin de semana	43,21
Promedio Xeral diario	45,31

As devanditas medias son algo maiores ás observadas no estudo de 2002 (laborables: 43,59 ml; fin semana: 39,94 ml; e media xeral: 42,37 ml). Ademais mantense o consumo en días laborables con respecto aos de fin de semana, e nesta ocasión é maior o daqueles có destes, aínda que certamente con diferenzas moi pequenas.

Segundo a idade, podemos ver o seguinte:

Táboa 2.11. Media de consumo de alcohol en días laborables e de fin de semana segundo a idade

Idade	Ml. alcohol en días laborables	Ml. alcohol en días fin de semana
12-18	55,90	50,47
19-24	60,20	64,21
25-39	41,13	62,26
40-54	46,81	35,65
55 e máis	47,15	36,41

Comparativamente, os de 19 a 24 anos e os de 25 a 39 anos beben máis cantidade de alcohol as fins de semana, con 64,21 ml e 62,26 ml respectivamente; mentres que os de 40-54 e 55 e máis anos beben máis nos días laborables, con 41,13 ml e 46,81 ml respectivamente. O grupo de idade máis novo (12-18 anos) bebe máis cantidade a diario que na fin de semana (55,90 ml e 50,47), contrariamente ao observado en 2002.

Con respecto ao xénero, podemos ver as seguintes inxestións de alcohol:

Táboa 2.12. Media de consumo en días laborables e de fin de semana segundo o xénero

Xénero	Ml. alcohol en días laborables	Ml. alcohol y fin de semana
Homes	50,75	46,21
Mulleres	35,72	37,21

Ao igual que en 2000 e en 2002, se ben as mulleres incrementan algo o consumo de alcohol nos días de fin de semana, en xeral están por debaixo do consumo dos homes tanto nestes días festivos como nos laborables, aínda que os homes beben máis nos días laborables e as mulleres nos de fin de semana o que, diferenzas de cantidade á parte, indica uns patróns de consumo bastante estables.

Se se consideran como indicadores básicos do consumo de alcohol, na media **diaria xeral**, por unha parte, e na **proporción de bebedores**, por outra, podemos ver o seguinte:

Táboa 2.13. Medias diarias de consumo de alcohol e proporción de bebedores segundo o xénero e a idade

	Promedio diario en ml.	% de bebedores
Homes	49,23	55,8
Mulleres	36,50	22,7
12-18	53,47	11,9
19-24	61,49	27,6
25-39	49,41	33,7
40-54	42,35	47,8
55 e máis	41,89	44,9
Totais	45,31	38,5

A partir destes datos vemos que, no día anterior, as mulleres beben en menor proporción cós homes (22,7% e 55,8% respectivamente); ao tempo que inxiren menor cantidade de alcohol (36,50 ml elas por 49,23 ml eles). E, por idades, os que beben en maior proporción son os de 40 a 54 anos (47,8%), os de 55 e máis (44,9%); aínda que os que inxiren unha maior cantidade de alcohol cando beben son os de 19 a 24 anos (61,49 ml de media e o 27,6% de bebedores).

Estes patróns de consumo son, en esencia, os mesmos que os observados en 1998, en 2000 e en 2002: os de idades medias e maiores son os que, en maior proporción e cantidade, beben especialmente os días laborables, mentres que os máis novos, aínda que non os superan en proporción, si os superan en cantidade media de alcohol nos días de fin de semana. Non obstante, hai que sinalar en 2004 dúas singularidades: unha delas é que, aínda

que o grupo de 12 a 18 anos bebe maior cantidade que en 2002, diminúe a proporción de bebedores (16,6% en 2002 e 11,9% en 2004). E outra é o aumento de bebedores tanto en homes (+5,8 puntos) coma en mulleres (+2,2 puntos). Cuestións que, xunto ao aumento da media en ml (+2,94 ml), se relacionan co aumento de bebedores abusivos.

No relativo aos perfís dos distintos consumos, podemos ver o seguinte punto 2.3.

2.3. PERFIL DOS BEBEDORES ABUSIVOS

Como vén sendo habitual nos cruzamentos da tipoloxía de bebedores coas distintas variables independentes, as diferenzas máis significativas observadas foron as de xénero e idade ($P < .00000$). Os resultados obtidos son os que se recollen na táboa seguinte:

Táboa 2.14. Tipoloxía de bebedores, segundo o xénero e a idade, en %

Frecuencias	Total	XÉNERO		IDADE				
		Homes	Mulleres	12/18	19/24	25/39	40/54	55 e máis
Abstinentes	61,5	44,2	77,3	88,1	72,4	66,3	52,2	55,1
Lixeiros	15,1	23,6	7,3	4,0	8,8	12,3	20,4	17,9
Moderados	15,8	21,9	10,3	4,5	8,7	14,9	17,2	20,1
Altos	3,2	5,2	1,4	0,6	3,2	2,9	4,6	3,2
Excesivos	2,9	2,6	3,1	1,1	3,2	2,1	4,8	2,6
Gran risco	1,5	2,5	0,6	1,7	3,7	1,5	0,8	1,1
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Base	(2.300)	(1.099)	(1.201)	(177)	(216)	(584)	(501)	(802)
Xénero: $\chi^2 = 290$ 3 g.l. $P < .00000$ Idade: $\chi^2 = 133$ 12 g.l. $P < .00000$								

Se cruzamos os bebedores abusivos (altos+excesivos+gran risco) co xénero e a idade conxuntamente, obtemos a táboa seguinte.

Táboa 2.15. Os bebedores abusivos, segundo o xénero e a idade conxuntamente, en %

	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
Homes	10,3	3,3	12,9	7,9	14,0	10,3
Mulleres	5,1	3,5	8,4	5,4	6,0	4,1
Total	7,6	3,4	10,1	6,5	10,2	6,9
Homes: $\chi^2 = 156$ 20 g.l. $P < .00000$ Mulleres: $\chi^2 = 51$ 20 g.l. $P < .00000$						

Segundo podemos ver, as diferenzas observadas nestas dúas táboas son moi significativas. Delas cómpre sinalar o seguinte:

- Os máis **abstinentes** son as mulleres (77,3%) e os de 12-18 anos (88,1%).
- Os principais bebedores **lixeiros** e **moderados** son homes (23,6% e 21,9%), os de 40-54 anos (20,4% e 17,2%) e os de 55 e máis (17,9% e 20,1%).
- E no que se refire aos bebedores **abusivos**, destacaremos o seguinte:
 - Un **10,3%** dos homes, polo **5,1%** das mulleres.
 - Aínda que no grupo de 12-18 anos a prevalencia é a máis baixa (3,4%), as mulleres superan lixeiramente os homes (3,5% e 3,3%).
 - Un **10,1%** nos de 19 a 24 anos (12,9% homes e 8,4% mulleres).
 - Un **6,5%** nos de 25 a 39 (un 7,9% homes e o 5,4% mulleres).
 - A prevalencia máis alta (10,2% en xeral) alcázase nos homes de 40-54 anos, cun **14%**. Nesta idade as mulleres son xa un 6%.
 - Por último, no grupo de maior idade, a prevalencia é do 6,9% (o 10,3% nos homes e un 4,1% nas mulleres).

O aumento de +2,4 puntos de bebedores abusivos en 2004 con respecto a 2002 débese ao efecto combinado dos seguintes factores:

- Incremento da cantidade media de alcohol consumido: **45,31** ml en 2004 por 42,67 ml en 2002.
- Aumento dos bebedores abusivos varóns (+2 puntos) e mulleres (+2,6).
- Incremento dos bebedores abusivos, especialmente nos grupos de idade de 19-24 anos (+1,8) e 40-45 (+4,9).
- Aumento en +2,6 puntos nos que beberon no último mes.

No relativo ao perfil básico dos bebedores abusivos, podemos ver os datos da táboa 2.16 seguinte.

Táboa 2.16. Perfil dos consumidores ABUSIVOS DE ALCOHOL


Variables	%	Variables	%
Xénero (P<.00000)		Tipo poboación (P<.00005)	
Homes	10,3	Litoral	6,7
Mulleres	5,1	Interior	9,7
Idade (P<.00000)		Estado civil (P<.00000)	
12-18	3,4	Solteiros	6,7
19-24	10,1	Casados	8,0
25-39	6,5	Separados	13,6
40-54	10,2	Parellas	13,4
55 e máis	6,9	Viúvos	
Hábitat (P<.00000)		Estudos (P<.0002)	
Ata 10.000 hab.	10,9	Primarios	8,3
De 10.001 a 50.000	5,3	Bacharel-FP	5,3
De 50.001 a 100.000	5,7	Medios-superiores	5,9
Máis de 100.000	6,8		
Provincia (P<.00000)		Ocupación (P<.00000)	
A Coruña	7,8	Traballan	8,8
Lugo	6,6	Parados	13,0
Ourense	15,6	Estudan	5,5
Pontevedra	4,9	Ama de casa	4,6
		Pensionistas	6,5
Área Sanitaria (P<.00000)		Grupo profesional activos (P<.0001)	
A Coruña	7,0	Empresarios-directivos	18,3
Ferrol	8,3	Profesionais-técnicos	6,0
Cervo-Burela	18,8	Autónomos-empregados	7,7
Santiago	8,1	Traballadores	10,2
Lugo	4,1		
Pontevedra	2,4		
Vigo	5,1	Tipo de día (P<.05)	
Ourense	15,9	Días laborables	7,7
Monforte	5,7	Días fin semana	7,4
O Salnes	1,0		
O Barco	1,0		
Total	7,6	Total	7,6

A partir dos datos da táboa do perfil dos bebedores abusivos, ademais do xa visto por xénero e idade, podemos destacar o seguinte: en todo tipo de poboacións, especialmente as pequenas e as grandes, nas provincias da Coruña e Ourense; e no interior máis que no litoral.

Os casados, os separados e os que viven en parella. Os de estudos primarios. Os que traballan e os parados e, entre os primeiros, empresarios e directivos.

Do mesmo modo ca no tabaco, os bebedores abusivos atópanse en todos os tipos de poboación e nos diversos estratos ocupacionais, o cal nos sinala tamén a ampla difusión desta substancia, tal como viñemos observando nos estudos anteriores.

Gráfico 3
O consumo abusivo de alcohol segundo o xénero e a idade
XÉNERO



IDADE





Gráfico 4
O consumo ABUSIVO DE ALCOHOL segundo o xénero e a idade conxuntamente



2.4. IDADE DE INICIO NO CONSUMO DE ALCOHOL

A continuación imos ver en que idades se inicia o consumo de alcohol. Os resultados obtidos na enquisa permiten construír a táboa 2.17 seguinte.

Táboa 2.17. Grupos de idade no inicio do uso do alcohol

Anos	Total		Homes		Mulleres	
	%	Media	%	Media	%	Media
Ata os 10 anos	0,9	9,12	1,2	8,60	0,4	9,37
De 11 a 13	6,5	11,72	6,6	11,0	6,4	13,00
De 14 a 16	44,1	14,17	46,8	13,98	39,8	14,32
De 17 a 20	39,0	15,13	38,0	15,08	40,4	15,26
De 21 en diante	9,5	17,16	7,4	16,79	13,0	17,77
Totais	100,0	16,95	100,0	16,62	100,0	17,47
Bases	(1.214)		(744)		(470)	

Segundo estes datos, vemos que hai dous grupos de idade nos que se dá unha maior proporción de inicios no uso do alcohol: o de **14 a 16 anos (44,1%)** e o de **17 a 20 (39%)**. Tamén cómpre resaltar que ata os 13 anos xa se iniciou un 7,4%.

A idade media de inicio é os **16,95** anos, un pouco maior que os 16,74 observados en 2002. Por xénero e idade, as idades medias nos grupos de estratificación de mostra resultaron ser as seguintes:

Táboa 2.18. Idades medias de inicio no consumo de ALCOHOL

	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
Xeral	16,95	14,53	15,49	16,47	17,39	18,14
Homes	16,62	14,54	15,17	16,25	17,08	17,47
Mulleres	17,47	14,51	15,79	16,81	17,91	19,34

Segundo estes datos, podemos ver que os homes se inician no uso do alcohol (16,62) de xeito algo máis precoz cás mulleres (17,47).

En xeral, as medias de inicio máis baixas danse nos grupos de idade máis nova: 12-18 anos (14,53%), e os de 19-24 (15,49%) e 25-39 anos (16,47%) con medias máis centradas. Os dous grupos maiores teñen idades de inicio máis altas, o cal é lóxico, pois permiten a inclusión dos inicios máis tardíos.

Se o cruzamento das medias de inicio o facemos especificamente coas variables de xénero e idade, podemos ver que os máis **precozes** no inicio do uso de alcohol serían os **homes de 12 a 18 anos (14,54%)** e os de **19 a 24 anos (15,27%)**. Nestes grupos de idade, as medias das **mulleres** son de **14,51%** (a máis baixa) nas de **12-18 anos** e de **15,79%** nas de **19 a 24 anos**.

Os inicios máis **tardíos** obsérvanse nas mulleres de 40 a 54 anos (17,91%) e nas de 55 en diante (19,34%); mentres que nos homes nestes grupos de idade son de 17,08% e 17,47% respectivamente.

Esta estrutura de idades de inicio no consumo de alcohol é moi similar á observada en 2002, coa excepción de que, no grupo máis novo (12-18 anos), pasan a ser algo máis precoces as mulleres cós homes.

Por último, entre os **bebedores abusivos** que consomen ademais outras substancias podemos ver que as idades medias en que se iniciaron en cada unha delas son as seguintes:

- Idade media de inicio no alcohol: **16,95**
- Idade media dos bebedores abusivos: **16,93**
- Idade media de inicio dos bebedores abusivos en cada unha das seguintes substancias:
 - Tabaco: 15,14
 - Cannabis: 17,37
 - Drogas de síntese: 18,81
 - Cocaína: 19,08
 - Anfetaminas: 19,38
 - Alucinóxenos:..... 20,03
 - Heroína: 20,90
 - Tranquilizantes: 33,37

Segundo isto, podemos ver que apenas hai diferenzas entre o conxunto dos bebedores e dos bebedores abusivos. Antes que alcohol, empezaron a consumir tabaco. Despois de consumir abusivamente alcohol, tomaron moi pronto cannabis (arredor de medio ano). Logo consumiron drogas de síntese, cocaína, anfetaminas e alucinóxenos (ao redor de dous anos). Catro anos despois, usaron cocaína e, xa en idade tardía, tranquilizantes.

As proporcións destes policonsumos podemos velos no capítulo seis.

2.5. O BOTELLÓN

Na enquisa da Comunidade Autónoma de Galicia de 2002 incluíuse, por primeira vez, unha pregunta referida á participación no modo de consumo de alcohol en espazos públicos, coñecida popularmente polo “botellón”. Na de 2004 incluíuse tamén esta pregunta, pero, dada a importancia actual desta realidade, ampliouse a indagación con outras preguntas sobre outros consumos de substancias, circunstancias e razóns para participar no botellón, problemas derivados deste, etc. Temas todos estes que veremos a continuación.

a) Participación no botellón

A participación da poboación de Galicia de 12 anos en diante nun botellón nos últimos seis meses foi a que se recolle na táboa seguinte.

Táboa 2.19. Nos últimos seis meses, ¿participou nalgún botellón?

	% Xeral	% Agrupado
Non, nunca	92,0	92,0
Unha ou dúas veces	3,5	
Tres a cinco veces	1,0	
Unha ou dúas veces ao mes	2,1	Sí
Todas as semanas	1,4	8,0
Total	100.0	100.0
Base	(2.300)	(2.300)

Un 92% da poboación galega de 12 anos en diante non participou nunca nun botellón, mentres que o 8% si o fixo; deles, un 4,5% fíxoos con certa frecuencia. En comparación con 2002, esta participación descendeu en 2004 en -2,3 puntos; aínda que na máis frecuente continua igual, mesmo cun incremento de medio punto.

Obviamente, dadas as características eminentemente xuvenís deste fenómeno, os resultados obteñen a súa plena significación se os cruzamos coa idade. Ao dicotomizar a pregunta en **SI** participou e **NON** participou e tomar o si como referencia, podemos ver as seguintes proporcións xerarquizadas de participación.

Idade:	% Sí
1º 19-24	35,5
2º 12-18	31,8
3º 25-39	7,6
4º 40-54	1,4
5º 55 e máis	0,0

Segundo isto, vemos que o grupo de idade que, en maior proporción, participou nun botellón nos últimos seis meses é o de **19-24 anos**, cun **35,5%**, seguido moi de preto polos de **12 a 18 anos**, co **31,8%**. A partir do grupo de 25 a 39 anos, a participación no botellón descende bruscamente (7,6%), ata practicamente desaparecer nos grupos de maior idade. En esencia, este é o mesmo fenómeno que xa observamos en 2002.

A proporción de homes (10%) que participan en botellóns é de 1,6 a 1 con respecto ás mulleres (6,1%), é dicir, dezaseis homes por cada dez mulleres. Esta tamén se mantén igual que en 2002.

Un dato tamén moi importante é a relación existente entre o tipo de bebedor e a proporción en que participan en botellóns. Segundo isto, podemos ver a seguinte xerarquización:

Tipo de bebedor:	% sí participación en botellón
1º Gran risco	30,3
2º Excesivo	10,0
3º Alto	7,0
4º Moderado	6,6
5º Lixeiro	6,4

Segundo pode verse, hai unha relación directa entre maior consumo de alcohol e maior proporción de participación no botellón, e é especialmente importante a dos bebedores de gran risco, dos que un **30,3%** participou nos últimos seis meses, seguidos dos bebedores excesivos (**10%**).

Finalmente, se tomamos como referencia o 8% da poboación xeral que participou no botellón, e segundo as distintas variables sociodemográficas, podemos ver que o perfil completo dos que máis participan sería o seguinte:

- Un 10% dos homes e un 6,1% das mulleres.
- Os de 12-18 anos (31,8%) e os 19-24 anos (35,5%).
- Os bebedores de gran risco (30,3%) e os bebedores excesivos (10%).
- Na Coruña (8,3%) e Pontevedra (9,9%).
- Nas poboacións de 50.000-100.000 habitantes (10,2%) e de máis de 100.000 (11,8%).
- Os solteiros (24,2%) e os que viven en parella (6%).
- De estudos de BUP e FP (14,3%) e medios-superiores (11%).
- Os estudantes (34,6%) e os parados (25,9%); así como profesionais e empregados (5,6%) e traballadores (4,7%).

En canto ao consumo doutras substancias, verémolo un pouco máis adiante con detalle.

Ao igual que en 2002, trátase especialmente dunha poboación xuvenil. De núcleos urbanos medios e grandes. De bo nivel educativo. Estudantes e parados, principalmente. E moitos deles consumidores abusivos de alcohol, cannabis e outras drogas psicoestimulantes, como veremos despois.

b) Tipos de bebidas consumidas no botellón

Nesta cuestión, e nas que veremos no resto do presente subcapítulo sobre o botellón, a base tomada é tan só a dos que nunha ou noutra frecuencia participaron nun botellón nos últimos seis meses: o 8% do total da poboación (184 casos).

No que se refire ás clases de bebidas alcohólicas tomadas no botellón, podemos ver a táboa 2.20 seguinte.

Táboa 2.20. Tipos de bebidas alcohólicas consumidas no botellón

	%
Viño	15,9
Cervexa	9,0
Xenebra	6,0
Ron	20,6
Tequila	0,5
Vodka	13,8
Coñac	2,2
Whisky	28,9
Aguardentes	0,2
Outras	2,9
Total	100.0
Base	(184)

Segundo isto, vemos que un **24,9%** dos que participaron nun botellón tomou bebidas de **baixa** graduación alcohólica (viño e cervexa), mentres que un **72,2%** as tomou de **alta** graduación alcohólica, e sobresaen entre elas o whisky (28,9%), o ron (20,6%) e o vodka (13,8%).

Ao dicotomizar deste modo, podemos ver que os que tomaron en maior proporción as bebidas de **alta** graduación alcohólica son os seguintes:

- Un 74,8% dos varóns e un 68,2% das mulleres.
- Os de 25 a 39 anos (83,3%), os de 19-24 anos (73,3%) e os de 12-18 anos (72,7%).
- O 100% dos bebedores altos e excesivos.
- En Ourense (85,8%); e en poboacións de 50.000-100.000 habitantes (82,2%) e de máis de 100.000 (79,3%).
- Os solteiros (73,9%) e os que viven en parellas (100%).
- De nivel educativo medio-superior (82,9%) e de primaria (77,1%).
- Estudantes (76%) e traballadores (92,9%).

c) Circunstancias e motivos polos que participaron no botellón

No que se refire ás **circunstancias** nas que se **iniciou** no botellón, o ítem máis mencionado con moito é o **grupo de amigos/as (84,5%** do total); este é seguido polo dos/das compañeiros/as de colexio (**7,7%**) e o dun/dunha amigo/a (**5,5%**). O resto de ítems (compañeiros de traballo, familiares, unha festa e outros) acumulan tan só un **2,2%**. Non hai diferenzas significativas nos cruzamentos.

E no relativo á **razón ou motivo** principal polo que participaron no botellón, dous ítems acumulan máis das tres cuartas partes das respostas: polo ambiente que se crea (**26,4%**) e, sobre todo, por estar co meu grupo de amigos (**58,2%**). E xa a moita distancia, porque lle gusta tomar alcohol (**5,3%**), porque non hai alternativas (**2,3%**) e por saír da norma (**1,3%**). Un 6,5% indica outras razóns diversas.

- Polo **ambiente** destacan: os de 25 a 39 anos (30,2%). Nas poboacións de 50.000-100.000 habitantes (39,3%). Os separados (80%). Os de estudos medios-superiores (34,3%). As amas de casa (90%) e os profesionais e funcionarios (45,5%). Os bebedores lixeiros (41,7%) e os moderados (33,3%).
- Por estar co **grupo** de amigos: as mulleres (58,8%), os de 19-24 anos (64,5%). En poboacións de 10.000-50.000 habitantes (63,3%). Os solteiros (59,5%). Os de estudos de bacharel-FP (60,7%). Os parados (57,1%), os estudantes (57%) e os traballadores (73,3%). Os bebedores lixeiros (45,8%) e os moderados (50%).
- Porque **lles gusta tomar alcohol**: os homes (7,2%), os de 12-18 anos (8,9%), dato este moi preocupante. En poboacións de máis de 100.000 habitantes (7,8%). Os solteiros (5,8%). Os de estudos primarios (13,9%). Os parados (10,7%), os estudantes (6%) e os profesionais (17,6%) e os autónomos (17,6%). E os bebedores excesivos (16,7%) e os de gran risco (18,2%).

d) O consumo doutras substancias

Aos que participaron nun botellón fixéronselles tres preguntas sobre o consumo doutras substancias en relación co botellón. A primeira delas foi se participara nun botellón, nalgunha ocasión, despois de buscar algunha outra substancia que non puidera atopar. O 88,4% respondeu a isto que non e o 11,6% que si (un 7,6%, algunhas veces, e un 3,9%, bastantes ou moitas veces).

Entre o **11,6%** que respondeu que **si**, cómpre destacar os seguintes: os homes (13,7%), os de 19-24 anos (13,1%) e os de 25-39 (17,8%). Os solteiros (12,5%). De estudos primarios (28,6%). Os parados (28,5%), os profesionais (16,6%), os autónomos (16,7%) e os traballadores (13,4%). E os bebedores de frecuencia alta (16,7%), excesiva e de gran risco (20%).

E as outras dúas preguntas eran se consumiron algunha outra substancia cando participaron por primeira vez no botellón, e se actualmente o facían. As respostas obtidas foron as seguintes:

Táboa 2.21. Consumiron outras substancias no botellón

	A primeira vez que fixo botellón	Actualmente en botellón
NON	70,3	79,6
SÍ	29,7	20,4
Sí, cales:		
Cannabis	14,4	19,7
Éxtase	5,0	0,4
Cocaína	8,8	0,3
Alucinóxenos	0,4	—
Heroína ou outros opiáceos	1,4	—

Un **29,7%** dos que participaron por primeira vez no botellón tomou algunha outra substancia (principalmente cannabis, éxtase e cocaína). E un **20,4%** ségueo facendo antes, durante ou despois do botellón, tamén nestas mesmas substancias, pero moi maioritariamente o cannabis.

Os que si as consomen teñen o seguinte perfil: en poboacións de máis de 100.000 habitantes (32,6%). Os homes (31%), os de 19-24 anos (26,8%) e os de 25-39 anos (28,2%). Os solteiros (25,1%). Os de estudos primarios (32,1%) e bacharel-FP (25,4%). Os parados (39,7%), os estudantes (23%) e os profesionais (27,2%). E os bebedores de frecuencia alta (45,3%) e de gran risco (32,7%).

e) Grao de satisfacción e razóns

Tamén se lles preguntou aos que participaron no botellón se estaban satisfeitos e a importancia que para eles tiña o botellón e as razóns diso. As tres respostas obtidas son as seguintes:

- No que se refire ao grao de satisfacción ao participar no botellón, o **84%** respondeu que está moito ou bastante satisfeito e o **16%** que pouco ou nada.
- E, no relativo á importancia que para eles ten o botellón na súa forma de vida, un **59%** indica que bastante ou moita e o **41%** que pouca ou ningunha.

Na primeira cuestión non hai diferenzas significativas nos cruzamentos. Na segunda si os hai e cómpre destacar o seguinte:

- Os que lle dan **maior** importancia: os de 12-18 anos (66%) e os de 19-24 (40,5%). Os solteiros (60,4%) e separados (80%). Os de estudos primarios (66,7%) e bacharel-FP (60%). Os parados (67,9%), os estudantes (56,1%) e os autónomos (64,7%). E os bebedores excesivos (50%) e os de gran risco (72,7%).
- E os que lle dan **menor** importancia: os de 25-39 anos (39%). Os casados (10%), os de estudos medios-superiores (35%). E os bebedores lixeiros (39%).

As razóns aducidas en cada unha destas cuestións son as seguintes:

EN SATISFACCIÓN	
Para moito-bastante	%
É máis barato	23,8
Estou con amigos	23,6
Pásoo ben	18,1
Gústame o ambiente	7,4
Estou ao aire libre	3,6
Pásoo ben por pouco diñeiro	2,8
Relaciónome con moita xente	2,1
Relación entre calidade e prezo	2,9
Estou cos amigos con máis liberdade e fago o que quero	1,2
Outros	0,5
Subtotal	86,0
Para pouco-nada	%
Outras alternativas	6,5
Empézame a aburrir	0,6
Hai cousas mellores	1,0
Unha parvada, ao final remátase borracho	1,4
Non me gusta o ambiente	1,5
Debería haber lugares especiais para facelos	2,8
Outros	0,2
Subtotal	14,0
Total	100,0

A proporción das respostas moito-bastante é dun 86%, mentres que as pouco-nada son tan só un 14%. A relación é de **6,14** a 1 en favor das primeiras.

E no que se refire ao grao de importancia, podemos ver o seguinte:

EN IMPORTANCIA	
Para moito-bastante	%
É máis barato	10,2
Estou con amigos	16,6
Pásoo ben	6,2
Estou cos meus amigos e é máis barato	8,7
Estou ao aire libre	4,0
Estou tranquilo e fago o que me apetece	3,2
Non hai ruído	1,8
Relación calidade-prezo	5,3
Podo estar ata a hora que queira, non teño barreiras	3,6
Coñezo xente	4,3
Outros	0,6
Subtotal	64,5
Para pouco-nada	%
Outras alternativas	10,7
Empézame a aburrir	3,0
Hai cousas mellores	2,3
Unha parvada, ao final remátase borracho	1,9
Prefiro outros métodos de diversión	5,5
Non é necesario para pasalo ben	11,0
Outros	1,3
Subtotal	35,5
Total	100,0

Aquí a proporción das respostas moito-bastante é dun **64,5%** e a de pouco-nada dun **35,5%**. A relación entre ambas as dúas posicións é de **1,82** a 1 en favor da primeira.

As diferenzas entre estas respostas e a posición xeral, vista en primeiro lugar, débese a que algúns dos que responden na xeral non dan ningún tipo de razón.

f) Problemas relacionados co botellón

A última cuestión que se lles formulou aos que participaron no botellón foi se, relacionado con este, se producira algún tipo de problema. As respostas obtidas foron as seguintes: **NON**, o **52,8%**; **SI**, o **47,2%**. Estes últimos dan **1,56** repostas de media por cada un.

Os problemas que sinalan xerarquízanse do modo seguinte:

- 1º Rifas ou pelexas con outros:26,9
- 2º Comportamentos sexuais desinhibidos:21,2
- 3º Discusións cos veciños:9,4
- 4º Estragar mobiliario urbano:.....7,0
- 5º Enfrontamentos coa policía:6,3
- 6º Problemas de tráfico:2,6

Sen dúbida, a práctica do botellón na vía pública, á parte doutras posibles consecuencias persoais, leva consigo un alto potencial de conflictividade e de falta de civismo. Esta problemática daríase principalmente entre os seguintes: na Coruña (61,7%), en poboacións de máis de 100.000 (65,2%). Nos homes (55,2%), nos de 12-18 anos (51,7%) e nos de 19-24 anos (49,4%). Nos de nivel educativo baixo (48,6%). Nos parados (56,4%) e nos estudantes (51,6%). E entre os bebedores abusivos (76%) e os de gran risco (61%).

Por todo o visto no presente punto, podemos concluír que a práctica do botellón comporta unha serie de problemas: no ámbito persoal e grupal, porque unha parte considerable dos que o realizan consomen de maneira abusiva alcohol e tamén outras substancias; no ámbito colectivo, porque case a metade dos que participaron no botellón sinala os problemas que acabamos de ver, cunha seria deterioración das relacións entre eles mesmos e cos veciños, así como co ámbito e as forzas de seguridade.

Non obstante, dado que en moitas das razóns aducidas hai un compoñente positivo de socialización (os amigos, o grupo, coñecer xente...) e tamén a falta de diñeiro e de alternativas para o ocio, as medidas que se poidan adoptar non deben ser soamente de carácter represivo, senón tamén de ofertas positivas que poidan canalizar os desexos e necesidades dos mozos que o practican.

Sobre este tipo de medidas incluíuse unha pregunta específica, pero, dado que se lle formulou ao conxunto da poboación, verémola máis adiante, no capítulo cinco da segunda parte, dedicado ás medidas e actuacións ante as drogas.

3. O CONSUMO DE DOUTRAS DROGAS

Introdución

Cando, en 1988, realizamos o deseño do Programa de enquisas en Galicia e en Andalucía sobre uso de drogas, e que posteriormente aplicamos na primeira enquisa nacional domiciliaria sobre uso de drogas do Plan Nacional sobre Drogas (1995), sinalabamos que este tipo de estudos deberían cumprir, a medio e longo prazo, as seguintes finalidades de validez xeral:

- 1ª Construír dun modo sólido uns *indicadores* para a *detección* dos distintos fenómenos que se queren coñecer, en especial nas prevalencias dos usos das distintas substancias, as actitudes subxacentes e os factores asociados a este feito, así como a factibilidade das intervencións ante esta problemática.
- 2ª Estes indicadores han ter unha consistencia suficiente para poder medir e avaliar a situación ao longo dun *período de tempo* razoable, explicando no posible as *evolucións* que se vaian producindo e, en todo caso, ir *xerando novas variables* ante fenómenos *emerxentes*.
- 3ª A análise dos resultados obtidos ten que aspirar a crear un *modelo interpretativo* da realidade en cuestión e certa capacidade *predictiva* da súa proxección no tempo, o que permite *orientar* a intervención, especialmente nas actuacións preventivas, na dirección máis axeitada e con certa perspectiva de validez no futuro.

Neste contexto xeral hai que ir situando as distintas investigacións específicas (escolares e mocidade, mulleres, poboación laboral...) que se vaian realizando; buscando, na medida do posible, unha serie de obxectivos comúns que permitan ir creando certo corpo de coñecemento xeral no que sexa factible a *comparabilidade* entre ámbitos e territorios específicos e a medición da *evolución* experimentada nos fenómenos observados ao longo do tempo.

Para o desenvolvemento destas finalidades, no primeiro estudo de Galicia deseñamos unha vintena de hipóteses, ás que se foron agregando outras ata constituír un conxunto de trinta, as cales quedaron recollidas unitariamente no Informe xeral do Observatorio de Galicia sobre Drogas de 2002. As devanditas hipóteses seguen sendo válidas na súa maioría e a elas nos remitimos na formulación da presente investigación, xa que, para a axeitada homologación e comparabilidade en todos os estudos epidemiolóxicos sobre consumos de drogas (prevalencias, patróns e perfís), é necesaria a construción e mantemento duns indicadores sólidos que permitan coñecer a evolución do fenómeno no tempo e ver os cambios producidos e as posibles tendencias que se van configurando en cada substancia, así como nos seus usos múltiples ou policonsumo e os perfís dos consumidores.

Iso require que a parte do cuestionario para a obtención de información sobre os consumos dos psicofármacos e das drogas ilegais, utilizada na presente investigación, sexa a mesma que a que se aplicou na Comunidade Autónoma de Galicia nos estudos anteriores. Sobre a experimentación do cuestionario e a validez dos indicadores incluídos nos devanditos estudos dicimos o seguinte:

“Os anteriores estudos realizados en Galicia sobre o consumo de drogas (1988, 1992, 1994, 1996, 1998, 2000 e 2002)¹ tiveron como punto de partida, no que á medida do consumo se refire, o cuestionario que utilizamos no noso estudo “O consumo de drogas en España de 1984”. Esta parte do cuestionario tiña a súa base nun modelo proposto por Smart e cols. (1980) nun programa de investigación da Organización Mundial da Saúde, o cal fora xa aplicado no noso país, con algunhas adaptacións, noutros estudos rexionais (Varo e cols., 1983 e Varo, Aguinaga, 1984). Este modelo fora sometido a varios controis de fiabilidade e validez por Whitehead e Smart (1972), Single e cols. (1975), Smart (1975), Johnston (1980) e O'Malley (1983), así como por Medina e cols. (1981) en lingua castelá.

Este mesmo cuestionario foi aplicado noutros estudos, e por nós en Aragón (1986), Madrid (1988), Andalucía (1987-2002) e Galicia (1988-2002), e puidemos validalo nun colectivo de usuarios de drogas (1993) e noutro nacional sobre a incidencia das drogas no medio laboral (1996), que replicaba, unha década despois, o que realizamos en 1987 no mesmo ámbito. A secuencia temporal que se utilizaba neste era o consumo nos últimos seis meses e nos últimos trinta días, e neste último período de tempo, distintas frecuencias de uso: menos dunha vez á semana, unha vez por semana, de 2 a 6 veces por semana e diariamente unha ou máis veces.

No presente estudo en Galicia queríase, por unha parte, conservar a secuencia temporal básica dos seis meses para poder facer comparacións cos estudos anteriores e, por outra, homologalo o máis posible a outras enquisas internacionais de gran tradición, como a Enquisa familiar nacional sobre abuso de drogas en Estados Unidos² e, en xeral, tamén no básico, á orientación que o Plan Nacional sobre Drogas lles deu ás súas enquisas nacionais de consumo de drogas³.

De acordo con esta perspectiva formulouse tamén a presente enquisa, en 2004, en todo o que se refire ao uso das distintas drogas, os seus patróns de consumo, os perfís e outros fenómenos asociados a esta realidade.

Igualmente, os dous indicadores básicos: algunha vez e o último mes son tamén os mesmos cós incluídos na últimas Enquisas Domiciliarias sobre Uso de Drogas (1997-2003)⁴ do Plan Nacional sobre Drogas, e deste mesmo xeito estrutúranse tamén os datos do Observatorio Europeo da Droga e as Toxicomanías⁵.

Ao igual que nos estudos anteriores en Galicia:

“A realización da enquisa foi **probabilística, persoal e nos domicilios do entrevistado**, tal como se indica na metodoloxía, e tivéronse en conta moitas das observacións derivadas da revisión metodolóxica realizada sobre a enquisa de EE.UU. en 1989⁶ con respecto á estruturación e comprensibilidade das cuestións, á privacidade e ao anonimato da entrevista, ás contaminacións semánticas, así como no tratamento e análise dos datos obtidos.”

As distintas substancias psicoactivas polas que se preguntou, ademais do tabaco e do alcohol vistos nos dous capítulos anteriores, foron as seguintes:

- 1^a Inhalables
- 2^a Cannabis
- 3^a Cocaína
- 4^a Drogas de Síntese
- 5^a Heroína
- 6^a Outros opiáceos
- 7^a Alucinóxenos
- 8^a Anfetaminas e speed

1 EDIS. O consumo de drogas en Galicia (1988-2002). Plan de Galicia sobre Drogas. Santiago.

2 DEPARTMENT OF HEALTH AND HUMAN SERVICES (1993): National Household Survey on Drug Abuse: Population Estimates 1992. Rockville (Maryland). Substance Abuse and Mental Health Services Administration (USA).

3 PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS-EDIS (1995): Encuesta domiciliaria sobre uso de drogas. Madrid. Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

4 OBSERVATORIO ESPAÑOL SOBRE DROGAS: “Informes n.º 1 e n.º 4. Estado de situación do consumo de drogas: indicadores sociolóxicos y patrones de consumo”. Encuesta domiciliaria sobre consumo de drogas 1997 e 1999. Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas. Ministerio do Interior. Madrid 1998, 2001 e 2004.

5 OBSERVATORIO EUROPEO DA DROGA E AS TOXICOMANÍAS. Informe anual de 2000 sobre o problema da drogodependencia na Unión Europea. Lisboa. 2001.

6 TURNER, CH. F. LESSLER, J. T. E GFROERER, J. C. (ed.) (1992). Survey Measurement of Drug Use. Methodological Studies. Rockville (Maryland). National Institute on Drug Abuse, e GFROERER, J. (1992). “Methodology of the U.S. National Household Survey on Drug Abuse”. Health Related Data and Epidemiology in the European Community. Bruxelas (21-23 setembro).

9ª Tranquilizantes

10ª Hipnóticos

11ª Crack

Con respecto ao que se refire á forma de lles preguntar aos entrevistados, as “drogas de síntese” presentáronse como “éxtase ou outras drogas de deseño”, dado que, en xeral, son máis coñecidas deste modo. Por outra banda, na maioría das demais substancias fixéronse algunhas aclaracións sobre outros termos polos son coñecidas e mesmo, nalgúns psicofármacos, se citaron algunhas das marcas máis comúns para unha mellor comprensión deste tipo de substancias.

No relativo a cada unha das substancias citadas, a exposición e a análise dos datos obtidos inclúe o seguinte:

- Táboa xeral cos **datos do consumo** dalguna vez, **dos últimos seis meses**, do **último mes** e dentro deste as **frecuencias** de uso agrupadas do modo seguinte:
 - Menos dunha vez por semana
 - Unha vez por semana
 - De dúas a seis veces por semana
 - Diariamente
- Índices de **continuidade** de uso⁷:
 - Últimos seis meses/Algunha vez
 - Último mes/Últimos seis meses
 - Índice xeral de continuidade de uso
 - **Idade media de inicio no consumo.**
- Tabla de características ou perfil dos consumidores, según o conxunto de variables de clasificación utilizadas
- Gráfico de **consumos** desagregado polas variables de **xéneros e idades.**

Ademais destas cuestións comúns en todas as substancias, nalgunhas delas inclúense outras específicas, exactamente as seguintes:

- Para a **cocaína** e/ou a **heroína**: a vía de consumo máis frecuente, na actualidade e anteriormente.

Segundo viñemos facendo nos anteriores estudos de Galicia noutros capítulos, analízanse outras cuestións complementarias ou explicativas, tales como o uso múltiple de drogas ou o policonsumo, comparación das prevalencias de cada substancia nos distintos períodos e posibles tendencias, características asociadas ao uso de drogas, motivacións e factores de risco, consecuencias do uso de drogas, actitudes e demandas da poboación residente en Galicia, factores de protección, coñecemento e valoración do labor realizado polo Plan de Galicia sobre Drogas ante esta problemática.

7 A *continuidade de uso* significa a proporción de consumidores dunha determinada droga que a seguen usando nun período de tempo con respecto aos que a usaron noutro período máis amplo; por exemplo os que o fixeron no último mes con respecto aos que a usaron nos últimos seis meses. O índice xeral é a relación entre os que o fixeron no último mes e os que o fixeron algunha vez.

Por último, no relativo ás estimacións de posibles consumidores de cada substancia, queremos advertir o seguinte: as devanditas estimacións son **aproximadas** e, a medida que son máis pequenas as prevalencias, os cálculos poden ter un erro potencial maior e, polo tanto, só deben ser tomados de forma meramente **indicativa**. Como base para o cálculo, tomouse sempre o **valor central** dos intervalos de confianza, que son os que se expoñen nas táboas. Nas substancias de uso máis minoritario, as estimacións faranse dentro dun intervalo aproximado. Obviamente, canto maiores son as prevalencias, máis sólidas son as bases das estimacións.

1. Os INHALABLES

Con esta denominación xeral de inhalables contéplanse unha serie de substancias de uso industrial ou doméstico (pinturas, gasolina, disolventes, colas e pegamentos...) que producen euforia, embriaguez, alucinacións. Así se lles presentou aos entrevistados, e solicitóuselles que indicasen se fixeran uso destes con esta finalidade. Os resultados obtidos son os que se recollen na táboa 3.1 seguinte.

Táboa 3.1: O consumo de INHALABLES

Consumiu algunha vez	0,5
Idade media de inicio no consumo (anos)	25,27
Consumiu nos últimos seis meses	0,1
Consumiu no último mes	0,0
Frecuencia de consumo no último mes	
· Menos dunha vez por semana	0,0
· Unha vez por semana	0,0
· De dúas a seis veces por semana	0,0
· Diariamente	0,0

Os datos desta táboa amosan que o uso destas substancias segue sendo moi minoritario: un **0,5%** probounas **algunha vez**; un **0,1%**, nos últimos **seis meses**; e non se observa consumo no último **mes**.

A continuidade de uso é a seguinte:

- Últimos 6 meses/Algunha vez:20%
- Último mes/Últimos 6 meses:0%
- Índice xeral de continuidade de uso:0%

En relación con 2002, non se observa ningunha variación significativa no consumo de inhalables. No cadro 3.1 recóllense as prevalencias dos inhalables nos diversos estudos de Galicia e noutros nacionais e autonómicos, nos que, como pode verse, os consumos son similares.

En termos absolutos, pódese estimar que, de forma aproximada, nos últimos seis meses consumirían inhalables entre 2.500 e 3.500 persoas, aproximadamente a mesma cantidade que en 2002.

As idades de **inicio** do uso de inhalables son as seguintes:

Anos	Total	
	%	Media
Ata os 14	18,2	14,00
De 15 a 17	36,4	16,41
De 18 a 21	9,1	19,00
De 22 a 25	36,3	40,01
Total	100,0	25,27
Base	(11)	

Aos 17 anos xa se iniciou no consumo de inhalables o 54,6%. E a idade media resultante son os **25,27** anos. A escaseza da base mostral non permite maiores desagregacións.

Cadro 3.1. Prevalencia dos INHALABLES no último mes e nos últimos seis ou doce meses

Ano	Poboación de Referencia	Mostra	Último mes	Últimos 6 ou 12 meses
1984	12 anos e máis. España	5.958	0,4	0,7
1985	12 anos e máis. Aragón	1.800	0,3	0,5
1986	16-65, España trab,	1.994	0,3	0,4
1987	16 anos e máis, Andalucía	2.000	0,1	0,1
1988	12 anos e máis, Galicia	3.700	0,1	0,2
1989	14-64 anos, Madrid Municipio	8.002	0,1	0,2
1989	16 anos e máis, Andalucía	2.000	0,1	0,9
1989	14-70 anos, Castilla y León	2.500	0,0	0,2*
1990	15-64 anos, Cataluña	1.560	0,2*	0,5
1991	12 anos e máis, Aragón	1.987	0,2	0,6
1992	14 anos e máis, Andalucía	2.250	0,0	0,3
1992	14-70 anos, Castilla y León	2.500	-	0,0*
1992	12 anos e máis, Galicia	2.000	-	0,1
1994	12 anos e máis, Andalucía	2.500	0,1	0,1
1994	16 anos e máis, España	17.617	-	-
1994	12 anos e máis, Galicia	2.300	0,1	0,2
1995	15 anos e máis, España	9.984	0,0	0,1*
1996	16 anos e máis, España, Traballadores ocupados	2.300	0,1	0,2*
1996	12 anos e máis, Galicia	2.300	0,1	0,2
1996	12 anos e máis, Andalucía	2.500	0,1	0,2
1996	15 anos e máis, Comunidad Valenciana	2.000	0,1	0,3*
1997	15-65 anos, Canarias	1.500	0,1	0,4*
1997	15-65 anos, España	12.445	0,1	0,16*
1997	15-65 anos, Madrid, Municipio	2.500	0,2	0,2*
1998	15 anos e máis, Comunidad Valenciana	2.000	0,1	0,2*
1998	12 anos e máis, Andalucía	2.500	0,2	0,3
1998	12 anos e máis, Galicia	2.300	0,1	0,3
1999	15-65 anos, España	12.488	0,1	0,1*
2000	12 e máis anos, Andalucía	2.500	0,2	0,4
2000	12 anos e máis, Galicia	2.300	0,2	0,3
2001	15-65 anos, España	14.113	0,1	0,1*
2002	12 anos e máis, Galicia	2.300	0,1	0,1
2003	15-64 anos, España	12.033	0,1	0,1*
2004	12 anos e máis, Galicia	2.300	0,1	0,1



* Últimos doce meses

No que se refire ao perfil dos consumidores de inhalables (táboa 3.2), a escaseza da súa base mostral non permite facer unha análise estatisticamente moi significativa. Non obstante, a título indicativo, cómpre sinalar os seguintes trazos nos que os consumiron algunha vez: homes (0,7%); os de 12-18 anos (0,6%), os 19-24 anos (0,9%) e os de 25-39 anos (0,7%). Os solteiros (1,3%). De estudos medios-superiores (1,2%). Os parados (3,7%) e os profesionais (1,5%). Nas áreas da Coruña (0,7%), Ferrol (1,7%) e Pontevedra (1,1%), e nos hábitats de 50.000-10.000 habitantes (0,7%).

Táboa 3.2. Perfil dos consumidores de INHALABLES algunha vez

Variables	%	Variables	%
Xénero (P<.04)		Tipo poboación (P<.45)	
Homes	0,7	Litoral	0,6
Mulleres	0,2	Interior	0,3
Idade (P<.03)		Estado civil (P<.01)	
12-18	0,6	Solteiros	1,1
19-24	0,9	Casados	0,2
25-39	0,7	Separados	0,0
40-54	0,0	Parejas	0,0
55 e máis	0,0	Viúvos	0,0
Hábitat (P<.35)		Estudios (P<.07)	
Ata 10.000 habitantes	0,5	Primarios	0,3
De 10.001 a 50.000	0,6	Bacharel-FP	0,5
De 50.001 a 100.000	0,4	Medios-superiores	1,2
Máis de 100.000	0,4		
Provincia (P<.51)		Ocupación (P<.000)	
A Coruña	0,6	Traballan	0,5
Lugo	0,6	Parados	3,7
Ourense	0,3	Estudan	0,1
Pontevedra	0,6	Ama de casa	0,0
		Pensionistas	0,0
Área Sanitaria (P<.34)		Grupo profesional activos (P<.15)	
A Coruña	0,7	Empresarios-directivos	0,0
O Ferrol	1,7	Profesionais-técnicos	1,5
Cervo-Burela	0,1	Autónomos-emplegados	0,0
Santiago	0,3	Traballadores	0,0
Lugo	0,5		
Pontevedra	1,1		
Vigo	0,3		
Ourense	0,0		
Monforte	0,0		
O Salnés	0,1		
O Barco	0,1		
Total	0,5	Total	0,5

Gráfico 5
consumo de inalables algunha vez segundo o xénero e a idade

XÉNERO**IDADE**

2. O CANNABIS

En todo o territorio nacional, e tamén en Galicia, a substancia ilegal de uso máis estendido é o cannabis (haxix, marihuana e outros derivados), con prevalencias que, nos grupos de idade máis nova, chegan ao 12,4% nos de 12-18 anos e ao 18% nos de 19-24 anos nos últimos seis meses. Os resultados obtidos sobre os consumos de cannabis en 2004 en Galicia son os da táboa 3.3 seguinte.

Táboa 3.3. O consumo de cannabis

Consumiu algunha vez:	14,5
Idade media de inicio no consumo (anos):	17,78
Consumiu nos últimos seis meses:	5,3
Consumiu no último mes:	4,2
Frecuencia de consumo no último mes:	
· Menos dunha vez por semana	1,3
· Unha vez por semana	1,5
· De dúas a seis veces por semana	0,3
· Diariamente	1,1

Os datos desta táboa amosan que un **14,5%** da poboación galega de 12 anos en diante consumiu cannabis **algunha vez**, un **5,3%** fíxoo nos últimos **seis meses** e o **4,2%** fíxoo no último **mes**. O consumo con máis frecuencia (2 a 6 veces por semana e diariamente) sería dun **1,4%**.

A continuidade de uso é a seguinte:

- Últimos 6 meses/Algunha vez:36,5%
- Último mes/Últimos 6 meses:81,1%
- Índice xeral de continuidade de uso:28,9%

En relación con 2004, o consumo de cannabis aumentou no período dalgunha vez (+0,5), pero nos máis recentes dos últimos seis meses e dos últimos trinta días o consumo diminuíu -0,7 e -1,1, respectivamente. No cadro 3.2 podemos ver as prevalencias en distintos estudos. No ámbito nacional, o consumo de cannabis nos últimos trinta días aumentou e pasou do 6,4% en 2001 ao 7,6% en 2003 (cadro 3.2).

De xeito aproximado, en termos absolutos, pódese estimar que unhas 132.000 persoas consumirían cannabis nos últimos seis meses, das que unhas 35.000 a 37.000 estarían a facelo con maior frecuencia (2 a 6 veces por semana ou diariamente).

As idades de **inicio** do uso de canabis son as seguintes:

Anos	Total		Homes		Mulleres	
	%	Media	%	Media	%	Media
Ata os 14	11,2	13,16	13,4	12,14	7,1	13,95
De 15 a 17	41,0	15,12	41,9	14,85	39,3	15,57
De 18 a 21	36,8	15,85	36,4	15,60	37,5	16,29
De 22 a 25	8,2	16,99	6,0	16,59	12,5	17,63
De 26 en diante	2,8	18,83	2,3	18,45	3,6	19,64
Total	100.0	17.78	100.0	17.48	100.0	18.34
Base	(329)		(217)		(112)	

Aos 17 anos xa se iniciou no consumo de cannabis o 52,2%. E a idade media de inicio é de **17,78** anos (17,48 nos homes e 18,34 nas mulleres).

Cadro 3.2. Prevalencia do CANNABIS no último mes e nos últimos seis ou doce meses

Ano	Poboación de Referencia	Mostra	Último mes	Últimos 6 ou 12 meses
1984	12 anos e máis. España	5.958	12,2	14,3
1985	12 anos e máis. Aragón	1.800	5,2	8,3
1986	16-65. España trab.	1.994	11,5	14,7
1987	16 anos e máis. Andalucía	2.000	9,4	10,8
1988	12 anos e máis. Galicia	3.700	5,0	5,6
1989	14-64 anos. Madrid, municipio	8.002	3,5	6,7*
1989	16 anos e máis. Andalucía	2.000	5,8	6,9
1989	14-70 anos. Castilla y León	2.500	7,8	13,6*
1990	15-64 anos. Cataluña	1.560	3,2	5,2*
1991	12 anos e máis. Aragón	1.987	7,3	8,7
1992	14 anos e máis. Andalucía	2.250	4,0	4,8
1992	14-70 anos. Castilla y León	2.500	6,4	13,4*
1992	12 anos e máis. Galicia	2.000	1,7	2,4
1994	12 anos e máis. Andalucía	2.500	3,9	5,6
1994	16 anos e máis. España	17.617	2,5	-
1994	12 anos e máis. Galicia	2.300	2,4	2,7
1995	15 anos e máis. España	9.984	2,7	5,8*
1996	16 anos e máis. España. Traballadores ocupados	2.300	9,1	11,7*
1996	12 anos e máis. Galicia	2.300	2,7	3,7
1996	12 anos e máis. Andalucía	2.500	4,1	5,8
1996	15 anos e máis. Comunidad Valenciana	2.000	6,3	8,3*
1997	15-65 anos. Canarias	1.500	9,3	11,4*
1997	15-65 anos. España	12.445	4,0	7,5*
1997	15-65 anos. Madrid, municipio	2.500	6,4	8,4*
1998	15 anos e máis. Comunidad Valenciana	2.000	6,8	10,4*
1998	12 anos e máis. Andalucía	2.500	4,3	5,3
1998	12 anos e máis. Galicia	2.300	3,2	4,0
1999	15-65 anos. España	12.488	4,2	7,5*
2000	12 e máis anos. Andalucía	2.500	5,8	7,5
2000	12 anos e máis. Galicia	2.300	5,3	6,1
2001	15-65 anos. España	14.113	6,5	9,9*
2002	12 e máis anos. Galicia	2.300	5,3	6,0
2003	12 anos e máis Andalucía	2.500	6,0	7,3
2003	15-64 anos. España	12.033	7,6	11,3*
2004	12 e máis anos. Galicia	2.300	4,2	5,3

* Últimos doce meses

Se tomamos agora as idades medias de inicio no consumo de cannabis en función dos grupos de idade de estratificación mostral, podemos ver o seguinte:

Táboa 3.4. Idades medias de inicio no cannabis

	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
Xeral	17,78	15,17	16,34	17,89	19,36	30,87
Homes	17,48	15,02	15,96	17,51	18,12	30,87
Mulleres	18,34	15,38	17,56	18,68	21,25	*

Visto así, observamos que os máis precoces son os homes de 12-18 anos, cunha media de inicio de 15,02 anos, seguidos, nese mesmo grupo de idade, polas mulleres (15,96). A continuación hai dous grupos de homes: 19-24 anos (19,56) e 25-39 anos (17,51). E, en cuarto lugar, as mulleres de 19-24 anos (17,56).

E se nos referimos aos que, nos últimos seis meses, consumiron cannabis e tamén outras substancias, podemos ver que as idades medias de inicio nestas son as seguintes:

- Idade media de inicio no cannabis: **17,78**
- Idade media dos que consumiron nos últimos seis meses: **16,93**
- Idade media de inicio no consumo doutras substancias dos que consumiron cannabis nos últimos seis meses:
 - En alcohol: 14,95
 - En tabaco:..... 15,16
 - En drogas de síntese e en cocaína: 19,03
 - En alucinóxenos: 19,41
 - En heroína: 19,53
 - En anfetaminas: 22,08
 - En tranquilizantes:..... 27,90

Os que consumiron cannabis nos últimos seis meses consumiron antes alcohol e tabaco; algo despois de cannabis (algo máis de dous anos), drogas de síntese e cocaína, seguidos de alucinóxenos e heroína; cinco anos despois anfetaminas; e xa máis tardiamente tranquilizantes.

As proporcións destes policonsumos do cannabis pódense ver con detalle no capítulo seis.

Segundo os datos da táboa 3.5, vemos que o perfil básico dos consumidores de cannabis é o seguinte: os homes en dobre proporción cás mulleres; os de 12-18 anos, os de 19-24 anos e, xa en menor medida, os de 25-39. En núcleos urbanos medios e grandes. E nas provincias da Coruña e Pontevedra, así como no litoral. Os solteiros, separados e os que viven en parella. De estudos de bacharel-FP e medios superiores. Estudantes, parados, profesionais-técnicos.

É dicir, un segmento de poboación relativamente amplo e plural socialmente, aínda que eminentemente xuvenil e urbano. E practicamente idéntico ao observado en 2002.

Dado que nesta ocasión hai base mostral suficiente, podemos desagregar a variable idade por xéneros. O resultado do consumo de cannabis nos mesmos seis meses é o seguinte:

	Homes	Mulleres
12-18	15,4	9,3
19-24	24,5	11,2
25-39	11,3	4,1
40-54	2,8	2,8
55 e máis	0,0	0,0
(P<.000)	7,4	3,3

Obsérvese a alta prevalencia que alcanzan os homes de 19-24 anos (24,5%) e os de 12-18 (15,4%). E as mulleres de 19-24 anos (11,2%).

Táboa 3.5. Perfil principal dos consumidores de CANNABIS nos últimos seis meses


Variables	%	Variables	%
Xénero (P<.00000)		Tipo poboación (P<.005)	
Homes	7,4	Litoral	5,9
Mulleres	3,3	Interior	3,7
Idade (P<.00000)		Estado civil (P<.00000)	
12-18	12,4	Solteiros	12,5
19-24	18,0	Casados	1,4
25-39	7,7	Separados	6,0
40-54	2,8	Parejas	9,4
55 e máis	0,0	Viúvos	0,0
Hábitat (P<.00000)		Estudos (P<.00000)	
Ata 10.000 hab.	2,9	Primarios	2,2
De 10.001 a 50.000	4,5	Bacharel-FP	8,4
De 50.001 a 100.000	5,0	Medios-superiores	8,6
Máis de 100.000	9,8		
Provincia (P<.002)		Ocupación (P<.00000)	
A Coruña	5,3	Traballan	4,6
Lugo	3,0	Parados	27,5
Ourense	2,7	Estudan	12,8
Pontevedra	7,5	Ama de casa	0,1
		Pensionistas	0,3

Variables	%	Variables	%
Área Sanitaria (P<.0001)			
A Coruña	6,9	Grupo profesional activos (P<.008)	
O Ferrol	5,6	Empresarios-directivos	0,1
Cervo-Burela	3,2	Profesionais-técnicos	10,2
Santiago	3,8	Autónomos-empregados	3,3
Lugo	3,6	Traballadores	4,9
Pontevedra	3,9		
Vigo	9,6		
Ourense	3,1		
Monforte	0,1		
O Salnés	1,8		
O Barco	2,9		
Total	5,3	Total	5,3


Gráfico 6

O consumo de cannabis nos últimos 6 meses segundo o xénero e a idade

XÉNERO



IDADE



3. A COCAÍNA

Despois do cannabis, a **cocaína** é tamén unha substancia ilegal bastante utilizada, especialmente entre as persoas de 19 a 24 anos e as de 25 a 39 anos, cun 4,6% e un 2,2% respectivamente, nos últimos seis meses, e un 6,4% de homes de 19-24 anos. Esta droga forma parte do principal modelo de policonsumo, xunto con outras substancias psicoestimulantes e coas drogas de síntese, así como con certa presenza do cannabis, como xa se observou nos estudos de 2000 e 2002.

Os resultados obtidos sobre o seu consumo en Galicia en 2004 son os da táboa 3.6 seguinte.

Táboa 3.6. O consumo de COCAÍNA

Consumiu algunha vez:	3,9
Idade media de inicio no consumo (anos):	20,19
Consumiu nos últimos seis meses:	1,4
Consumiu no último mes:	1,0
Frecuencia de consumo en el último mes:	
· Menos dunha vez por semana	0,5
· Unha vez por semana	0,3
· De dúas a seis veces por semana	0,2
· Diariamente	0,0

Un **3,9%** da poboación galega de doce anos en diante consumiu cocaína **algunha vez**, un **1,4%** fíxoo nos últimos **seis meses** e un **1%** no último **mes**. O uso máis frecuente (de 2 a 6 veces por semana ou a diario) sería dun **0,2%**.

A continuidade de uso é a seguinte:

- Últimos 6 meses/Algunha vez35,9%
- Último mes/Últimos 6 meses71,4%
- Índice xeral de continuidade de uso25,6%

O consumo actual de cocaína en Galicia, se ben nalgún momento diminuíu en -0,2, nos últimos seis meses e no último mes permaneceu bastante estable. No ámbito nacional, o consumo de cocaína nos últimos seis meses aumentou un 0,2 e pasou dun 2,5% en 2001 a un 2,7% en 2004. No cadro 3.3 podemos ver as prevalencias en distintos estudos.

No relativo ás vías de consumo da cocaína en Galicia, obsérvase que un **2,4%** chegou a facelo algunha vez, **anteriormente**, por vía inxectada, mentres que o 97,6% o facía por outras vías. Na actualidade, tan só un **1,5%** dos consumidores a toma por vía parenteral, mentres que o 98,5% o fai por outras vías. En esencia, son os mesmos datos que os observados en 2002.

No referido ao número aproximado de consumidores de cocaína, nos últimos seis meses pódese estimar que serían ao redor de 35.000 persoas, das que arredor das 5.000-6.000 o estarían a facer con maior frecuencia (2 a 6 veces por semana ou diariamente).

No que se refire ás idades de inicio no consumo de cocaína, podemos ver o seguinte:

Anos	Total		Homes		Mulleres	
	%	Media	%	Media	%	Media
Ata os 14	3,4	13,01	4,3	13,01	0,0	*
15 a 17	26,4	15,32	28,6	15,34	17,6	16,01
18 a 21	39,1	16,43	38,6	16,25	41,2	17,39
22 a 25	17,2	17,85	17,1	17,04	17,6	19,41
26 e máis	13,9	22,32	11,4	21,87	23,6	24,72
Total	100	20,19	100	19,81	100	21,75
Base	(87)		(70)		(17)	

A media de inicio na cocaína é de **20,19** anos, e os homes son máis precoces (19,81%) que as mulleres (21,75%).

Se vemos agora as idades medias de inicio segundo a estratificación da mostra, temos a seguinte táboa:

Táboa 3.7. Idades medias de inicio no consumo de COCAÍNA

	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
Xeral	20,19	15,66	16,95	20,58	23,29	33,00
Homes	19,81	15,52	16,48	20,62	20,51	33,00
Mulleres	21,75	17,00	18,37	20,40	30,00	*

Como podemos ver, a maior precocidade dáse nos homes de 12-18 anos (15,52%) e nos de 19-24 anos (16,48%); seguidos das mulleres de 12-18 anos (17%) e das de 19-24 anos (18,37%).

Se nos fixamos agora nos que consumiron cocaína nos últimos seis meses e tamén outras substancias, as idades medias de inicio en cada unha delas son as seguintes:

- Idade media de inicio na cocaína: **20,19**
Esta substancia é dun uso moi marxinal, en moitos casos asociada ao consumo de heroína. En 2004 non se observan máis consumos que os do indicador dalgunha vez, e é dun 0,2% no grupo de idade de 25 a 39 anos e do 0,3% se son homes os deste grupo de idade.

As prevalencias xerais son as da seguinte táboa:

Táboa 3.29. O consumo de CRACK

Consumiu algunha vez:	0,1
Idade media de inicio no consumo (anos):	20,00
Consumiu nos últimos seis meses:	0,0
Consumiu no último mes:	0,0
Frecuencia de consumo no último mes:	
· Menos dunha vez por semana	0,0
· Unha vez por semana	0,0
· De dúas a seis veces por semana	0,0
· Diariamente	0,0

Un 0,1% sinala que o probou **algunha vez**, e non se detecta ningún consumo nos últimos seis meses e no último mes, o que non quere dicir que non poida haber algún, aínda que xa moi minoritario e ao que moi difícil acceder nas enquisas de poboación xeral.

Comparativamente co uso do crack detectado noutros estudos recentes (cadro 3.11), en Galicia mantense como en 2002. No ámbito nacional, o uso do crack, nos últimos doce meses, era dun 0,1%.

A idade de inicio no uso de crack é entre os 18 e 24 anos no 100% dos casos, cunha media de idade de 20 anos. Pola moi escasa base mostral, non é posible facer ningunha desagregación por idade.

Cadro 3.11. Prevalencia do CRACK no último mes e nos últimos seis ou doce meses

Ano	Poboación de Referencia	Mostra	Último mes	Últimos 6 ao 12 meses
1995	15 anos e máis. España	9.984	0,0	0,1*
1997	15-65 anos. Canarias	1.500	0,6	0,8*
1997	15-65 anos. Madrid, municipio	2.500	0,1	0,2*
1997	15-65 anos. España	12.445	0,0	0,15*
1998	15 anos e máis. Comunidad Valenciana	2.000	0,0	0,1
1998	12 anos e máis. Andalucía	2.500	0,1	0,2
1998	12 anos e máis. Galicia	2.300	0,0	0,1
1999	15-64 anos. España	2.300	0,1	0,2*
2000	12 anos e máis. Galicia	2.300	0,0	0,1
2000	12 anos e máis. Andalucía	2.500	0,2	0,4
2001	15-65 anos. España	14.113	0,0	0,1*
2002	12 e máis. Galicia	2.300	0,0	0,0
2003	12 e máis anos. Andalucía	2.500	0,0	0,0
2003	15-64 anos. España	12.033	0,1	0,0*
2004	12 e máis anos. Galicia	2.300	0,0	0,0


Segundo os datos da táboa 3.30, podemos ver, só a título indicativo, que o perfil dos consumidores de crack algunha vez é o seguinte: homes; de 25 a 39 anos. Nos grandes núcleos urbanos, no litoral e no interior. Solteiros e casados. Con estudos de ESO e primarios. Parados e traballadores.

Táboa 3.30. Perfil dos consumidores de CRACK algunha vez


Variables	%	Variables	%
Xénero (P<.3)		Tipo poboación (P<.8)	
Homes	0,2	Litoral	0,1
Mulleres	0,0	Interior	0,1
Idade (P<.5)		Estado civil (P<.09)	
dic-18	0,0	Solteiros	0,2
19-24	0,0	Casados	0,1
25-39	0,2	Separados	0,0
40-54	0,0	Parellas	0,0
55 e máis	0,0	Viúvos	0,0
Hábitat (P<.2)		Estudos (P<.6)	
Ata 10.000 habitantes	0,0	Primarios	0,2
De 10.001 a 50.000	0,1	Bacharel-FP	0,0
De 50.001 a 100.000	0,4	Medios-superiores	0,0
Máis de 100.000	0,0		
Provincia (P<.3)		Ocupación (P<.9)	
A Coruña	0,1	Traballan	0,1
Lugo	0,0	Parados	0,1
Ourense	0,3	Estudan	0,0
Pontevedra	0,1	Ama de casa	0,0
		Pensionistas	0,0
Área Sanitaria (P<.7)		Grupo profesional activos (P<.6)	
A Coruña	0,1	Empresarios-directivos	0,0
Ferrol	0,1	Profesionais-técnicos	0,0
Cervo-Burela	0,0	Autónomos-empregados	0,0
Santiago	0,3	Traballadores	0,0
Lugo	0,0		
Pontevedra	0,4		
Vigo	0,2		
Ourense	0,0		
Monforte	0,0		
O Salnés	0,0		
O Barco	0,0		
Total	0,1	Total	0,1

Gráfico 15
O consumo de CRACK algunha vez segundo o xénero e a idade

XÉNERO



IDADE



4. O ÍNDICE DE RISCO NAS ÁREAS SANITARIAS NOS CONSUMOS DE TABACO, ALCOHOL E OUTRAS DROGAS

O índice de risco nas áreas sanitarias nos consumos de tabaco, alcohol e outras drogas

Ata o momento presente víronse as prevalencias e patróns de consumo das distintas substancias contempladas na enquisa, así como os perfís dos consumidores de cada unha delas. Esta información, xunto coa análise dos problemas, as motivacións e as opinións e demandas da poboación (que veremos máis adiante), permite darlle unha resposta á problemática das drogas en Galicia, no momento actual e segundo as tendencias observadas, ao planificar estas.

Igualmente é preciso estimar cal é o peso desta problemática en cada territorio para que a aplicación destas actuacións, e os recursos que iso require, sexa o máis proporcionada posible ás necesidades reais de cada lugar da Comunidade Autónoma de Galicia. Para tal efecto, xa no primeiro estudo de 1988, elaboramos uns **índices de risco** para avaliar a importancia específica do problema en cada **área sanitaria** nesta comunidade.

Segundo este método, calcúlase, en primeiro lugar, cal é o **índice de risco absoluto** de cada área en función da presenza das distintas drogas e, seguidamente, cal é o **índice relativo** ou de **prioridade de intervención** en función de como as devanditas drogas lle afectan a un colectivo, maior ou menor, de poboación. Na formulación deste método dicíamos o seguinte:

Aplicando a metodoloxía elaborada nos estudos anteriores, tomamos, do consumo de tabaco (diario), de alcohol (abusivo) e de cada droga (nos últimos seis meses), as porcentaxes que, en cada unha das once áreas sanitarias, estean próximas á media xeral ou a superen (ver cadro C). A partir de aquí, constrúese un primeiro índice de risco absoluto, cuxo percorrido posible sería de 0 a 13 puntos. Ao igual que nos estudos anteriores, tómase un punto para cada unha das trece substancias contempladas na enquisa; segundo isto, o cero indicaría que non hai un consumo importante en ningunha delas nunha área determinada, mentres que o trece significaría que hai un consumo importante en todas as drogas; loxicamente índices intermedios expresarían posicións máis ou menos graves.

Segundo este primeiro índice de **risco absoluto** (cadro C), pódese ver a seguinte prezenza importante das drogas en cada área sanitaria no cadro A:

Cadro A. Índices de risco absoluto

Orden de gravidade	Área Sanitaria	Índice de risco absoluto
1º Risco Máximo:	* Vigo * A Coruña * Santiago * O Ferrol	12 11 11 11
2º Risco Medio-alto:	* Pontevedra * Ourense * Lugo	9 7 6
3º Risco Menor:	* O Salnes * Cervo-Burela * O Barco * Monforte	5 4 3 2

Os datos deste cadro amosan que, nun primeiro grupo de **risco absoluto máximo**, teríamos catro áreas sanitarias nas que, das trece drogas posibles, é importante a presenza de 12 en **Vigo** e 11 na **Coruña, Ferrol e Santiago**.

Nun segundo grupo de **risco absoluto medio-alto**, atopamos outras tres áreas sanitarias: **Pontevedra** con 9, **Ourense** con 7 e **Lugo** con 6.

Finalmente, nun terceiro grupo de **risco absoluto menor**, estarían as catro áreas sanitarias restantes: **O Salnés** con 5, **Cervo-Burela** con 4, **O Barco** con 3 e **Monforte** con 2.

Con respecto a 2002, as áreas da Coruña, Vigo e Santiago seguen estando en 2004 no grupo 1.º (risco máximo), e incorpórase Ferrol.

No grupo de risco medio-alto, con lixeiras variacións de orde, seguen estando Lugo, Pontevedra e Ourense. E no de risco mínimo permanecen O Salnés, Cervo-Burela, O Barco e Monforte.

Para establecer o índice de risco relativo ou de prioridade, a incidencia importante de cada droga vén ponderada polo peso da poboación de cada área e, polo tanto, da magnitude do colectivo social ao que as devanditas drogas afectan. Deste xeito, a combinación da importancia da presenza das drogas e a proporción das persoas potencialmente implicadas é o que orientaría a aplicación de medios e recursos que precisaría a intervención ante esta realidade.

A partir disto, e coa poboación de Galicia actualizada, o mapa de risco epidemiolóxico resultante sería o que se recolle no cadro seguinte:

Cadro B. Índice de risco relativo ou de prioridade de intervención

Orde de prioridade	Área Sanitaria	% poboación sobre total Galicia	Índice de risco absoluto	Índice de risco relativo de prioridade	Peso porcentual da área sobre o total do índice relativo
1º	Vigo	19,95	12	2,394	25,12
2º	A Coruña	18,89	11	2,078	21,81
3º	Santiago	17,22	11	1,894	19,88
4º	O Ferrol	7,68	11	0,845	8,87
5º	Ourense	11,21	7	0,785	8,24
6º	Pontevedra	7,78	9	0,700	7,34
7º	Lugo	8,60	6	0,516	5,42
8º	O Salnés	2,53	5	0,127	1,33
9º	Cervo-Burela	2,66	4	0,106	1,11
10º	O Barco	1,41	3	0,043	0,45
11º	Monforte	2,06	2	0,041	0,43

De acordo cos datos do cadro B, podemos ver que os tipos de **índices relativos de risco** resultantes se agruparían nos tres niveis ou índices seguintes:

ÍNDICE A

Unha vez máis, neste primeiro nivel, atopamos tres áreas sanitarias cun índice de risco relativo elevado e unha alta proporción da poboación de Galicia (o 56,06% do total); estas áreas son **Vigo, A Coruña e Santiago**, cos índices relativos máis altos: entre **2,394 e 1,894**. A prioridade na intervención viría dada, pois, tanto pola **forte presenza** das drogas, coma pola **amplitude** da poboación potencialmente implicada.

ÍNDICE B

Nun nivel intermedio, temos outras catro áreas sanitarias: **Ferrol, Ourense, Pontevedra e Lugo** (co **35,27%** da poboación); o índice de risco relativo sitúase entre o **0,845 e o 0,516**.

ÍNDICE C

E, no terceiro grupo, seguen estando as áreas sanitarias con menor poboación (o 8,13%): **O Salnés, Cervo-Burela, O Barco e Monforte**, cuns índices de risco relativo entre **0,127 e 0,041**.

A situación de risco das distintas áreas sanitarias segue sendo, en esencia, a mesma que en 2002: nos tres primeiros lugares, continúan Vigo, A Coruña e Santiago. Nun segundo nivel, atopamos Ferrol, Pontevedra, Ourense e Lugo, que lles ceden preferencia aos dous primeiros. E, no terceiro nivel, séguese precedendo O Salnés, seguido de Cervo-Burela, e despois O Barco e Monforte practicamente empatados.

Cadro C. O consumo de tabaco, alcohol e drogas nas áreas sanitarias de Galicia (preto ou por enriba da media)

Áreas Sanitarias	Tabaco	Alcohol	USO DE DROGAS									ALGUNHA VEZ	
	Fumadores diarios	Abusivos	Inhalables	Alucinógenos	Anfetaminas	Cannabis	Drogas Sintese	Cocaina	Heroína	Tranquilizantes	Hipnóticos	Crack	Outros Opiáceos
A Coruña	31,8	7,0	0,7	1,6	0,7	6,9	1,6	2,1	0,5	—	1,4	—	0,1
O Ferrol	30,7	8,3	1,7	1,1	2,2	5,6	1,1	2,8	0,6	5,0	0,6	—	—
Cervo-Burela	—	18,8	—	—	—	—	—	1,6	—	7,9	5,3	—	—
Santiago	34,7	8,1	—	0,9	0,6	3,8	0,4	1,5	0,8	1,8	0,4	0,3	—
Lugo	32,8	—	0,5	—	—	3,6	0,5	—	—	6,7	2,1	—	—
Pontevedra	37,6	—	1,1	1,1	0,6	3,9	—	0,6	0,6	8,3	—	0,4	—
Vigo	30,5	5,1	—	2,0	2,6	9,6	0,4	1,4	0,4	2,4	0,4	0,2	0,6
Ourense	—	15,9	—	0,8	0,8	3,1	—	2,0	—	—	1,2	—	0,1
Monforte	—	5,7	—	—	—	—	—	—	—	—	1,0	—	—
O Salnes	32,1	—	—	1,8	1,8	—	—	—	0,3	6,8	—	—	—
O Barco	—	—	—	—	—	2,9	—	—	—	4,7	1,9	—	—

As porcentaxes ou prevalencias recollidas no cadro indican que o consumo dunha determinada substancia en cada área sanitaria está preto ou por enriba da media xeral. Non obstante, estes datos hai que tomalos só de forma aproximada, xa que a escasa base mostrada nas substancias de uso máis minoritario fai que a súa significación sexa inferior a $P < .1$.

* No crack, os inhalables, a heroína, os alucinógenos e outros opiáceos, as prevalencias recollidas son nalgunha vez. Nas outras drogas restantes son as dos últimos seis meses.

5. SECUENCIAS E TENDENCIAS NO USO DE DROGAS EN GALICIA

Secuencias e tendencias no uso de drogas en Galicia

5.1 As prevalencias nas distintas substancias

Nos capítulos precedentes analizáronse de forma particularizada as prevalencias das distintas substancias nos diversos períodos de tempo contemplados na enquisa Galicia 2004. Agora imos velas conxuntamente, así como a súa evolución e posibles tendencias. Os consumos observados nalgunha vez, os últimos seis meses e os últimos trinta días son os que se recollen na táboa 5.1 seguinte.

Táboa 5.1. O consumo doutras drogas en 2004, nos distintos períodos de tempo, en %

Substancias	Algunha vez	Últimos seis meses	Último mes
Inhalables	0,5	0,1	0,0
Cannabis	14,5	5,3	4,2
Cocaína	3,9	1,4	1,0
Drogas de Síntese	1,7	0,5	0,5
Alucinóxenos	1,2	0,2	0,05
Anfetaminas	1,1	0,1	0,1
Crack	0,1	0,0	0,0
Heroína	0,4	0,1	0,1
Outros Opiáceos	0,2	0,1	0,0
Tranquilizantes	5,0	2,9	2,6
Hipnóticos	1,5	0,9	0,8

Se tomamos agora os consumos de tabaco diario e de alcohol, temos a seguinte táboa 5.2.

Táboa 5.2. O uso de tabaco e de alcohol, en 2004, en %

TABACO		
Fuman actualmente:		
* Ocasionalmente	2,3	33,1
* Diariamente	30,8	
ALCOHOL		
Consomen alcohol:		
* No último mes	57,8	
* No día anterior	38,5	
*Bebedores abusivos	7,6	

Con respecto ás frecuencias ou prevalencias dos consumos doutras drogas no último mes, podemos ver a seguinte táboa 5.3.

Táboa 5.3. Frecuencia de consumo no último mes en drogas ilegais e psicofármacos, en 2004, en %

	Menos 1 vez semana	1 vez semana	2 a 6 veces semana	Diariamente
INHALABLES	0,0	0,0	0,0	0,0
CANNABIS	1,3	1,5	0,3	1,1
COCAÍNA	0,5	0,3	0,2	0,0
DROGAS DE SÍNTESE	0,3	0,1	0,1	0,0
ALUCINÓXENOS	0,05	0,0	0,0	0,0
ANFETAMINAS	0,05	0,0	0,0	0,0
CRACK	0,0	0,0	0,0	0,0
HEROÍNA	0,0	0,05	0,05	—
OUTROS OPIÁCEOS	0,0	0,0	0,0	0,0
TRANQUILIZANTES	0,3	0,1	0,1	2,1
HIPNÓTICOS	0,0	0,0	0,2	0,6

Obviamente, as prevalencias vistas anteriormente refírense ao conxunto da poboación de Galicia de doce anos en diante, pero, se analizamos os consumos segundo a variables máis discriminantes, o xénero e a idade, podemos ver que cada substancia ten uns picos porcentuais bastante maiores que a súa prevalencia xeral.

No que se refire ao xénero, podemos ver a táboa 5.4 seguinte.

Táboa 5.4. Prevalencias nas distintas substancias, segundo o xénero, en %

Substancias	Homes	Mulleres
TABACO (Diario)	37,9	24,4
ALCOHOL (Abusivo)	10,3	5,1
OUTRAS DROGAS (últimos seis meses)		
* INHALABLES	0,7	0,2
* CANNABIS	7,4	3,3
* COCAÍNA	2,5	0,4
* DROGAS DE SÍNTESE	0,8	0,3
* HEROÍNA (algunha vez)	0,7	0,1
* ALUCINÓXENOS (algunha vez)	2,0	0,6
* ANFETAMINAS (algunha vez)	1,7	0,5
* TRANQUILIZANTES	2,1	3,7
* HIPNÓTICOS	0,6	1,7
* CRACK (Algunha vez)	0,2	0,0
* OUTROS OPIÁCEOS (Algunha vez)	0,3	0,1

Os datos da táboa anterior amosan que, agás nos psicofármacos, os homes teñen unhas prevalencias maiores que as mulleres en todas as substancias. Non obstante, nalgúns grupos de idade novos, as distancias entre homes e mulleres redúcense ou invértense, como veremos máis adiante. Vexamos primeiro as prevalencias máis importantes en cada substancia, segundo a idade, na táboa 5.5 seguinte.

Táboa 5.5. As maiores prevalencias en cada substancia segundo a idade

Substancias	Idades	%
TABACO (Diario)	19-24	48,1
	25-39	46,7
	40-54	37,1
ALCOHOL (Abusivo)	19-24	10,1
	25-39	6,5
	40-54	10,2
OUTRAS DROGAS (últimos doce meses)		
Inhalables (alguna vez)	19-24	0,9
Cannabis	12-18	12,4
	19-24	18,0
	25-39	7,7
Cocaína	19-24	4,6
	25-39	2,2
Drogas de síntese	12-18	2,3
	19-24	2,8
Heroína (algunha vez)	19-24	0,6
	25-39	1,0
Alucinóxenos (algunha vez)	19-24	2,8
	25-39	0,6
Anfetaminas (algunha vez)	19-24	2,3
Tranquilizantes	40-54	4,4
	55 y más	3,9
Hipnóticos	55 y más	1,6
Crack (algunha vez)	25-39	0,2
Outros opiáceos (algunha vez)	25-39	0,5
	40-54	0,3

A partir destes datos, podemos ver que a estrutura das prevalencias de máximos consumos presenta catro niveis de idade.

- 1 O tabaco é o que ten un uso prevalente máis **amplo** (19 a 54 anos), cun máximo do 48,1% nos de 19-24 anos, seguido do 46,7% dos de 25-39 anos.
- 2 Nos **máis novos** (12-18 anos), hai que sinalar os inhalables (0,9%), o cannabis (12,4%), as drogas de síntese (2,3%). Nos de 19-24 anos, o cannabis (18%), o alcohol abusivo (10,1%), a cocaína (4,6%), a heroína (0,6%), as drogas de síntese (2,8%), os alucinóxenos (2,8%), as anfetaminas (2,3%) e outros opiáceos (0,5%).
- 3 No segmento de idade **intermedia** (25-39 anos), hai que destacar o alcohol abusivo (6,5%), o cannabis (7,7%), a cocaína (2,2%), a heroína (1,0%), os alucinóxenos (0,6%) e outros opiáceos (0,3%).
- 4 E nos grupos de idade **maiores** (40-54 anos e 55 e máis), temos o tabaco e o alcohol nos de 40-54 anos (37,1% e 10,2%) e os tranquilizantes (4,4%). E nos de 55 e máis, os tranquilizantes (3,9%) e os hipnóticos (1,6%).

Por último, segundo dicíamos antes, nalgúns grupos de idade novos, a distancia entre homes e mulleres redúcese ou invértese, como acontece co tabaco nos grupos de 12-18 anos (homes, 24,2% - mulleres, 25,6%) e os de 19-24 anos (homes, 48,2% - mulleres, 48,6%); co alcohol abusivo nos de 12-18 anos (homes, 3,3% - mulleres, 3,5%) e coas drogas de síntese nos de 25-39 anos (homes, 0,3% - mulleres, 0,7%).

5.2. A evolución dos consumos e perfis

Con respecto á evolución das distintas substancias a curto prazo (2002 a 2004) e a longo prazo (1988 a 2004), podemos ver as dúas táboas seguintes.

Táboa 5.6. Evolución do consumo de drogas no curto prazo (2002-2004), nos últimos seis meses, tabaco diario e abuso de alcohol, en %

	2002	2004	Diferenzas
Tabaco	32,1	30,8	-1,3
Alcohol	5,2	7,6	+2,4
Cannabis	6,0	5,3	-0,7
Cocaína	1,4	1,4	0,0
Anfetaminas	0,3	0,1	-0,2
Inhalables	0,1	0,1	0,0
Drogas de síntese	1,2	0,5	-0,7
Alucinóxenos	0,4	0,2	-0,2
Heroína	0,4	0,1	-0,3
Outros opiáceos	0,1	0,1	0,0
Tranquilizantes	3,4	2,9	-0,5
Hipnóticos	1,9	0,9	-1,0

Táboa 5.7. Evolución do consumo de drogas no longo prazo (2002-2004), nos últimos seis meses, tabaco diario e abuso de alcohol, en %

	1988	2004	Diferenzas
Tabaco	33,7	30,8	-2,9
Alcohol	10,7	7,6	-3,1
Cannabis	5,6	5,3	-0,3
Cocaína	1,7	1,4	-0,3
Anfetaminas	1,9	0,1	-1,8
Inhalables	0,2	0,1	-0,1
Drogas de síntese	0,8	0,5	-0,3
Alucinóxenos	0,6	0,2	-0,4
Heroína	1,0	0,1	-0,9
Outros opiáceos	0,4	0,1	-0,3
Tranquilizantes	4,1	2,9	-1,2
Hipnóticos	1,8	0,9	-0,9

* As drogas de síntese incluíronse en 1994

Se tomamos agora como referencia o tabaco diario, o alcohol abusivo e o consumo dos últimos seis meses, o do último mes e o consumo habitual nos oito estudos de Galicia, temos as táboas 5.8 e 5.9 seguintes.

Táboa 5.8. O consumo abusivo de alcohol e de tabaco diario (1988 a 2004)

Tabaco Diario		Abuso de alcohol	
Anos	%	Anos	%
1988	33,7	1988	10,7
1992	29,6	1992	10,8
1994	28,6	1994	10,5
1996	28,9	1996	8,4
1998	32,2	1998	6,9
2000	32,0	2000	8,5
2002	32,1	2002	5,2
2004	30,8	2004	7,6

Táboa 5.9. O consumo das distintas drogas en 1988, 1992, 1994, 1996, 1998, 2000, 2002 e 2004

	1988			1992			1994			1996		
	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual
Inhalables	0,2	0,1	0,0	0,1	0,00	0,00	0,20	0,13	0,00	0,2	0,1	0,0
Cannabis	5,6	5,0	1,2	2,4	2,00	0,60	2,70	2,35	0,50	3,7	2,7	0,3
Cocaína	1,7	1,5	0,1	1,5	1,25	0,10	2,00	1,65	0,16	1,8	1,3	0,1
Heroína	1,0	0,9	0,2	1,0	0,70	0,15	1,00	0,74	0,17	0,7	0,6	0,1
Drogas de Síntese	*	*	*	*	*	*	0,83	0,78	0,00	1,0	0,9	0,0
Alucinóxenos	0,6	0,3	0,0	0,2	0,05	0,00	0,30	0,17	0,00	0,4	0,3	0,0
Anfetaminas	1,9	1,4	0,2	0,4	0,35	0,10	0,60	0,39	0,00	0,6	0,4	0,0
Tranquilizantes	4,1	3,6	1,8	3,7	3,40	1,20	3,10	2,65	1,00	5,6	4,4	2,0
Hipnóticos	1,8	1,8	0,8	1,9	1,80	0,60	1,20	1,16	0,77	2,9	2,7	0,5
Analxésicos comúns	8,3	5,2	2,0	6,5	6,40	1,40	6,00	4,95	1,00	19,5	10,7	4,1
Analxésicos Morfínicos e outros opiáceos	0,4	0,3	0,1	0,3	0,26	0,06	0,30	0,21	0,00	0,4	0,3	0,0
Crack	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*

	1998			2000			2002			2004		
	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual	Últimos 6 meses	Último mes	Habitual
Inhalables	0,3	0,1	0,0	0,3	0,2	0,0	0,1	0,1	0,0	0,1	0,0	0,0
Cannabis	4,0	3,2	0,6	6,1	5,3	0,9	6,0	5,3	1,1	5,3	4,2	1,1
Cocaína	1,2	0,6	0,1	1,3	1,1	0,0	1,4	1,1	0,1	1,4	1,0	0,0
Heroína	0,5	0,4	0,1	0,5	0,4	0,1	0,4	0,3	0,1	0,1	0,1	0,0
Drogas de Síntese	0,7	0,6	0,0	0,7	0,5	0,0	1,2	0,8	0,0	0,5	0,5	0,0
Alucinóxenos	0,4	0,3	0,0	0,5	0,3	0,0	0,4	0,3	0,0	0,2	0,05	0,0
Anfetaminas	0,6	0,4	0,0	0,7	0,6	0,0	0,3	0,2	0,0	0,1	0,1	0,0
Tranquilizantes	4,8	4,3	2,2	3,9	3,3	2,1	3,4	3,2	1,8	2,9	2,6	2,1
Hipnóticos	2,4	2,2	0,4	1,7	1,6	1,4	1,9	1,8	1,4	0,9	0,8	0,6
Analxésicos comúns	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Analxésicos Morfínicos e outros opiáceos	0,5	0,5	0,0	1,1	0,9	0,4	0,1	0,1	0,0	0,1	0,0	0,0
Crack	0,1	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

* As drogas de síntese incluíronse na enquisa en 1994. E, nos analxésicos comúns, incluíronse en 1996 os salicilatos e o paracetamol; en 1998, 2000, 2002 e 2004 non se contemplaron na enquisa. O crack incluíuse por primeira vez en 1998.

** Na categoría habitual, inclúense tan só os consumidores diarios. Outras prevalencias tamén frecuentes en 2004, no último mes, pódense ver na táboa 5.3.

A partir dos datos das táboas anteriores, estamos en condicións de extraer unha serie de conclusións na evolución e posibles tendencias dos consumos nun período curto de tempo (2002 a 2004) e noutro longo (1988 a 2004). Vexamos:

a) Evolución período curto: 2002 a 2004 (táboa 5.6)

Ao ter tan só en consideración aquelas diferenzas que superen as dúas décimas, podemos ver que, entre 2002 e 2004, a posible evolución do consumo destas substancias sería a seguinte:

- Nunha tendencia de **descenso**, estarían o tabaco diario (-1,3%), o cannabis (-0,7%), as drogas de síntese (-0,7%), a heroína (-0,3%) e os tranquilizantes (-0,5%).
- En tendencia de **incremento**, estaría tan só o abuso de alcohol (+2,4%).
- E en tendencia de **estabilización** (sen diferenzas ou non superiores ou inferiores a dúas décimas), teríamos a cocaína, os alucinóxicos, as anfetaminas, os inhalables e outros opiáceos.

b) Evolución período longo de tempo: 1988 a 2004 (táboa 5.7)


Por outra banda, se temos agora en conta os consumos nun período de tempo de dezasete anos, dende o primeiro estudo en Galicia en 1988 e o actual de 2004, podemos ver, se temos en consideración as diferenzas maiores de tres décimas, o seguinte:

- **De incremento:** ningunha substancia.
- **De descenso:** con certa intensidade de descenso, o abuso de alcohol (-3,1%), o tabaco (-2,9%) e as anfetaminas (-1,8%); cunha intensidade media, os tranquilizantes (-1,2%) e a heroína e os hipnóticos (-0,9%), e, xa en menor proporción, os alucinóxicos (-0,4).
- **De estabilidade:** con diferenzas negativas non superiores a tres décimas, os inhalables, a cocaína, as drogas de síntese, o cannabis e outros opiáceos.

En resumo, cabe sinalar que a realidade das drogas en Galicia, nos dezasete anos nos que se investigou sobre isto, evolucionou moi positivamente. Non hai ningunha substancia cun incremento neto dende 1988, mentres que nalgúns de grande importancia epidemiolóxica e social, como o tabaco, o alcohol ou a heroína, se freou e mesmo se reduciu o seu consumo neto.

Quizais as máis refractarias estarían a ser as substancias vinculadas a un uso lúdico (cocaína, drogas de síntese e cannabis) que, unidas ao abuso de alcohol, no que hai unha repunta no curto prazo, constituirían hoxe o núcleo dun consumo eminentemente xuvenil sobre o que habería que centrar nos próximos anos un axeitada acción preventiva.

Gráfico 16
Evolución do consumo de tabaco diario, de 1988 a 2004



Evolución do consumo abusivo de alcohol, de 1988 a 2004





Gráfico 17
Evolución do consumo de cannabis nos últimos seis meses,
de 1988 a 2004



Evolución do consumo de cocaína nos últimos seis meses,
de 1988 a 2004





Gráfico 18
Evolución do consumo de heroína nos últimos seis meses,
de 1988 a 2004



Evolución do consumo doutros opiáceos nos últimos seis meses,
de 1988 a 2004





Gráfico 19
Evolución de drogas de síntese nos últimos seis meses,
de 1994 a 2004



Evolución dos alucinóxenos nos últimos seis meses,
de 1988 a 2004





Gráfico 20
Evolución das anfetaminas nos últimos seis meses, de 1988 a 2004



Evolución dos inhalables nos últimos seis meses, de 1988 a 2004






Gráfico 21
Evolución dos tranquilizantes nos últimos seis meses, de 1988 a 2004



Evolución dos hipnóticos nos últimos seis meses, de 1988 a 2004



6. O USO MÚLTIPLE DE DROGAS OU POLICONSUMO

O uso múltiple de drogas ou policonsumo

6.1. Consumo múltiple de drogas

En todo o dito ata aquí vimos con detalle o consumo das distintas substancias psicoactivas, pero fixémoslo unha a unha. Certamente, unha parte importante dos consumidores éo dunha soa substancia, pero outra parte tamén relevante é consumidora de máis dunha. Este consumo de varias substancias ou consumo múltiple denomínase policonsumo.

Co fin de computar estes consumos múltiples, tomáronse en consideración os seguintes indicadores: o tabaco diario, o abuso de alcohol, e cada unha das restantes substancias psicoactivas no consumo observado nos últimos seis meses; agás no crack, nos inhalables, na heroína e noutros opiáceos que se tomou o dalgunha vez, aínda que só para os modelos básicos de policonsumo.

A partir destas definicións dos consumos dos datos obtidos na presente enquisa, podemos ver que un **61,8% non fuma diariamente, non consome abusivamente alcohol ou non usou outras substancias** nos últimos seis meses. Un **29,9%** consumiu, nas anteriores condicións, **unha soa substancia**. Finalmente, un **8,3%** consumiu **varias substancias**.

Os datos en detalle son os que se recollen na táboa 6.1 seguinte.

Táboa 6.1. Distribución dos enquisados segundo o número de drogas consumidas*

Número de drogas consumidas	% sobre o total	% sobre consumidores
0	61,8	—
1	29,9	78,3
2	6,3	16,5
3	1,3	3,4
4	0,6	1,6
5 ou máis	0,1	0,2
Totais	100.0	100.0
(Bases)	(2.300)	(879)

* Tabaco diario, abuso de alcohol e outras substancias nos últimos seis meses

Se agrupamos un pouco os datos deste cadro, podemos ver que o 29,9% dos entrevistados que consome unha soa substancia significa o 78,3% dos consumidores, e o 8,3% que usa dúas ou máis sería o 21,7% dos consumidores.

Nun último grupo, temos un 2% (o 5,2% dos consumidores) que está a consumir tres ou máis substancias. Este grupo sería o máis especificamente **policonsumidor**, e nel poderían encadrarse, en termos absolutos, entre **45.000 e 47.000** persoas.

Non obstante, se temos en conta que, no que se refire ao tabaco e ao alcohol, só incluímos os fumadores diarios e os bebedores abusivos, o grupo que consome dúas substancias tamén é moi importante dende un punto de vista epidemiolóxico, xa que nel se inclúen outras 155.000 persoas.

Ambos os dous colectivos, que en conxunto serían ao redor de **200.000** persoas, constituirían o segmento de poboación de **maior risco**.

Comparativamente cos estudos anteriores, a evolución destes colectivos de policonsumidores foi a que se recolle na táboa seguinte.

Táboa 6.2. Evolución do uso múltiple de drogas 1988-2004

Nº Drogas que usas	1988	1992	1994	1996	1998	2000	2002	2004
Ningunha	53,3	59,4	59,6	60,1	60,2	58,7	60,2	61,8
Unha	32,0	29,1	27,6	27,8	30,6	30,4	31,1	29,9
Dúass	10,7	8,4	8,6	8,5	6,6	8,0	6,5	6,3
Tres e máis	4,0	3,1	4,3	3,6	2,6	2,9	2,2	2,0
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Se resumimos aínda máis o cadro anterior e tomamos conxuntamente os que consomen dúas ou máis drogas, obtemos a táboa 6.3 seguinte.

Táboa 6.3. Taxas de policonsumo de 1988 a 2004

1988	14,7%
1992	11,5%
1994	12,9%
1996	12,1%
1998	9,2%
2000	10,9%
2002	8,7%
2004	8,3%

Segundo estes datos, podemos ver que o **8,3%** de policonsumidores é a taxa máis baixa de todas as contempladas na serie. A este descenso contribuíu significativamente a diminución observada en 2004 no consumo de tabaco e noutras substancias ilegais, así como nos psicofármacos, visto no capítulo anterior.

Se afondamos agora nos datos de uso múltiple de drogas; nos seguintes cadros A e B, podemos ver as “asociacións de consumos diversos” existentes entre as distintas drogas e o “número de drogas asociadas a cada unha delas”.

Cadro A. Asociacións de consumos diversos

Substancias	Tabaco diario	Alcohol abusivo	Cannabis	Cocaína	Drogas Síntese	Heroína	Alucinógenos	Anfetaminas	Tranquilizantes	Hipnóticos
TABACO	76,3	48,9	68,0	69,7	90,6	100,0	65,2	54,6	34,0	24,2
ALCOHOL	12,0	47,3	19,6	30,6	29,0	48,7	18,0	54,8	8,8	0,0
CANNABIS	11,6	13,6	19,9	84,9	100,0	51,3	100,0	54,6	16,4	5,7
COCAÍNA	3,2	5,7	22,7	5,4	66,9	51,3	70,2	54,8	6,8	1,7
DROGAS SÍNTESE	1,6	2,1	10,4	26,1	0,0	0,0	82,0	54,8	1,1	0,0
HEROÍNA	0,2	0,4	0,6	2,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
ALUCINÓGENOS	0,4	0,4	3,3	8,6	25,7	0,0	0,0	54,8	0,0	0,0
ANFETAMINAS	0,1	0,4	0,6	2,2	5,6	0,0	18,0	45,2	0,0	0,0
TRANQUILIZANTES	3,2	3,4	9,1	14,2	5,6	0,0	0,0	0,0	45,8	46,5
HIPNÓTICOS	0,7	0,0	1,0	1,1	0,0	0,0	0,0	0,0	15,0	31,6

Na diagonal, os consumidores puros de cada substancia ou monoconsumidores.

Cadro B. Número de drogas asociadas a cada unha delas

Substancias	Tabaco diario	Alcohol abusivo	Cannabis	Cocaína	Drogas Síntese	Heroína	Alucinógenos	Anfetaminas	Tranquilizantes	Hipnóticos
Número										
1	76.3	47.3	19.9	5.4	0.0	0.0	0.0	45.2	45.8	31.6
2	17.8	38.7	45.2	8.1	0.0	0.0	18.0	0.0	34.5	62.7
3	3.4	8.2	19.2	42.8	19.6	48.7	0.0	0.0	12.5	1.7
4	1.9	4.3	12.4	33.4	48.5	51.3	28.7	0.0	6.1	4.0
5	0.5	1.1	2.7	8.0	26.3	0.0	35.3	0.0	1.1	0.0
6	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	54.8	0.0	0.0
7	0.1	0.4	0.6	2.3	5.5	0.0	18.0	0.0	0.0	0.0
8	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Media	1.33	1.75	2.35	3.39	4.24	3.51	4.53	4.29	1.82	1.78
Desv. estándar	0.70	0.93	1.08	1.07	0.95	0.50	1.55	2.99	0.94	0.67

As principais asociacións que cada substancia forma coas demais (Cadro A) serían as seguintes:

- Entre os fumadores de **tabaco** diario, un 12% é bebedor abusivo de alcohol e un 11,6% consome cannabis.
- Entre os usuarios abusivos de **alcohol**, un 48,9% é fumador diario de tabaco; un 13,6% consome cannabis; un 5,7%, cocaína; e un 2,1%; drogas de síntese.
- Dos consumidores de **cannabis**, un 68% é fumador diario de tabaco, o 19,6% bebeu alcohol de forma abusiva, un 22,7% consumiu cocaína e o 10,4%, drogas de síntese.
- No colectivo de consumidores de **cocaína**, un 69,7% é fumador e un 30,6% é bebedor abusivo; un 84,9% usou cannabis; un 26,1%, drogas de síntese; e un 2,1%, heroína.
- Entre os usuarios de **drogas de síntese**, un 90,6% é fumador; un 29% bebeu abusivamente; un 100% tomou cannabis; un 66,9%, cocaína; e un 25,7%, alucinóxenos.
- Entre os que consumiron **heroína**, un 100% é fumador; un 51,3% consumiu cannabis; un 51,3%, cocaína; e un 48,7%, alcohol.
- Entre os consumidores de **alucinóxenos**, o 65,2% é fumador; o 18%, alcohol abusivo; un 100%, cannabis; un 70,2%, cocaína; e o 82%, drogas de síntese.
- Entre os consumidores de **anfetaminas**, o 54,6% é fumador; un 54,8%, alcohol abusivo; o 54,6%, cannabis; e o 54,8%, cocaína e drogas de síntese.
- Dos consumidores de **tranquilizantes**, un 34% é fumador; un 8,8%, bebedor abusivo; e o 15% usou tamén hipnóticos e un 16,4%, cannabis.
- Dos consumidores de **hipnóticos**, un 24,2% é fumador e o 46,5% consumiu tranquilizantes.

Se se toman agora as medias de asociacións que cada droga ten con todas as demais (cadro B), podemos ver o seguinte:

Táboa 6.4. Medias de asociacións ou índices de policonsumo

Drogas e nº de orde	%	
1º	Alucinóxenos	4,53
2º	Anfetaminas	4,29
3º	Drogas de Síntese	4,24
4º	Heroína	3,51
5º	Cocaína	3,39
6º	Cannabis	2,35
7º	Tranquilizantes	1,82
8º	Hipnóticos	1,78
9º	Abuso de alcohol	1,75
10º	Tabaco diario	1,33

Segundo estes datos, catro tipos de substancias establecen unha media alta de asociacións con outras drogas, entre 4,53% e 3,51%: alucinóxenos, anfetaminas, drogas de síntese e heroína; outras dúas, entre 3,39% e 2,35%: cocaína e cannabis; e as catro restantes xa teñen un número menor, entre 1,82% e 1,33%: alcohol, tranquilizantes, hipnóticos e tabaco.

En xeral, as combinacións existentes de todas estas substancias configuran unha variedade moi ampla de usos múltiples de drogas; consideradas por pares de asociacións superan o centenar as asociacións observadas, pero a maior parte concéntranse nuns poucos modelos básicos de policonsumo, os cales imos ver seguidamente.

6.2. Os modelos básicos de policonsumo

Mediante a aplicación da mesma metodoloxía que nos estudos anteriores, realizamos unha análise factorial de compoñentes principais, co fin de buscar os tipos ou modelos básicos de policonsumo que explicasen unha parte máis compacta destes usos múltiples de drogas. Nesta ocasión, obtivemos tamén catro factores ou modelos básicos de policonsumo, cunha explicación da varianza do **56,6%**.

Os devanditos factores ou modelos de policonsumo obtidos podemos velos na táboa 6.5 seguinte:

Táboa 6.5. Matriz factorial de modelos de policonsumo

Substancias	Factores	1	2	3	4
Alucinóxenos		.800			
Drogas de síntese		.731			
Cocaína		.694			.391
Anfetaminas		.601			
Cannabis		.342	.567		.283
Tabaco			.674		
Alcohol		.197	.597		
Tranquilizantes				.788	
Hipnóticos				.774	
Heroína					.899
Outros opiáceos				.310	.640
Crack					.571
Inhalables		.230			.310
% Varianza		21,9	12,8	12,1	9,9
Varianza acumulada		21,9	34,6	46,7	56,6

A partir destes datos, os catro modelos básicos de policonsumo definiríanse do xeito seguinte:

- 1.º O modelo máis importante (21,9% da varianza) sería o constituído basicamente arredor dos **psicoestimulantes**: alucinóxenos, drogas de síntese, cocaína e anfetaminas; cos que se asocian tamén o cannabis, os inhalables e o alcohol.
- 2.º O segundo modelo (12,8% da varianza) sería o do **tabaco-alcohol**, con forte presenza do cannabis.
- 3.º O terceiro tipo ou modelo de policonsumo (12,1% da varianza) sería o formado basicamente polos **psicofármacos**, cos tranquilizantes e os hipnóticos e con presenza dos outros opiáceos.
- 4.º O modelo cuarto (9,9% da varianza) formaríano os **narcóticos**, coa heroína e os outros opiáceos e con presenza do crack, da cocaína, dos inhalables e do cannabis.

Con referencia aos modelos de policonsumo observados en 1998, 2000 e 2002, aparecen, en 2004, os mesmos catro modelos. Por outra banda, vemos que se consolida a ocupación do primeiro modelo polos psicoestimulantes, que nos últimos anos relegou ao segundo lugar aos narcóticos, o cal, pola súa vez, pasa xa ao último lugar, mentres que o segundo o ocupa o modelo tabaco-alcohol con cannabis. O cannabis segue sendo a droga comodín que aparece en tres dos catro modelos de policonsumo, e que ten a súa maior prevalencia xunto ao tabaco e ao alcohol.

Gráfico 22
OS MODELOS DE POLICONSUMO



OS PERFÍS DOS POLICONSUMIDORES

Anteriormente, na análise do consumo de tabaco, alcohol e outras drogas (capítulos 1, 2 e 3), vimos os **perfís** dos consumidores de **cada substancia** en particular. Pero, como acabamos de comprobar, unha parte importante deles son, en realidade, policonsumidores de varias substancias, e sono de xeito diferenciado nos catro modelos de policonsumo básicos.

Seguidamente, imos analizar cales son os perfís sintéticos dos consumidores, non dunha substancia en particular, senón de cada un dos catro modelos de policonsumo. Isto podemos facelo mediante as medias factoriais que, en cada modelo de policonsumo, teñen as distintas variables de clasificación, segundo se recolle na táboa 6.6 seguinte.

Táboa 6.6. Perfís sintéticos dos consumidores de cada modelo de policonsumo

MODELOS E PERFÍS	Medias factoriais	MODELOS E PERFÍS	Medias factoriais
1º PSICOESTIMULANTES		2º TABACO-ALCOHOL-CANNABIS	
Coruña	.134	A Coruña	.110
Vigo	.174	Santiago	.124
O Ferrol	.150	Vigo	.143
Santiago	.128	O Ferrol	.063
Poboacións 50.000-100.000 hab.	.037	Poboacións 50.000-100.000 hab.	.193
e de máis de 100.000	.114	e de máis de 100.000	.154
Homes	.121	Homes	.176
12 a 18 anos	.152	19 a 24 anos	.463
19 a 24	.306	25 a 39	.211
25 a 39	.110	Solteiros	.182
Solteiros	.148	Separados	.311
Viven en parella	.139	Parellas	.601
Con estudos de BUP ou FP	.130	Con estudos de:	
Profesionais	.126	* BUP-FP	.219
Parados	.608	* Medios-superiores	.193
Estudantes	.194	Traballan	.124
Consumidores de:		Parados	.875
* Alucinóxenos	3.271	Empresarios e directivos	.110
* Anfetaminas	2.598	Funcionarios e profesionais	.121
* Cocaína	1.153	Estudantes	.184
* Drogas de Síntese	3.353	Consumidores de:	
* Cannabis	.426	* Alcohol abusivo	2.615
Alcohol abusivo	.163	* Fumadores diarios	1.610
		* Cocaína	1.036
		* Cannabis	1.289

MODELOS E PERFÍS	Medias factoriais	MODELOS E PERFÍS	Medias factoriais
3º PSICOFÁRMACOS		4º NARCÓTICOS	
Cervo-Burela	.533	A Coruña	.176
O Ferrol	.140	Ferrol	.110
Lugo	.200	Vigo	.191
A Coruña	.160	Poboacións de máis 100.000 hab.	.145
Monforte	.195	Homes	.132
Poboacións de máis 50.000-100.000 hab.	.251	19-24	.184
Mulleres	.146	25 a 39 anos	.123
40 a 54 anos	.123	Separados	.182
e 55 e máis	.173	Solteiros	.110
Separados	.110	Estudos primarios	.105
Viúvos	.104	e medios	.117
Casados	.101	Parados	.265
Estudos primarios	.112	Consumidores de:	
Amas de casa	.219	* Heroína	3.743
Pensionistas	.122	* Outros opiáceos	1.210
Parados	.188	* Cocaína	1.503
Consumidores de:		* Cannabis	.699
*Tranquilizantes	2.625	* Inhalables	.197
*Hipnóticos	2.579	* Crack	.638

A partir dos datos da táboa anterior, podemos ver que os perfís sintéticos dos consumidores de cada modelo de policonsumo serían os que se expresan a continuación:

1 PSICOESTIMULANTES

Na Coruña, Santiago, Ferrol e Vigo; en poboacións urbanas medias e grandes. Os homes, de 12 a 18 anos e de 19 a 24 anos. Solteiros e os que viven en parella. Con estudos de BUP ou FP. Parados, profesionais e estudantes. E, principalmente, os consumidores de alucinóxenos, anfetaminas, cocaína, drogas de síntese, cannabis e alcohol abusivo.

2 TABACO-ALCOHOL-CANNABIS

Na Coruña, Vigo, Ferrol e Santiago; en poboacións intermedias e grandes. Os homes, de 19 a 24 anos e de 25 a 39 anos. Con estudos de BUP ou FP e medios-superiores. Solteiros, separados e parellas. Con emprego e parados e, entre os primeiros, empresarios e directivos, funcionarios e profesionais, obreiros, e estudantes. Os consumidores abusivos de alcohol e de tabaco diario e, en menor medida, os de cocaína e cannabis.

3 PSICOFÁRMACOS

En poboacións urbanas medias e grandes; nas áreas de Cervo, Ferrol e A Coruña. As mulleres, de 40 a 54 anos e de 55 en diante. Casados, separados e viúvos. De estudos primarios. Amas de casa e pensionistas. E os consumidores de tranquilizantes e hipnóticos.

4 NARCÓTICOS

En Coruña, Ferrol e Vigo, en poboacións urbanas grandes. Homes; de 19-24 anos e de 25 a 39 anos. Solteiros e separados. De estudos primarios e medios. Parados. Os consumidores de heroína e outros opiáceos e, en menor medida os de cocaína, cannabis, crack e inhalables.

Fundamentalmente, estes perfís dos distintos tipos de consumidores múltiples son os mesmos que os observados no estudo de 1998, no de 2000 e no de 2002; o cal nos indica que tanto os modelos de policonsumo como os seus tipos ou perfís de consumidores son moi definidos e estables, como vimos tamén nos de cada substancia en particular.

Parte segunda
MOTIVACIÓNS DA PERCEPCIÓN
DO RISCO, CONSECUENCIAS
E ACTITUDES, E MEDIDAS ANTE
AS DROGAS

1. MOTIVACIONES PARA O CONSUMO DE DROGAS

Motivacións para o consumo de drogas

Introdución

Unha vez vistos, na parte primeira do presente informe, todos os contidos **epidemiolóxicos** (prevalencias, patróns e perfís nos consumos das distintas substancias, áreas de risco, poli-consumos...), procede agora analizar, nesta parte segunda, as cuestións de carácter máis cualitativo relacionadas coa problemática do fenómeno das drogas.

Para tal efecto, e co propósito comparativo de todos os estudos de Galicia, conservamos a maioría das temáticas das que se dispón dunhas series históricas, tales como as motivacións nos consumos, as consecuencias derivadas destes, as actitudes e demandas de medidas e actuacións sinaladas pola poboación, así como o grao de coñecemento e valoración do Plan de Galicia sobre Drogas.

Non obstante, tamén resultaba conveniente introducir outras cuestións que foron tomando certa importancia na actual fenomenoloxía das drogas, tales como afondar no fenómeno do botellón (visto xa no capítulo sobre o alcohol na parte primeira), a percepción do risco e da perigosidade das drogas, ou a relación do ocio cos consumos das distintas substancias.

Nesta liña, o primeiro capítulo desta segunda parte está estruturado do seguinte xeito:

- Motivacións para o consumo de alcohol
- Motivacións para o consumo de drogas ilegais e psicofármacos

1.1. Motivacións para o consumo de alcohol

Retomamos, en primeiro lugar, os que consumiron alcohol durante o último mes, pedímoslles que nos indicasen a razón máis importante pola que tomaran bebidas alcohólicas. A seguinte táboa recolle os resultados obtidos sobre esta cuestión.

Táboa 1.1. Motivos para tomar bebidas alcohólicas

Motivacións	%
Por razóns de saúde	1,1
Por razóns familiares	0,3
Por razóns de relación	7,9
Por razóns económicas	0,2
Por problemas no traballo	0,1
Por influencia social	2,7
Por non poder deixar de beber	0,4
Porque me gusta	84,5
Non o teño claro	1,9
Por outros motivos ou problemas	0,9
Total	100,0
Base	(1.284)

Unha vez máis, temos unha razón que é predominante: oito de cada dez (o 84,5%) indican que toman bebidas alcohólicas porque lles gusta. Nun segundo plano, e con certa importancia, están as razóns de relación e as de influencia social (entre ambas as dúas supoñen o 10,6% das respostas obtidas). Pola súa parte, do resto de razóns, todas minoritarias, cómpre sinalar un 2,2% total que expresa diversas clases de razóns problemáticas (familiares, de saúde, de traballo, de adicción...). Por último, un 1,9% manifesta que non ten claras as razóns polas que bebe.

Na táboa seguinte podemos ver, comparativamente, os resultados obtidos en anteriores estudos da serie.

Táboa 1.2. Motivos para tomar bebidas alcohólicas (1988 -2004)

Motivacións	1988	1992	1994	1996	1998	2000	2002	2004
Porque me gusta	58,3	39,8	78,1	57,6	56,2	68,9	71,5	84,5
Por razóns de relación	13,9	30,1	13,9	17,6	21,8	16,9	13,0	7,9
Por influencia social	3,9	14,7	2,8	5,4	11,9	5,2	5,3	2,7
Por razóns familiares	0,8	5,0	0,3	13,0	0,7	4,0	2,7	0,3
Non o teño claro	3,6	2,7	2,4	3,3	4,1	3,6	2,7	1,9
Por razóns de saúde	1,6	1,9	0,8	0,8	1,5	0,5	2,7	1,1
Por outros motivos	6,5	1,9	1,3	1,2	1,1	0,3	1,4	0,9
Por razóns económicas	0,7	0,1	0,1	0,8	2,2	0,2	0,2	0,2
Por razóns de traballo	0,4	0,1	—	0,1	0,5	0,2	0,1	0,1
Por non poder deixar de beber	1,0	0,1	—	0,1	0,1	0,2	0,4	0,4
NS/NC	9,3	3,1	0,4	—	—	—	—	—
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

As motivacións en 2004 están na liña do que vén sucedendo ao longo da serie. En xeral, podemos dicir que as persoas que toman alcohol o fan, de xeito maioritario, porque lles gusta. Pola súa banda, as razóns de relación e de influencia social manteñen unha importancia relativa, con lixeiras oscilacións ao longo da serie, pero sempre como segunda motivación máis importante para consumir bebidas alcohólicas. As demais razóns sempre foron sinaladas por porcentaxes minoritarias, se ben non hai que ignoralas, xa que expresan situacións conflitivas e problemáticas, mesmo nalgúns casos a mesma adicción ao alcohol. Aquí habería que ter en conta tamén o dito no concenrente ao botellón (capítulo 2), onde o grupo de iguais e o ambiente son factores fundamentais para a súa práctica.

Con respecto ao perfil dos que, en maior medida, sinalan as motivacións máis importantes, e cunha significación entre $P < .05$ e $P < .001$, podemos ver o seguinte:

■ Porque me gusta

Con porcentaxes entre o 80% e o 90%: os homes, os de 40 a 50 e máis de 55 anos. Na Coruña, Lugo e Ourense, e en hábitats de 50.000-100.000 e de máis de 100.000 habitantes. Os casados e os que viven en parella. De nivel educativo baixo e medio. Traballadores, empresarios, autónomos e pensionistas. Os bebedores lixeiros e altos.

■ Por influencia social

Con porcentaxes entre o 3% e o 7%: as mulleres, as de 19 a 24 e 25-39 anos. Nas catro provincias e especialmente na Coruña; nas poboacións urbanas medias. Solteiros, casados e en parella. De nivel educativo medio. Parados, traballadores e estudantes. Bebedores moderados e de alto risco.

■ Por razóns de relación

Con porcentaxes entre o 10% e o 20%: as mulleres, os de 12-18 anos, 19-24 e 25-39. Na Coruña e Pontevedra, en poboacións pequenas e medias. Solteiros, casados e separados. De nivel educativo medio-alto. Estudantes, parados, amas de casa, empresarios, profesionais e traballadores. Bebedores moderados e altos.

■ Por razóns familiares

Con porcentaxes entre o 2% e o 4%: os homes, os de 40 anos en diante. En Pontevedra, en poboacións medias e grandes. Casados. De nivel educativo baixo. Amas de casa, parados e pensionistas. Bebedores lixeiros.

■ Por non deixar de beber

Con porcentaxes moi altas (15%), os bebedores de alto risco; e xa menores (2% a 3%): os homes, os de 40 e máis anos. En Vigo e Ferrol, en grandes núcleos urbanos. Parados e traballadores.


1.2. MOTIVACIÓNS PARA O CONSUMO DE DROGAS ILEGAIS E PSICOFÁRMACOS

A continuación, a aquelas persoas que indicaron que tomaron algunha vez algunha das drogas contempladas no estudo pedímoslles que nos desen a razón que máis influíu neles para consumilas. As respostas que obtivemos reflíctense na táboa 1.3.

Táboa 1.3. Motivos para consumir drogas ilegais e/ou psicofármacos

Motivacións	%
Por escapar a problemas persoais	1,9
Polo gusto de facer algo prohibido	11,1
Por pracer, por animarme	47,6
Por aburrimiento	7,7
Por estudar ou traballar mellor	0,5
Por facilitar a conversación ou o contacto social	3,5
Por problemas familiares	2,8
Por sentirme marxinado ou discriminado no traballo	0,1
Polas condicións de traballo	0,1
Por desexo de ser membro dun grupo e de ser aceptado por el	3,6
Por enfermidade, dor, nervios, para durmir	21,1
Total	100,0
Base	(416)

Con relación ao estudo de 2002, podemos ver o seguinte gráfico comparativo:



Segundo isto, vemos que en 2004 o conxunto de respostas de pracer/experimentación aumenta en 16,2 puntos, mentres que os de resposta social e sintomatolóxicas diminúen en 7 e 9,2 puntos, respectivamente. É dicir, as motivacións prevalentes para o consumo de drogas son as de carácter hedonista.

En función da droga consumida, as motivacións prevalentes en cada caso serían as seguintes:

Táboa 1.6. Proporción de consumidores de drogas ilegais e psicofármacos que sinalan distintos tipos de motivacións que os conduciron ao consumo, segundo droga de uso, en % (P< ,05 a P< 0,01)

Droga de uso	Motivacións		
	Pracer e experimentación	Resposta social	Sintomatolóxicas
Inhalables	70,0	30,0	0,0
Cannabis	78,4	20,7	0,9
Cocaína	71,9	28,1	0,0
Drogas de síntese	75,0	25,0	0,0
Heroína	70,0	30,0	0,0
Alucinóxicos	75,0	25,0	0,0
Anfetaminas	50,0	50,0	0,0
Tranquilizantes	10,4	19,4	70,1
Hipnóticos	4,8	0,0	95,2
Crack	65,5	44,5	0,0
Outros opiáceos	55,3	22,6	22,2
Total xeral	55,2	26,6	21,2

A partir dos datos desta táboa podemos concluír o seguinte:

- As motivacións de **pracer e experimentación** son sinaladas prevalentemente polos consumidores de inhalables, cannabis, cocaína, drogas de síntese, heroína, alucinógenos, anfetaminas, crack e outros opiáceos.
- As de **resposta social** sinálanas tamén os usuarios de inhalables, crack, cocaína, drogas de síntese, heroína, alucinógenos e anfetaminas.
- E as **sintomatolóxicas** menciónananas prevalentemente os que consomen tranquilizantes e hipnóticos e, xa en menor proporción, os doutros opiáceos, probablemente na súa función analxésica.

A estrutura destas motivacións, en función das drogas consumidas, é esencialmente a mesma que a observada en 2002.

Finalmente, segundo as distintas variables de clasificación, os perfís dos que, en maior medida, sinalan cada tipo de motivación para o consumo de drogas (con $P < ,05$ a $P < ,001$) son os seguintes:

■ Pracer e experimentación

Con porcentaxes entre o 40% e o 70%: os homes, os de 12-18 anos, 19-24 e 25-39. Na Coruña, Ourense e Pontevedra; nas poboacións urbanas medias e grandes, no litoral. Solteiros e en parella. Os de nivel educativo medio e alto. Estudantes, parados, profesionais e traballadores.

■ Resposta social

Con porcentaxes entre o 30% e o 45%: os homes, os de 12-18 anos por unha parte, e as de 25-39 por outra (é dicir, en razóns problemáticas). Nas provincias da Coruña e Lugo; en hábitats pequenos e grandes, e de modo moi parecido no litoral e no interior. Solteiros e en parella. De nivel educativo medio-alto. Estudantes, parados, empregados, traballadores e pensionistas.

■ Sintomatolóxicas

Con porcentaxes entre o 35% e o 45%: as mulleres, as de 40 a 54 anos e as de 55 e máis (neste grupo de idade chegan ata o 73%). En Lugo e Ourense; en hábitats rurais e urbanos medios, así como no interior. Casados. De nivel educativo baixo. Amas de casa, pensionistas e autónomos.

Estes perfís son tamén moi semellantes aos observados no estudo de 2002.

2. PERCEPCIÓN DO RISCO, INFORMACIÓN E PERIGOSIDADE DAS DROGAS

Percepción do risco, información e perigosidade das drogas

2.1. Percepción do risco

Logo de estudar as motivacións do consumo de drogas no capítulo anterior, analizamos seguidamente a percepción do risco ante as drogas por parte da poboación de Galicia de 12 anos en diante.

Comezamos, neste primeiro punto, mostrando os resultados obtidos nunha serie de cuestións que fan referencia á problemática de saúde ou de calquera outro tipo que, a xuízo dos entrevistados, provoca o consumo, máis e menos frecuente, de distintas substancias. Para iso, pedímoslle ao conxunto de entrevistados que valorase a problemática de cada consumo proposto, nunha escala de 1 a 4, nos seguintes termos:

1. Ningún problema	2. Poucos problemas	3. Bastantes problemas	4. Moitos problemas
--------------------	---------------------	------------------------	---------------------

E, en concreto, os resultados obtidos (en valor medio de 1 a 4) e % bastante-moito para cada un dos consumos considerados son os que mostramos na seguinte táboa.

Táboa 2.1. Percepción de problemas que xera o consumo de distintas substancias en puntuación media e % bastante-moito

Tipo e frecuencia de consumo	Valor medio	%
Fumar un paquete de tabaco diario	3,37	87,4
Tomar cinco ou seis tubos/copas a fin de semana	2,15	30,9
Tomar cinco ou seis tubos/copas cada día	3,19	79,8
Fumar haxix/marihuana unha vez ou menos ao mes	2,75	54,2
Fumar haxix/marihuana unha vez por semana ou máis	3,40	83,7
Tomar tranquilizantes/pastillas para durmir unha vez ou menos ao mes	2,61	46,4
Tomar tranquilizantes/pastillas para durmir unha vez por semana ou máis	3,27	76,6
Consumir éxtase unha vez ou menos ao mes	3,41	82,3
Consumir éxtase unha vez por semana ou máis	3,86	97,1
Consumir cocaína unha vez ou menos ao mes	3,60	92,3
Consumir cocaína unha vez por semana ou máis	3,94	98,2
Consumir heroína unha vez ou menos ao mes	3,75	95,5
Consumir heroína unha vez por semana ou máis	3,96	98,6
Consumir alucinóxenos (ácidos, tripis, LSD...) unha vez ou menos ao mes	3,66	89,2
Consumir alucinóxenos (ácidos, tripis, LSD...) unha vez por semana ou máis	3,95	95,8

Se se ten en conta que o valor intermedio da escala (2,50) representaría unha problemática media, detectamos que case todos os consumos representan para os entrevistados unha problemática elevada.

Tan só o consumo abusivo de alcohol en fin de semana e o uso de tranquilizantes de xeito esporádico son percibidos cunha perigosidade inferior ou lixeiramente superior a esa puntuación intermedia; en concreto, cunha valoración media de 2,15 e 2,61 puntos respectivamente. Isto estaría seguido do consumo esporádico de haxix ou marihuana unha vez ou menos ao mes (2,75 puntos).

O resto de consumos considerados obteñen un grao medio de percepción de problemas claramente superiores ao punto intermedio; en especial os consumos ætanto frecuentes, como esporádicosæ de substancias ilegais, como a heroína, os alucinóxenos, a cocaína e o éxtase.

Estes resultados son moi parecidos aos observados no estudo nacional de 2003 e noutro moi recente levado a cabo en Castilla-La Mancha a finais de 2004. En resumo, confirman un maior grao de tolerancia e menor percepción do risco nas drogas legais (tabaco, alcohol e tranquilizantes), cando non se fai un uso moi abusivo, e no cannabis, que no resto das substancias ilegais, nas que a percepción de risco e o rexeitamento é maior (sitúase nos usos abusivos por enriba do 90% da poboación estudada).

Seguimos aprofundando nesta análise e estudamos agora as diferentes percepcións da problemática que xeran os distintos consumos por parte dos consumidores e non consumidores de cada substancia.

Consumo dun paquete diario de tabaco

Táboa 2.2. Problemática media que xera o consumo dun paquete de tabaco diario segundo tipo de consumidores de tabaco

Tipo de consumidores de tabaco	Problemática media
Nunca fumaron	3,55
Ex fumadores	3,45
Fumadores ocasionais	3,42
Fumadores diarios	3,01
Media xeral	3,37

Os resultados son claros: a percepción de maior problemática do consumo dun paquete diario de tabaco é maior a medida que se ten menor relación co consumo, de maneira que aqueles que nunca fumaron perciben unha maior perigosidade que os fumadores diarios que, aínda que lle conceden certa importancia, son os que perciben en menor medida a problemática que provoca este consumo.

Consumo elevado de alcohol

Táboa 2.3. Problemática media que xera o consumo elevado de alcohol a diario e en fin de semana segundo a tipoloxía de bebedores

Tipoloxía de bebedores	Problemática media	
	Consumo elevado en fin de semana	Consumo elevado a diario
Non bebedores	2,27	3,26
Bebedores lixeiros	2,17	3,20
Bebedores moderados	1,93	3,08
Bebedores abusivos	1,77	2,57
Media xeral	2,15	3,19

Tamén nesta ocasión obtemos resultados bastante significativos: a menor consumo, maior percepción de que o consumo de alcohol elevado xera unha alta problemática. Detectamos como os consumidores de alcohol, en calquera tipoloxía, teñen unha percepción media de problemática inferior ao do conxunto de entrevistados; esta percepción de problemática descende a medida que a tipoloxía de consumidores considerada é máis elevada.

Consumo esporádico e frecuente de haxix/marihuana

Táboa 2.4. Problemática media que xera o consumo esporádico e frecuente de haxix/marihuana segundo os consumidores e non-consumidores destas substancias

Consumo de cannabis	Problemática media	
	Consumo esporádico	Consumo frecuente
Non consumidores	2,80	3,47
Consumidores	1,66	2,39
Media xeral	2,75	3,40

De novo existen diferenzas importantes na percepción da problemática que provoca o consumo de haxix/marihuana entre os consumidores e non-consumidores desta droga, tal como mostran os resultados da táboa anterior: mentres os non-consumidores teñen unha percepción claramente superior ao punto intermedio da escala, os consumidores ætanto no consumo frecuente coma no esporádicoæ perciben unha problemática media deste consumo inferior a ese punto intermedio.

Consumo esporádico e frecuente de tranquilizantes e pastillas

Táboa 2.5. Problemática media que xera o consumo esporádico e frecuente de tranquilizantes/pastillas segundo os consumidores e non-consumidores destas substancias

Consumo de tranquilizantes e/ou hipnóticos	Problemática media	
	Consumo esporádico	Consumo frecuente
Non consumidores	2,63	3,31
Consumidores	1,99	2,64
Media xeral	2,61	3,27

Con respecto ao consumo de tranquilizantes e hipnóticos, detectamos certa desigualdade en función da frecuencia do consumo: mentres o consumo esporádico non se percibe cunha elevada problemática (especialmente entre os consumidores destes produtos), o consumo frecuente leva consigo unha percepción de alta problemática, maior entre os non-consumidores.

Consumo esporádico e frecuente de drogas ilegais

Para a análise destas percepcións diferenciamos, por un lado, os que non tomaron ningunha das drogas ilegais consideradas nesta investigación (excluíndo o cannabis) e, por outro, os que consumiron algunha ou varias destas substancias (inhalables, cocaína, éxtase, heroína, analxésicos morfínicos, alucinóxenos, anfetaminas e crack).

Táboa 2.6. Problemática media que xera o consumo esporádico e frecuente de drogas ilegais segundo os consumidores e non-consumidores destas substancias

Consumo de drogas ilegais	Problemática media							
	Consumo esporádico				Consumo frecuente			
	Éxtase	Cocaína	Heroína	Alucinóx.	Éxtase	Cocaína	Heroína	Alucinóx.
Non consumidores	3,49	3,61	3,78	3,68	3,87	3,95	3,98	3,96
Consumidores	2,67	2,93	2,51	3,39	2,89	3,36	3,51	3,75
Media xeral	3,41	3,60	3,75	3,66	3,86	3,94	3,96	3,95

Como pode observarse na táboa anterior, todos os non-consumidores de cada droga ilegal teñen un grao de percepción maior dos problemas que comportan as drogas que os consumidores de cada unha delas.

Finalmente, tanto nos consumidores como nos que non o son, o perfil xeral dos que teñen unha menor percepción do risco en todas as substancias son os homes e os grupos de idade de: 19 a 24 anos en todas as substancias; os de 12-18 en tabaco, alcohol, cannabis e éxtase; os de 25-39 en tabaco, alcohol e cannabis; e os de 40 e máis anos nos hipnosedantes. Dun modo xeral, a menor percepción de risco dáse entre os solteiros e os que viven en parella; nos niveis educativos medio-baixos; nas poboacións urbanas grandes; e en poboación economicamente activa —incluídos os parados—, agás as amas de casa e os pensionistas nos hipnosedantes.

2.2. Información e percepción de perigosidade das drogas

A) Información sobre os efectos das drogas

Incluimos no cuestionario de consulta unha pregunta para coñecer o grao no que a poboación entrevistada se sente informada sobre a potencial perigosidade das drogas. Os resultados que obtivemos son os que reflectimos na seguinte táboa.

Táboa 2.7. ¿Séntese informado sobre os efectos das drogas?

Grado de información	%
1. Nada	4,1
2. Pouco	16,3
3. Algo	37,2
4. Bastante ou moito	42,4
Total	100.0
Base	(2.300)
Valor medio (entre 1 e 4)	3,18

Segundo estes resultados, aproximadamente, por cada persoa que di sentirse pouco ou nada informada sobre os efectos das drogas, hai dúas que din sentirse bastante ou moi informadas. Arredor dunha terceira parte séntese algo informada a este respecto.

En xeral, o grao de información sentida sobre a perigosidade das drogas é bastante elevado, cunha media de **3,18** puntos nunha escala de valores de 1 (nada informados) a 4 (bastante ou moi informados).

Precisamente, ao considerar este valor medio, podemos establecer os trazos sociodemográficos dos cidadáns que se senten máis e menos informados. Os resultados demostran que se senten máis informados aqueles de idades novas, estudantes (tamén profesionais), cun nivel alto de estudos e os pertencentes ás clases máis acomodadas; mentres que os que din sentirse menos informados sobre os posibles efectos das drogas son as persoas de maior idade, con baixos niveis de estudos, pertencentes ás clases pasivas.

Tamén se detectan certas diferenzas a este respecto nas variables xeográficas (provincias e tamaño de hábitat), tal e como se pode observar nos resultados concretos que recolleemos na seguinte táboa.

Táboa 2.8. Perfís dos que senten máis e menos informados sobre os efectos das drogas
(P<.005 en todos os casos)

Grado medio de información sentida: 3,18			
Menos informados		Máis informados	
Ourense	2,80	A Coruña	3,28
Pontevedra	3,16	Lugo	3,22
Cidades de ata 10.000 hab.	3,00	Cidades de máis de 50.000 hab.	3,40
Homes	3,12	Mulleres	3,23
		De 19-24 anos	3,41
De 40 e máis anos	2,97	De 25 a 29 anos	3,34
Amas de casa	3,03	Profesionais	3,47
Xubilados	2,82	Estudantes	3,36
Estudos primarios	2,96	Universitarios	3,61

En concreto, a poboación de 12 anos e máis das provincias de Ourense e Pontevedra e de menos de 10.000 habitantes é a que menos informada se sente a este respecto, mentres que sucede o contrario coa das provincias da Coruña e Lugo e poboacións de máis de 50.000 habitantes.

B) Percepción de perigosidade das drogas

No relativo ás razóns da perigosidade das drogas, pedímoslles aos entrevistados que nos sinalasen as dúas que, ao seu xuízo, lles resultasen máis importantes. As respostas obtidas foron as seguintes:

Táboa 2.9. Razóns da perigosidade das drogas

	% respostas	% casos
Porque teñen efectos secundarios na saúde	29,3	58,4
Porque, en moitas ocasións, están adulteradas	9,7	19,4
Porque crean adicción	29,0	57,8
Porque requiren un forte gasto económico	7,5	14,9
Porque poden provocar problemas familiares, laborais ou sociais	14,9	29,7
Porque, en certos casos, inducen á comisión de delitos	9,6	19,1
Por outras razóns	0,1	0,1
Total	100,0	199,3
Base	(4.530)	(2.272)

Do que contesta cada entrevistado extráese unha media de 1,99 razóns sobre as dúas posibles que podían ofrecer. Unha delas sobresaie por enriba das demais: os efectos secundarios sobre a saúde, razón que sinala o 58,4% dos entrevistados, seguida moi de preto de porque crean adicción (57,8% dos entrevistados). O resto de razóns adquire unha importancia menor en canto aos entrevistados que as mencionan, aínda que entre elas podemos destacar o feito de que as drogas poden provocar problemas familiares, laborais e sociais. O resto de razóns pode ser considerado como minoritario, a máis mencionada delas é o feito de que poden estar adulteradas, seguida da indución a delitos.

Podemos establecer o perfil daqueles que mencionan en maior medida as razóns máis comúns ao tomar como referencia as distintas variables sociodemográficas.

■ **Efectos secundarios sobre a saúde (58,4%)**

En Lugo (78,7%), en poboacións grandes (70,2%). Mulleres (63,9%), os de 40 anos e máis (62,9%). Casados (59,9%). De estudos medios-superiores (64,7%). Amas de casa (68,3%), pensionistas (64,7%) e empregados (61,2%).

■ **Están adulteradas (19,4%)**

En Ourense (23,4%), en poboacións grandes (24,3%). Homes (21,4%), os de 19-24 anos (23,7%). Solteiros (23,6%). De estudos medios. Os parados (19,9%) e empresarios (32%).

■ **Crean adicción (57,8%)**

En Pontevedra (66,5%) e Lugo (69,2%), en poboacións medias e grandes. Os de 12-18 anos (64%). Solteiros (62%). De estudos superiores (65,3%). Empresarios, profesionais (60%) e estudantes (64,5%).

■ **Provocan problemas (29,7%)**

En Ourense (41,3%) e A Coruña (50,7%), en poboacións medias (36,3%). Os de 40 a 54 anos (35,3%), casados (40,9%). De estudos primarios (32,3%). Parados (31,5%), amas de casa (32,2%) e profesionais (31,7%).

3. CONSEQUENCIAS DERIVADAS DO CONSUMO DE DROGAS, E AXUDAS PARA DEIXALAS

Consecuencias derivadas do consumo de drogas e axudas para deixalas

Introdución

Como é ben coñecido, os consumos de substancias psicoactivas, sobre todo cando se fai un uso abusivo, teñen unha serie de **consecuencias negativas** que crean serios problemas persoais, familiares, laborais, económicos, de saúde, e mesmo coa lei. Para afondar nesta cuestión, solicitóuselles aos consumidores de drogas ilegais (en conxunto representan o **19,3%** da poboación galega de doce anos en diante) que indicasen que tipo de problemas tiveran como consecuencia do consumo destas substancias.

Xunto a esta problemática, tamén consideramos na nosa análise o grao de **dependencia** que, a xuízo dos propios consumidores, lles xera o uso destas drogas.

Igualmente, dentro desta liña de consecuencias e dependencia do consumo de drogas, afondaremos na análise dos **tratamentos** ante ese consumo e consideraremos aspectos como a disposición ante eses tratamentos, as **consultas** e **consellos** para someterse a eles ou, indo un pouco máis alá, as **axudas** consideradas como máis importantes para axudar os consumidores de substancias psicoactivas.

Deste xeito, o terceiro capítulo da segunda parte do informe queda estruturado nos seguintes puntos:

- 3.1. Os problemas derivados do consumo de drogas
- 3.2. Dependencia subxectiva dos consumidores
- 3.3. Tratamentos e asesoramento para abandonar o uso
- 3.4. Axudas máis importantes aos consumidores de drogas

3.1. Os problemas derivados do consumo de drogas

Nunha serie de casos, o uso de drogas xera unhas consecuencias negativas nos consumidores, tanto máis intensas canto máis habitual e/ou abusivo se fai ese consumo. Estas consecuencias poden ser múltiples, do mesmo modo que o consumidor pode verse afectado simultaneamente por varias delas: problemas de saúde, persoais, familiares, sociais, de relación, laborais, coa lei e económicos.

Para os efectos de poder xerarquizar as consecuencias máis relevantes, pedímoslles aos consumidores de substancias ilegais e psicofármacos que nos sinalasen o problema máis importante que, a cada un deles en concreto, lles xerara o consumo destes produtos. As respostas que obtivemos son as que se reflicten na seguinte táboa 3.1.

Táboa 3.1. Problema máis importante causado polo uso de drogas

Problemas	%
De saúde	4,0
Familiares	3,0
Económicos para comprar o produto	2,3
Económicos para as miñas necesidades	0,8
Nos estudos	0,1
No traballo actual	0,1
Non me permite atopar traballo	0,1
Nas relacións con outras persoas	1,4
Coa lei ou coa policía	0,2
Ningún	88,0
Total	100,0
Base	(443)

E, se os resumimos nos tipos básicos de problemas, temos a táboa seguinte:

Táboa 3.2. Tipos básicos de problemas no consumo de drogas

Problemas	%
De saúde	4,0
Familiares e de relación	4,4
Económicos	3,1
Estudos-traballo	0,3
Coa lei	0,2
Ningún	88,0
Total	100,0

Un 88% dos consumidores indica que **non** experimenta aínda ningún problema no consumo de drogas; estes consumidores son fundamentalmente de carácter ocasional ou esporádico. E un 12% sinala que **si** experimentou algún destes problemas. A evolución no tempo foi a seguinte:

Táboa 3.3. Problemas máis importantes causados polo uso de drogas (1988-2004)

Tipos de problema	1988	1992	1994	1996	1998	2000	2002	2004
De saúde	14,9	29,9	20,0	45,9	6,5	4,2	9,6	4,0
Económicos	19,2	4,9	20,7	12,5	6,1	6,0	3,5	3,1
Familiares e de relación	8,1	11,1	13,8	9,4	8,7	4,2	3,2	4,4
Coa lei	3,6	0,4	2,1	3,1	—	0,6	1,8	0,2
De traballo ou estudos	2,6	0,8	2,1	2,7	2,2	0,5	0,8	0,3
Ningún	51,6	54,9	41,3	26,5	76,5	84,5	81,2	88,0
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Con relación a 2002, a proporción de consumidores que manifesta que ten algún problema descendeu en 6,8 puntos, e, con respecto a 1988, reduciuse en 36,4 puntos. Isto é coherente co descenso experimentado nos consumos das distintas substancias e tamén nos policonsumos, segundo se viu nos capítulos cinco e seis da primeira parta deste informe.

Táboa 3.4. Problemas máis importantes causados polo consumo segundo droga de uso

Droga de uso	Tipos de problemas						Total
	De saúde	Familiares e de relación	Económicos	De traballo e estudos	Coa lei	Ningún	
Alcohol	3,7	15,4	7,7	7,7	0,0	65,5	100,0
Cannabis	7,6	8,4	6,7	0,8	0,8	75,7	100,0
Cocaína	18,8	15,6	21,9	0,1	3,1	40,5	100,0
Síntese	8,3	25,0	8,3	0,1	0,1	49,5	100,0
Heroína	20,0	30,0	30,0	19,0	1,0	0,0	100,0
Alucinóxenos	33,0	33,0	1,0	0,1	0,1	32,9	100,0
Anfetaminas	30,0	30,0	1,0	1,0	0,1	37,9	100,0
Tranquilizantes	12,7	3,2	1,6	1,6	0,0	87,0	100,0
Hipnóticos	0,0	4,8	0,0	0,0	0,0	95,0	100,0
Total Xeral	4,0	4,4	3,1	0,3	0,2	88,0	100,0

Ao igual que noutros estudos, os usuarios de tranquilizantes e hipnóticos (os máis numerosos, por outro lado) determinan claramente a proporción xeral de consumidores que aseguran que non sofren consecuencias negativas derivadas do uso de drogas. Só un de cada dez consumidores de psicofármacos asegura que se ve afectado por problemas derivados do seu uso, o mesmo que en 2000 e 2002.

Non obstante, a situación é distinta cando nos referimos aos usuarios abusivos de alcohol e de drogas ilegais, a proporción de consumidores que sinalan que si tiveron problemas é a seguinte:

1º Heroína	100,0%
2º Alucinógenos	67,1%
3º Anfetaminas	62,1%
4º Cocaína	59,5%
5º Drogas de síntese	50,5%
6º Alcohol	34,5%
7º Cannabis	24,3%
8º Tranquilizantes	13,0%
9º Hipnóticos	5,0%

O resto das substancias (inhalables, crack e outros opiáceos) ten unha base de mostra tan escasa que non permite que os resultados obtidos sexan estatisticamente significativos.

No que se refire aos **perfís** dos que en maior proporción sinalan cada problema, podemos ver o seguinte:

■ De saúde

Entre un 6% e o 10%: os homes, os maiores de 40 anos. En Lugo e Pontevedra, en poboacións pequenas e nas moi grandes. Casados, separados e viúvos. De nivel educativo baixo. Traballadores pensionistas e autónomos. E os consumidores de heroína, alucinógenos, anfetaminas e cocaína.

■ Familiares e de relación

Entre o 5% e o 10%: os homes, os de 19-24 anos e os de 25-39 anos. En Ourense e A Coruña, en poboacións urbanas medias e grandes, o mesmo no litoral que no interior. Solteiros e en parella. De nivel educativo medio-alto. Parados, amas de casa, estudantes e traballadores. E os consumidores de alcohol, cocaína, drogas de síntese, heroína, anfetaminas e alucinógenos.

■ Económicos

Entre o 3% e o 5%: os homes, os de 12-18 anos e os de 19-24 anos. Na Coruña, en poboacións medias, no litoral. Solteiros e separados. De estudos de nivel baixo e medio. Parados, estudantes e traballadores. E os consumidores de alcohol, cocaína, drogas de síntese e heroína.

■ Estudos e traballo

Entre o 2% e o 5%: os de 19-24 anos e as de 25-39 anos. Na Coruña e Ourense, en poboacións pequenas e grandes, no litoral. Solteiros e separados. De nivel educativo medio. Parados, estudantes e traballadores. E os consumidores de alcohol e heroína.

■ Coa lei

Entre o 2% e o 6%: os homes, as de 12-18 e 19-24 anos. Na Coruña, en poboacións grandes, no litoral e no interior case por igual. Solteiros. De nivel educativo baixo. Parados, estudantes e empregados. Nos consumidores de cocaína e heroína.

3.2. Graos de dependencia subxectiva do consumo de drogas

Un uso das substancias psicoactivas prolongado certo tempo vai creando un hábito e, en moitas ocasións, unha auténtica adicción. Nunha enquisa é moi difícil distinguir entre estas dúas fases ou momentos no consumo dunha determinada substancia. Non obstante, hai un indicador que si permite detectar se o devandito consumo creou xa certa dependencia subxectiva; e este indicador é o consumidor cre que podería deixar de usar a ou as substancias en cuestión, así como o grao de dificultade que para iso tería.

As respostas obtidas ao respecto son as que se recollen na táboa 3.5 seguinte.

Táboa 3.5. Grao de dependencia expresado polos propios consumidores

¿Podería deixar de usar esta substancia?	%
Resultaríame imposible	1,2
Resultaríame moi difícil	3,5
Custaríame algún esforzo	7,4
Podería facelo doadamente	77,3
NS/NC	10,6
Total	100.0
Base	(443)

Segundo estes datos, vemos que un 10,6% dos consumidores de substancias psicoactivas non sabe precisar a súa resposta, mentres que un 89,4% si o fai. Destes, un 4,7% (o 5,3% sen os que non responden) indica que lles sería difícil ou imposible abandonar o seu consumo, un 7,4% (o 8,3% sen os NS/NC) cre que lle custaría algún esforzo, mentres que un 77,3% (o 86,4% sen os NS/NC) pensa que podería facelo doadamente.

Con isto, a evolución deste grao de dependencia subxectiva ao longo da serie é a que se expresa seguidamente.

Táboa 3.6. Grao de dependencia subxectiva (1988-2004)

Valor	¿Podería deixar o consumo?	1988	1992	1994	1996	1998	2000	2002	2004
4	Resultaríame imposible	2.5	2.4	12.4	4.3	9.7	2.4	2.4	1.2
3	Resultaríame moi difícil	4.3	5.3	18.6	12.9	12.7	5.1	4.1	3.5
2	Custaríame algún esforzo	15.7	15.0	15.2	35.5	9.7	8.1	9.5	7.4
1	Podería facelo doadamente	53.9	26.1	43.4	38.3	25.7	34.1	39.1	77.3
—	NS/NC	23.6	51.2	10.4	9.0	42.2	50.3	44.9	10.6
Total		100.0	100.0	100.0	100.0	100.0	100.0	100.0	100.0
Grao medio		1.4	1.7	2.0	1.8	2.1	1.5	1.5	1.4

A situación actual sobre a dependencia subxectiva no consumo de drogas é un pouco máis baixa cá observada en 2002, tanto polas porcentaxes dos tres primeiros graos de dificultade (16% en 2002 e 12,1% en 2004) como pola media (1,5 e 1,4), o cal é coherente coa diminución das substancias máis adictivas, como a heroína.

No que se refire ao grao de dependencia de cada substancia en particular, podemos ver a táboa seguinte.

Táboa 3.6. Grao de dependencia subxectiva segundo droga de uso

Droga de uso	Grao medio de dependencia subxectiva
Inhalables	1,08
Cannabis	1,18
Cocaína	2,41
Drogas de síntese	2,21
Heroína	2,47
Alucinóxenos	1,42
Anfetaminas	1,97
Tranquilizantes	2,01
Hipnóticos	2,02
Outros opiáceos	1,71
Grao medio xeral	1,40

Tan só os consumidores de inhalables e cannabis mostran un grao medio de dependencia subxectiva inferior ao do conxunto dos consumidores. Nunha situación intermedia están os usuarios de alucinóxenos, outros opiáceos, drogas de síntese, anfetaminas e hipnose-dantes; por último, a dependencia subxectiva máis intensa daríase na heroína, a cocaína e as drogas de síntese.

No que se refire ao perfil xeral dos que indican un maior grao de dependencia subxectiva, cómpre destacar o seguinte: os homes algo máis que as mulleres, os de 19-24 anos, 25-39 anos e 40-54 anos. No litoral. Solteiros, casados e en parella. De nivel educativo baixo e medio-alto. Amas de casa, parados, pensionistas e profesionais.

Con respecto á relación entre o maior grao de dependencia coas substancias concretas, o perfil de varóns, novos e de nivel educativo e ocupacional medio-alto asóciase á dependencia do uso de drogas ilegais; mentres que o de mulleres, de maior idade e nivel educativo e ocupacional máis baixo se relaciona máis coa dependencia no uso de hipnose-dantes.

3.3. Tratamento para deixar as drogas e consultas a expertos

A continuación, imos analizar a actitude dos consumidores ante o asesoramento e o tratamento do seu consumo. A primeira das cuestións que estudamos trata sobre o recurso dos usuarios de drogas a médicos ou servizos sanitarios ante os problemas de saúde derivados do consumo de substancias psicoactivas.

a) Consultas a expertos


Nesta cuestión as respostas obtidas son as que se recollen na táboa 3.8 seguinte.

Táboa 3.8. ¿Realizou algunha consulta a expertos ante problemas de saúde derivados do consumo de drogas?

¿Realizou algunha consulta?	%
Non	79,9
Sí	20,1
Total	100
Base	(443)

Vemos que un **20,1%** dos consumidores consultou nalgunha ocasión a un médico por este problema, mentres que un 84,6% non o fixo nunca.

E agora podemos comparar a proporción de consumidores que recorreron a consultar expertos sanitarios con respecto a outros anos. O seguinte gráfico 24 recolle esta evolución.



Despois da estabilidade entre 1998 e 2002, a porcentaxe de usuarios que realizou consultas con respecto ao ano anterior diminúe en case 6 puntos. Isto concorda tamén coa diminución dos consumos experimentados na maioría das substancias.

Se se toman en consideración agora aqueles que si realizaron consultas, podemos ver, segundo a droga consumida, o seguinte:

Táboa 3.9. Proporción de consumidores de distintas drogas que realizaron consultas a expertos

Droga de uso	%
Alcohol abusivo	16,7
Cannabis	8,8
Cocaína	15,6
Drogas de síntese	25,0
Heroína	70,0
Alucinógenos	25,0
Anfetaminas	30,0
Tranquilizantes	10,1
Hipnóticos	13,9
Crack	30,0
Outros opiáceos	40,0
Total xeral	20,1

Nestes consumidores de drogas, os que en maior proporción realizaron algunha consulta serían os usuarios de heroína, alucinógenos, anfetaminas, cocaína, crack e outros opiáceos.

Con respecto ao perfil dos que en maior proporción realizaron esta consulta, con porcentaxes entre o 15% e 30%, podemos ver o seguinte: as mulleres, os de 19-24 anos, 25-39 anos e 40-54 anos. En poboacións medias. Os casados e os solteiros. De nivel educativo baixo e medio-alto. Parados, amas de casa, pensionistas, empresarios e traballadores.

b) Consellos para recibir tratamento


En certa relación co anterior, nos puntos seguintes imos referirnos aos datos dos tratamentos ante o consumo de drogas, e é o primeiro punto de estudo o consello recibido polos consumidores para seguir algún tipo de tratamento. Os resultados obtidos son os que se recollen na táboa 3.10 seguinte.

Táboa 3.10. ¿Recibiu consello para seguir tratamento?

	%
Sí, de diferentes persoas	17,1
Non, de ningún	82,9
Total	100,0
Base	(443)

Un pouco menos de dous de cada dez consumidores (o 17,1%) indica que si recibiron nalgunha ocasión consello para realizar un tratamento para o seu consumo de drogas. Comparativamente cos estudos anteriores podemos ver o gráfico 25 seguinte.

Gráfico 25
Proporción de consumidores aos que se lles aconsellou seguir tratamento (1988-2004)



O descenso experimentado de -3,6 puntos na recepción de consello para realizar un tratamento está na mesma liña do visto anteriormente.

Vexamos agora (táboa 3.11) quen son as persoas que aconsellan os consumidores para someterse a tratamento.

Táboa 3.11. ¿De quen recibiu consello para seguir tratamento?

¿De quen recibiu consello para seguir tratamento?	% sobre o total de consumidores que responden	% sobre o total de consumidores que recibiron consello
Do médico ou sanitario	11,8	69,0
Do profesor	0,2	1,2
Dos pais	1,3	7,6
Da parella	1,5	8,8
De amigos	1,6	9,4
Doutro consumidor	0,7	4,0
Non recibín consello de ninguén	82,9	—
Total	100,0	100,0
Base	(443)	(76)

Case sete de cada dez consumidores que recibiron consello para someterse a tratamento (69%) foi dun médico ou sanitario. A parella (8,8%) e os amigos (9,4%) son os outros dous referentes máis importantes. A continuación están os pais (7,6%).

Dun modo máis específico podemos ver a proporción de usuarios que recibiron consello para seguir tratamento segundo as diferentes drogas de uso.

Táboa 3.12. Proporción de consumidores de distintas drogas que recibiron consello para seguir tratamento

Droga de uso	%
Alcohol	20,5
Cannabis	10,5
Cocaína	18,2
Drogas de síntese	22,5
Heroína	60,1
Alucinóxenos	15,0
Anfetaminas	15,0
Tranquilizantes	28,6
Hipnóticos	11,1
Outros opiáceos	26,5
Total xeral	17,1

Os que en maior proporción recibirían consello para seguir un tratamento serían os consumidores de heroína, tranquilizantes, drogas de síntese, cocaína e outros opiáceos. As anfetaminas e os alucinóxenos estarían nunha posición intermedia. Por último teríamos os consumidores de hipnóticos e cannabis.

c) Disponibilidade ante o tratamento


Como conclusión deste apartado do tratamento para o abandono do consumo de drogas veremos a disposición que mostran os consumidores para someterse a este tipo de tratamentos. Recollemos na seguinte táboa 3.13 os resultados obtidos ao respecto.

Táboa 3.13. Disposición dos consumidores ante o tratamento para abandonar o consumo de drogas

Disposición ante o tratamento	%
Xa o estou a seguir ou seguino	7,0
Non o sigo, pero quería facelo	2,1
Non creo que sexa necesario	38,2
Non me interesa facelo	52,7
Total	100,0
Base	(310)

Un 70% dos consumidores (310) responde a pregunta. Facendo base cen neles, como nos estudos anteriores, un 7% indica que xa o están a seguir ou o seguiron, e un 2,1% que non o fan, pero que lles gustaría facelo; o 90,9% restante non cre que sexa necesario ou non lle interesa facelo. Segundo o gráfico seguinte, podemos ver os que o seguen ou o seguiron en relación cos estudos anteriores.

Gráfico 26
Proporción de consumidores que seguen ou xa seguiron tratamento (1988-2004)



A partir dos datos do gráfico, vemos que, dende o comezo da serie e ata o ano 1994, se experimenta un incremento da proporción de consumidores que se estaban a someter a tratamento ou que se someteran previamente, e que pasou do 1,4% en 1988 ao 13,8% en 1994. Pero esta evolución crecente experimenta un cambio a partir de 1996, cando esa porcentaxe descende ata o 11,0%. Dende entón experimentábase un descenso continuado da proporción de consumidores que seguen tratamento, chegando en 2000 ao 6,6%. E en 2002 parece estabilizarse, aínda que cunha lixeira repunta do 0,6% (7,2%), o cal se confirma en 2004 (7%). Obsérvase que, malia o descenso dos consumos e dos indicadores de consulta e asesoramento, os tratamentos teñen unha maior continuidade no tempo e, polo tanto, maior solidez que os devanditos indicadores.

No que se refire á disposición que mostran ante o tratamento os consumidores das distintas drogas, podemos ver o seguinte.

Táboa 3.14. Proporción de consumidores de distintas drogas que seguen ou seguiron tratamento

Droga de uso	%
Alcohol	10,0
Cannabis	6,0
Cocaína	14,6
Drogas de síntese	13,5
Heroína	50,0
Alucinóxicos	5,0
Anfetaminas	5,0
Tranquilizantes	11,7
Hipnóticos	5,0
Outros opiáceos	20,0
Total xeral	7,0

As maiores porcentaxes dos que están seguindo ou seguiron un tratamento daríanse entre consumidores de heroína, cocaína, drogas de síntese e outros opiáceos (xeralmente policonsumidores). A estes seguiríanos os de tranquilizantes. E por último, os de alucinógenos, anfetaminas, cannabis e hipnóticos.

Nos consumidores de drogas ilegais que están a seguir ou seguiron un tratamento, destacan os varóns, de idades novas e medias, de nivel educativo medio, parados e traballadores. E entre os dos hipnosedantes, as mulleres, as de idades medias e maiores, de nivel educativo baixo, amas de casa e pensionistas. Estes perfís son os mesmos que os observados en 2002.

3.4. Axudas para deixar as drogas

Por último, neste punto veremos os resultados obtidos na variable en que lles pedimos aos consumidores de drogas que nos indicasen o servizo ou axuda máis importante que, ao seu xuízo, deberían prestarlles aos que o necesitasen.

As respostas obtidas distribúense tal e como mostramos na seguinte táboa.

Táboa 3.15. Axuda máis importante para deixar as drogas segundo os consumidores

Tipo de axuda	%
Desintoxicación da droga	43,5
Atención médico-sanitaria en xeral	13,2
Axuda psicolóxica ou psicoterapia	31,6
Axuda en formación laboral	4,2
Axuda para atopar traballo	2,4
Axuda en xestións administrativas de documentos	0,1
Asesoramento á familia	2,7
Axuda na reinserción social	2,1
Axuda e asesoramento ante problemas legais ou xurídicos	0,2
Total	100,0
Base	(433)

Segundo estes datos, as axudas máis importantes para o abandono da droga, segundo os consumidores, serían as seguintes: desintoxicación da droga (43,5%), atención médico-sanitaria (13,2%) e axuda psicolóxica e psicoterapia (31,6%), que en total suman o **88,3%** das respostas.

A evolución experimentada sería a que se recolle na táboa 3.16 seguinte.

Táboa 3.16. Axuda máis importante para deixar as drogas segundo os consumidores (1992-2004)

Tipo de axuda	1992	1994	1996	1998	2000	2002	2004
Desintoxicación da droga	15.9	27.6	18.2	35.0	25.4	26.2	43.5
Atención médico-sanitaria en xeral	11.4	26.9	13.6	8.8	13.8	21.1	13.2
Axuda psicolóxica ou psicoterapia	8.6	23.4	26.7	14.4	18.5	32.8	31.6
Axuda en formación laboral	0.4	0.7	1.2	2.1	4.1	3.7	4.2
Axuda para atopar traballo	2.9	4.1	6.2	3.5	6.9	5.1	2.4
Axuda en xestións administrativas	—	—	0.4	—	0.4	0.1	0.1
Asesoramento á familia	1.2	2.8	1.6	13.8	1.0	2.3	2.7
Axuda na reinserción social	2.4	2.1	7.0	4.7	10.4	8.5	2.1
Axuda ante problemas legais ou xurídicos	0.4	0.7	1.2	0.3	0.6	0.1	0.1

Unha vez máis, as tres clases de axudas máis demandadas son as mesmas que nos estudos anteriores: a axuda psicolóxica ou psicoterapia, a desintoxicación da droga e a atención médico-sanitaria en xeral. E nos postos cuarto e quinto, a axuda na formación laboral e a axuda á familia. Por iso, a pesar das oscilacións porcentuais interanuais, o estado de opinión ao respecto é bastante estable na súa estrutura básica. Quizais caiba sinalar o ascenso de 17,3 puntos na desintoxicación das drogas.

O perfil dos que en maior medida sinalan cada unha destas cinco principais axudas sería o seguinte:

■ **Desintoxicación da droga**

Entre un 35% e un 45%: mulleres, os 12-18 e 19-24 anos. En Lugo e Pontevedra, en poboacións urbanas grandes. Os casados e os separados. De nivel educativo baixo e medio. Estudantes, funcionarios, parados e profesionais. E os consumidores de cocaína, heroína, alucinógenos, anfetaminas e drogas de síntese.

■ **Atención médico-sanitaria**

Entre o 15% e o 25%: as mulleres, os de 25 a 39 anos. En Lugo, en poboacións pequenas e medias, no litoral. Casados e parellas. De nivel educativo medio-baixo. Estudantes, amas de casa e obreiros. E os consumidores de alcohol abusivo, de heroína e de cocaína.

■ **Axuda psicolóxica ou psicoterápica**

Entre o 30% e o 40%: os homes, os de 12-18 e 19 a 24 anos. Na Coruña, Lugo e Pontevedra, en poboacións urbanas pequenas e grandes, no litoral. Solteiros e en parella. De nivel educativo medio-alto. Parados, estudantes, amas de casa, empresarios e empregados. E os consumidores de alcohol abusivo, de cocaína, de cannabis e de drogas de síntese.

■ **Axuda para atopar traballo**

Entre o 5% e o 10%: os homes, os de 19 a 24 anos. Na Coruña e Pontevedra, en poboacións pequenas e medias. Solteiros. De nivel educativo medio. Estudantes, traballadores e parados. E os consumidores de cocaína, de drogas de síntese e de cannabis e os bebedores abusivos.

■ **Axuda na reinserción social**

Entre o 5% e o 10%: os homes, os de 19-24 e 25-39 anos. En Ourense, A Coruña, Lugo, en poboacións pequenas e moi grandes, no interior. Separados. De nivel educativo baixo. Parados, traballadores e autónomos. E os consumidores de heroína e opiáceos.

■ **Axuda para a formación laboral**

Os homes, as de 12-18 e 19-24 anos. En Ourense, en poboacións pequenas e medias. Solteiros, de nivel educativo baixo. Parados, estudantes e traballadores.

4. OCIO, DIÑEIRO E DROGAS

Introdución

A dispoñibilidade de tempo libre e de diñeiro para o ocio é unha cuestión moi considerada especialmente polos mozos. Esta cuestión foi bastante estudada nas investigacións realizadas sobre mozos. Nunha ampla investigación comparativa (Muñoz Carrión, A.; 1994)¹ sinálase que o grao de satisfacción dos mozos españois co seu tempo libre pasou dun 50% en 1976 a un 70% na década dos oitenta. Noutro estudo posterior (Comas, D. e Aguinaga, J.; 1997)² estúdanse os cambios de hábitos producidos no uso do tempo por parte dos mozos. E, recentemente, noutro estudo realizado en mozos de Castilla-La Mancha (Navarro, J.; 2003)³ o 72,2% considéranos moi importante.

Na presente investigación introduciuse, por primeira vez en Galicia, a análise do tempo e do diñeiro de ocio e a relación cos consumos de drogas.

Os contidos específicos deste capítulo artículanse do modo seguinte:

■ 4.1. Tempo dedicado ao ocio

Cantas horas ao día dedica ao ocio.

Número de días que saen cos seus amigos nunha semana e horas.

Tempo de ocio e consumo de drogas.

■ 4.2. Diñeiro dispoñible para ocio e consumo de drogas

Vexamos a continuación todas estas cuestións.

¹ Muñoz Carrión, A. (1994): "Consumo y ocio" en *Historia de los cambios de mentalidades de los jóvenes entre 1960 e 1990* (páxs. 241-258). INJUVE. Madrid.

² Comas, D. e Aguinaga J. (1997): *Cambio de hábitos en el uso del tiempo*. INJUVE. Madrid.

³ Navarro, J. (2003): *Modelos de ocio e drogas*. FISCAM. Toledo.

4.1. Tempo dedicado ao ocio

Cantas horas ao día dedica ao ocio

Os resultados obtidos para os días laborables e as de fin de semana son os que se recollen na táboa 4.1.

Táboa 4.1. Horas dedicadas ao ocio diariamente

Horas	Laborables	Fin semana
Ningunha	0,8	0,5
1 a 2	32,2	8,4
3 a 4	39,8	21,8
5 a 6	13,8	27,6
7 a 8	6,3	23,9
9 e máis	7,1	17,8
Total	100,0	100,0
Base	(2.300)	(2.300)
Media en horas	3,79	6,25

A media de horas dedicada diariamente ao ocio nos días de fin de semana é case a dobre (6,25) que nos días laborables (3,79), o que nos dá unha *ratio* de **1,65**. Nos días laborables, as maiores porcentaxes sitúanse arredor das catro horas (72%), mentres que na de fin de semana está entre 5 e 9 ou máis horas (69,3% do seu total).

Número de días que saen cos seus amigos nunha semana normal

Sobre este particular, os resultados obtidos son os que se recollen na táboa 4.2 seguinte:

Táboa 4.2. Número de días que saen cos seus amigos na semana en %

Nos días laborables	
Ningún	62,7
1 día	6,5
2 días	8,7
3 días	6,9
4 días	4,7
5 días	10,5
Nos días de fin de semana	
Ningún	41,5
1 día	32,9
2 días	24,3
3 días	1,4

Nos días laborables, un **32,7%** dedica un ou máis días a saír cos amigos, mentres que un **62,7%** non dedica ningún. E nas fins de semana, a proporción dos que saen elévase ao **58,5%**, mentres que a dos que non o fan se sitúa no **41,5%**. A media de días nos días laborables é, no conxunto, de **1,15** e nos días de fin de semana é de **0,86**, se ben a proporción sobre os días posibles en laborables é dun **23%** e nas de fin de semana é do **29%**.

Horas que saen ao día cos seus amigos

No que se refire ás horas que saen ao día cos seus amigos os que o fan, aparece recollido na táboa seguinte.

Táboa 4.3. Horas que saen ao día cos seus amigos

Horas	Laborables	Fin semana
1	36,9	3,4
2	40,7	20,4
3	11,4	15,3
4	6,2	20,2
5	3,7	14,3
6	0,7	12,9
7	0,2	4,2
8 ou máis	0,2	9,2
Total	100,0	100,0
Base	(752)	(1.339)
Media horas	2,04	4,36

A media de horas diarias que saen cos seus amigos nos días laborables é de **2,04**, mentres que nos días de fin de semana se eleva a **4,36**. Se relacionamos estas medias cos amigos co total de horas dedicadas ao ocio (media de **3,79** nos días laborables e de **6,27** nas de fin de semana), vemos que significan o **54%** nos laborables e o **70%** nos festivos do total do tempo dedicado ao ocio.

Tempo de ocio e consumo de drogas

Dado que o consumo de drogas se dá moi principalmente nos días de fin de semana e co grupo de amigos, imos ver se existe unha clara relación entre este tempo de ocio e o consumo de substancias psicoactivas.

Vexamos a este respecto a táboa seguinte:

Táboa 4.4. Tempo de ocio cos amigos en días de fin de semana e consumo de drogas

Drogas	Media hora día	
	Non consumidores	Sí consumidores
Alcohol abusivo	4,17	5,62
Cannabis	4,18	6,31
Cocaína	4,31	6,57
Drogas síntese	4,31	8,53
Heroína	4,32	6,01
Alucinóxenos	4,34	8,70
Anfetaminas	4,35	8,39
Tranquilizantes	4,37	3,92
Hipnóticos	4,37	3,94

No alcohol abusivo e en todas as drogas ilegais, o tempo dedicado ao ocio, cos amigos e en días de fin de semana, é moi superior nos que si as consomen que entre os que non o fan; e moi especialmente no caso dos alucinóxenos, as drogas de síntese, as anfetaminas e a cocaína. O perfil destes consumidores é basicamente o seguinte: mozos de 12-18 anos e de 19-24 anos, así como un amplo segmento dos de 24-39 anos. As súas motivacións principais son as de pracer e experimentación e as de resposta social (transgresión, o grupo, o contacto e relación social...), segundo vimos no capítulo de "Motivacións".

Pola contra, entre os non-consumidores de tranquilizantes e hipnóticos, a media de horas en días de fin de semana cos amigos é maior á dos si consumidores. Isto é debido a que os devanditos consumidores son persoas maiores de 40 anos e que as súas motivacións para o consumo son principalmente sintomatolóxicas (calmar a dor ou os nervios, durmir...).

4.2. Diñeiro dedicado ao ocio e consumo de drogas

E o mesmo acontece co diñeiro dedicado ao ocio: a maior diñeiro dedicado máis consumo de drogas. Vexamos isto a continuación.

En primeiro lugar, o diñeiro dedicado ao ocio é o seguinte:

Táboa 4.5. Diñeiro semanal dedicado ao ocio

Euros	%
Nada	0,3
Ata 3	0,7
De 4 a 5	2,5
De 6 a 10	9,8
De 11 a 15	4,4
De 16 a 30	45,3
Máis de 30	37,0
Total	100,0
Base	(1.533)
Medias oras	37,51

Entre aqueles que teñen algún tempo de ocio, en días laborables e/ou fin de semana (o 67% da poboación de 12 e máis anos), a media semanal dedicada é de **37,51** euros.

Se relacionamos a media de diñeiro en ocio entre os non e os si consumidores de drogas, podemos ver a seguinte táboa.

Táboa 4.6. Diñeiro dedicado ao ocio e consumo de drogas

Drogas	Media en euros	
	Non consumidores	Sí consumidores
Alcohol abusivo	34,47	56,04
Cannabis	36,06	48,20
Cocaína	36,02	72,38
Drogas síntese	37,04	68,03
Heroína	36,47	126,87
Alucinóxenos	37,15	98,77
Anfetaminas	37,04	68,36
Tranquilizantes	37,09	53,90
Hipnóticos	37,04	59,56

En todas as substancias, sen excepción, o diñeiro dedicado semanalmente ao ocio é superior entre os si consumidores que entre os que non o son; destacan especialmente os de heroína, alucinógenos e cocaína; seguidos dos de anfetaminas e drogas de síntese.

A maior dispoñibilidade de diñeiro para ocio dáse nas poboacións de máis de 100.000 habitantes, entre os varóns, nos de 19-24 anos, 25-39 anos e 40-54 anos. Entre os solteiros, os que viven en parella e nos separados. Con estudos medio-altos. Con traballo (empresarios, profesionais, autónomos e traballadores) e parados.

E as fontes das que obteñen este diñeiro para ocio son as seguintes:

- Co seu traballo ou outras rendas82,3%
- Dánllelo aos seus pais ou outros familiares15,1%
- Mixto: traballos ocasionais e pais1,4%
- Estraperlo ou venda de drogas0,2%

Do traballo é a resposta principalmente entre os de 25-39 anos e 40 e máis; empresarios, profesionais, autónomos e traballadores. Os pais e mixto é a fonte principal dos de 12-18 anos e 19-24, basicamente estudantes e parados.

E o estraperlo ou venda de drogas sobresa da media en poboacións de máis de 100.000 habitantes; nos homes; estudantes, parados e traballadores.

Así pois, tanto a maior dedicación de tempo ao ocio como a maior dispoñibilidade de diñeiro para este relaciónanse claramente cos consumos de substancias psicoactivas.

5. OPINIÓNS E ACTITUDES DA POBOACIÓN ANTE AS DROGAS

Opinións y actitudes de la población ante las drogas

5.1. Medidas máis eficaces na loita contra as drogas

Ademais das opinións dos consumidores de drogas sobre as súas preferencias de axudas para o abandono das drogas (capítulo 3), trataríase agora de ver que medidas e actuacións de carácter máis xeral demanda o conxunto da poboación galega para unha eficaz loita contra as drogas e a problemática que xeran.

As respostas obtidas na enquisa sobre as medidas e actuacións específicas son as que se recollen na táboa 5.1 seguinte.

Táboa 5.1. Medidas máis eficaces na loita contra as drogas

Medidas	%
Represión dos traficantes de drogas	48,4
Represión dos consumidores de drogas	4,0
Campañas de información nos medios de comunicación sobre as consecuencias das drogas	13,8
Despenalización das drogas	10,9
Mellorar as condicións de vida (traballo, ocio...)	6,3
Crear estímulos e motivar a xente	5,4
Educación sobre as drogas nas escolas	9,1
Máis centros de asistencia e tratamento	1,0
Programas de orientación e asistencia familiar	1,1
Total	100,0
Base	(2.248)

De forma sintética, se agrupamos estas medidas nos seus tres tipos básicos, temos o seguinte:

	%
Medidas represivas	52,4
Medidas educativas e formativas	36,7
Despenalización das drogas	10,9

Comparando agora cada medida concreta de 1988 a 2004 temos a taboa 5.2 seguinte:

Tabla 5.2: Medidas más eficaces en la lucha contra las drogas (1988 – 2004)


Medidas	1988	1992	1994	1996	1998	2000	2002	2004
Represión dos traficantes de drogas	52,8	72,2	59,6	47,0	37,6	39,2	42,4	48,4
Represión dos consumidores de drogas	1,9	2,3	2,6	4,2	9,3	7,0	3,8	4,0
Campañas sobre as consecuencias do uso	9,6	4,2	4,9	7,2	14,5	11,3	14,1	13,8
Despenalización das drogas	3,7	7,5	10,7	9,5	18,1	14,7	12,4	10,9
Mellorar as condicións de vida (traballo, ocio...)	15,0	4,2	9,5	9,4	4,8	7,7	6,3	6,3
Crear estímulos e motivar a xente	5,6	2,1	2,0	6,6	2,6	3,2	3,9	5,4
Educación sobre as drogas nas escolas	7,5	4,7	8,0	10,2	9,0	13,8	12,4	9,1
Máis centros de asistencia e tratamento	2,6	1,5	1,9	3,6	2,8	1,5	2,1	1,0
Programas de orientación e asistencia familiar	0,4	1,5	0,9	2,3	1,3	1,6	2,6	1,1
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

De novo, a medida de represión dos traficantes de drogas é a máis solicitada, cuns seis puntos máis que en 2002; non obstante, a represión dos consumidores permanece máis estable.

A despenalización das drogas descende 3,3 puntos. E nas medidas de formación e asistencia descenden un pouco unhas e aumentan un pouco outras, pero sen grandes diferenzas.

Se prescindimos agora dos estudos intermedios e comparamos os datos de 1988 e os de 2004, e agrupamos, pola súa vez, as actuacións represivas, as de legalización das drogas e as medidas educativas, informativas e de atención, no gráfico seguinte podemos ver a evolución experimentada a longo prazo.

Gráfico 27
Evolución experimentada entre 1988 e 2004 nos tres tipos básicos de medidas ante as drogas



En conxunto, a evolución a longo prazo das tendencias son as seguintes: diminución das medidas represivas e das educativas-informativas e de atención e aumento da de legalización das drogas. Aínda que, na súa xerarquización, cada unha segue ocupando o mesmo lugar na orde de prioridade manifestada polos cidadáns nos distintos estudos, o cal nos induce a pensar que, independentemente das oscilacións puntuais, hai un estado de opinión ao respecto bastante estable.

O perfil dos que en maior proporción sinalan as medidas máis importantes sería o seguinte:

■ **Represión dos traficantes de drogas**

Con porcentaxes entre o 45% e o 55%: as mulleres. Os de 55 anos en diante. En Lugo e Pontevedra, en poboacións pequenas e grandes, e no interior. Casados e viúvos. De nivel educativo baixo. Amas de casa, pensionistas, autónomos e empresarios. Os non consumidores de drogas ilegais.

■ **Despenalización das drogas**

Con porcentaxes entre o 15% e o 20%: homes. As de 12-18 anos e 19-24 anos. Na Coruña, Ourense e Pontevedra; en poboacións urbanas grandes, no litoral. Solteiros e en parella. De nivel educativo medio-alto. Parados, estudantes, profesionais e empregados. E os consumidores de drogas ilegais.

■ **Campañas de información**

Con porcentaxes entre o 15% e o 20%: homes e mulleres por igual. Os de 25-39 anos e de 40-54 anos. Na Coruña e Pontevedra, en poboacións medias e grandes, no litoral. Solteiros e casados. De nivel educativo baixo e medio. Amas de casa, estudantes, profesionais e traballadores.

■ **Educación sobre drogas na escola**

Con porcentaxes entre o 12% e o 18%: os homes. Os de 12-18 anos e 19-24 anos e 25-39 anos. Na Coruña, Ourense e Pontevedra; en poboacións pequenas e grandes, no litoral. Solteiros, casados. De nivel educativo medio-alto. Estudantes, empresarios, profesionais e empregados.

Por último, as **medidas ante o botellón** serían as seguintes:

Táboa 5.3. Medidas ante o botellón

Medidas	% respostas	% entrevistados
Prohibilo e reprimilo	18,4	35,0
Informar da súa inconveniencia	12,0	22,7
Campañas en medios de comunicación	11,3	21,5
Prevenção en escolas e institutos	12,4	23,6
Formación das familias ante o alcohol	11,3	21,6
Actividades alternativas	13,9	26,5
Control da venda	8,0	15,3
Controlar horarios de venda	5,0	9,6
Outras medidas	5,0	9,2
Ningunha non facer nada	2,7	5,2
Total	100,0	100,0
Base	(4,298)	(2,300)

A media de respostas é **1,87** por entrevistado. E, segundo os tipos de respostas, teriamos dous grandes grupos de respostas: **prohibición-control (31,4%)** e **formación-alternativas (60,9%)**.

O **7,7%** restante divídese nun 5% que sinala outras medidas diversas e un 2,7% que pensa que non habería que facer nada.

As medias de prohibición-control son sinaladas basicamente por persoas de 40 anos en diante, en cidades pequenas e medias e de nivel educativo baixo. Pola contra, as de prevención-alternativas sinálanas os de 12 a 39 anos, en cidades grandes e de nivel educativo medio e alto. No resto de variables, as diferenzas non son moi significativas.

5.2. O uso de drogas en lugares públicos e no ámbito privado

Con respecto á opinión dos entrevistados sobre se se debería permitir ou sancionar o uso de drogas en lugares públicos e no ámbito privado, os resultados son os seguintes:

No relativo aos **lugares públicos**, un 7% non responde á pregunta e un 93% si o fai. Destes últimos, un 14,9% pensa que non debería sancionarse e o 78% opina que si debería sancionarse. Se tomamos como base cen os que si responden á pregunta, as porcentaxes anteriores serían as seguintes: NON sanción, o **16%**, e SI sanción, o **84%**.

No concernente á sanción no **ámbito privado**, a **non resposta** é dun 14,6%, mentres que un 85,4% si responde. Destes últimos, un 28,3% opina que este consumo debería permitirse e non sancionarse, mentres que un 57,2% pensa que se debería sancionar (un 39,2%, cunha sanción leve, e un 18%, cunha sanción severa).

Se se toma como base cen os que responden, estas porcentaxes serían agora as seguintes: NON sanción, un **33,1%**, e SI sanción, un **66,9%**.

Comparativamente cos estudos anteriores, a evolución deste estado de opinión sería a seguinte:

Táboa 5.4. Postura sancionadora ou permisiva ante o uso de drogas ilegais en ámbitos públicos e privados (1988-2004)

Actitude	EN LUGARES PÚBLICOS						NO ÁMBITO PRIVADO					
	1994	1996	1998	2000	2002	2004	1994	1996	1998	2000	2002	2004
Sancionadora	90,7	92,6	60,4	86,4	85,6	84,0	60,8	62,4	45,6	60,3	67,3	66,9
Permisiva	9,3	7,4	39,6	13,6	14,4	16,0	39,2	37,6	54,4	39,7	32,7	33,1
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Como pode verse, en ambos os dous casos, a actitude dominante ante o consumo de drogas é a sancionadora: nos lugares públicos, nunha relación de 5,25 a 1 con respecto á actitude permisiva; e de 2,02 a 1, no ámbito privado. Este estado de opinión é bastante estable nos distintos estudos, malia, entre 1988 e 2004, a actitude represiva descender en 5,3 puntos en lugares públicos, mentres aumenta un 6,1 no ámbito privado.

No que se refire aos perfís dos que, en maior medida, se sitúan en cada unha destas dúas posicións en ambos os dous temas, serían os que se recollen na táboa seguinte.

Táboa 5.5. Perfís das actitudes sancionadora e permisiva nos consumos de drogas en lugares públicos e no ámbito privado (P<. 05 a P<.001)

EN LUGARES PÚBLICOS			
Permisiva	16,0	Sancionadora	84,0
Homes	19,8	Mulleres	87,6
12-18 anos	25,6	40-54 anos	91,2
19-24	32,5	55	91,4
50.000-100.000 hab.	19,4	Ata 10.000 hab.	90,5
Máis de 100.000	30,9	10.000-50.000	90,6
A Coruña	36,2	Cervo-Burela	93,4
O Ferrol	15,0	Santiago	89,6
Vigo	17,9	O Barco	94,1
Pontevedra	12,4	Ourense	92,2
Litoral	18,0	Interior	93,1
Estudos medios-superiores	24,8	Estudos primarios	90,1
Estudantes	27,8	Amas de casa	95,8
Profesionais	21,7	Pensionistas	90,5
Parados	46,4	Empresarios	86,4
Bebedores abusivos	26,7	Autónomos	86,0
Consumidores de drogas ilegais	69,0	Non bebedores	86,5
		Non consumidores de drogas ilegais	87,0
EN ÁMBITO PRIVADO			
Permisiva	33,1	Sancionadora	66,9
Homes	41,4	Mulleres	75,0
12-18 anos	42,5	40-54 anos	66,0
19-24	60,8	55 e máis	83,1
25-39	38,8	Hasta 10.000 hab.	82,0
Máis de 100.000 hab.	54,3	10.000-50.000	78,0
A Coruña	48,8	Santiago	79,0
O Ferrol	47,8	Monforte	81,1
Ourense	51,5	Pontevedra	86,4
Cervo-Burela	32,1	Interior	80,1
Litoral	36,1	Estudos primarios	75,5
Estudos BUP-FP	41,5	Amas de casa	84,5
Estudos medios-superiores	56,3	Pensionistas	76,0
Estudantes	50,8	Empresarios	75,8
Parados	58,2	Non bebedores	70,0
Profesionais	51,4	Non consumidores de drogas ilegais	74,9
Bebedores abusivos	61,2		
Consumidores de drogas ilegais	83,1		

De novo, se ben en diferentes proporcións, tanto nos lugares públicos coma no ámbito privado, as actitudes máis **permissivas** nos consumos de drogas danse nos homes e nos grupos de idade máis novos. Nas poboacións medias e grandes. Bo nivel educativo. En estudantes. Na clase media e media-alta. E tamén, como é lóxico, entre os bebedores abusivos e os consumidores de drogas ilegais.

Inversamente, as actitudes máis **sancionadoras** obsérvanse nas mulleres. En persoas de idade media e maior. No mundo rural e en cidades pequenas. Baixo nivel educativo. Amas de casa, pensionistas e empresarios. De clase social baixa e media-baixa. Non bebedores abusivos e non consumidores de drogas ilegais.

Estes perfís son idénticos aos observados nos estudos anteriores.

5.3. Actuacións de formación e prevención

Neste apartado imos ver o grao de coñecemento e participación no relativo a tres actuacións de formación e prevención ante as drogas; concretamente no coñecemento de mensaxes preventivas, en participación en actuacións preventivas en xeral e en participación en actividades preventivas na escola.

Imos ver, a continuación, os resultados obtidos.

Táboa 5.6. Coñecemento e participación en actividades preventivas ante as drogas

Valor		Mensaxes preventivas	Actuacións preventivas xerais	Actuacións preventivas escola
1	NON	16,7	84,2	54,0
2	Poucas veces	23,7	7,5	24,7
3	Algunhas veces	22,6	5,4	14,4
4	Bastantes veces	20,8	1,9	5,8
5	Moitas veces	16,2	1,0	1,1
Total		100,0	100,0	100,0
Base		(2,297)	(2,295)	(390)*
Puntuación media		2,96	1,28	1,75

* Esta pregunta fíxoselles soamente aos de 12 a 24 anos

As mensaxes preventivas xerais son as máis coñecidas, nun ou noutro grao, cun **83,3%** da poboación e 2,96 de valor medio; séguenas as actividades-actuacións preventivas na escola, co **46%** de adolescentes e mozas e 1,75 de media. Por último, tan só o **15,8%** participou nalgunha actuación preventiva xeral (comunitaria, empresas, etc.) co 1,28% de media.

Se tomamos como referencia as puntuacións medias en cada actuación preventiva, podemos ver que os que máis coñeceron ou participaron nestas son os seguintes:

Mensaxes preventivas (2,96)

Por enriba desta media: A Coruña e Lugo, en poboacións de máis de 100.000 habitantes. Os homes; os de 12-18 anos 19-24 e 25-39. Solteiros e parellas. De nivel educativo medio e alto. Estudantes, parados, empresarios e profesionais.

Actuacións preventivas xerais (1,28)

Na Coruña, Ferrol e Santiago; en poboacións medias. Homes e mulleres por igual. Os de 12-18 anos 19-24 anos e 25-39 anos. Solteiros e separados. De nivel educativo medio e alto. Estudantes, parados, empresarios e profesionais.

Actividades preventivas en escola (1,75)

Na Coruña, Ferrol, Santiago, Cervo-Burela e Lugo; en poboacións medias e grandes. Homes e mulleres por igual. Os de 12-18 anos e 19-24 anos. Solteiros. De nivel educativo medio e alto. Estudantes.

As tres variables ou condicións máis favorables para o coñecemento e participación nestas tres clases de actividades preventivas son: ser mozos, vivir en núcleos urbanos medios e grandes e ter un nivel educativo medio-alto.

No que se refire ao consumo de drogas, obsérvase que, entre os que recibiron unha mensaxe preventiva xeral e os que non a recibiron, non hai diferenzas significativas nos consumos. No relativo a participar en actividades preventivas, si vemos que os que o non o fixeron teñen un consumo de 1,5 a 1 con respecto aos que si participaron. Por último, a actuación máis preventiva é a das actividades preventivas na escola, pois os que non participaron nelas teñen uns consumos en relación 2 a 1 con respecto aos que si o fixeron, que, en determinadas drogas ilegais (cocaína, heroína, éxtase...), incluso chega a ser de 3 a 1.

6. COÑECEMENTO E VALORACIÓN DO PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS

Coñecemento e valoración do Plan de Galicia sobre Drogas

Introdución

E, como última cuestión da análise dos temas do presente estudo, veremos o coñecemento que a poboación galega de 12 e máis anos ten da existencia do Plan de Galicia sobre Drogas. Ademais, entre aqueles que o coñecen, veremos tamén como valoran o labor que o devandito plan está a realizar na atención dos problemas derivados das drogas nesta comunidade.

Estes dous indicadores vímolos analizando dende o estudo de 1994, polo que é a partir dese ano dende cando podemos estudar a evolución deste coñecemento e da valoración. Co presente estudo teremos xa unha serie de seis, máis que suficiente para coñecer a tendencia da opinión da poboación galega sobre esta cuestión.

Este capítulo da investigación está composto dos dous seguintes apartados:

- **6.1. Coñecemento do Plan de Galicia sobre Drogas**
- **6.2. Valoración do labor do Plan de Galicia sobre Drogas**

6.1. Coñecemento do Plan de Galicia sobre Drogas

En relación co conxunto da mostra, a proporción de poboación de Galicia de doce anos en diante que coñece ou oíu falar do Plan de Galicia sobre Drogas é a seguinte:

Táboa 6.1. ¿Coñece o Plan de Galicia sobre Drogas?

¿Coñece?	%
Non	58,5
Sí	41,5
Total	100.0
Base	(2.300)

Un pouco máis de catro galegos (o 41,5%) de cada dez indica que si coñece a existencia do Plan de Galicia sobre Drogas.


Comparativamente cos estudos anteriores, podemos ver a seguinte táboa:

Táboa 6.2. Porcentaxe de poboación que coñece o plan (1994-2004)

¿Coñece?	1994	1996	1998	2000	2002	2004
Non	69,6	63,7	67,9	60,5	60,6	58,5
Sí	30,4	36,3	32,1	39,5	39,4	41,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Con estes datos, vemos que o nivel de coñecemento da existencia do Plan de Galicia sobre Drogas se incrementou **11,1** puntos porcentuais con respecto ao estudo de 1994, ano no que se iniciou a serie. E 2,1 puntos con respecto a 2002.

Gráfico 28
Porcentaxes de poboación que coñece o Plan de Galicia sobre Drogas (1994-2004)



O perfil daqueles que, en maior proporción, coñecen a existencia do Plan de Galicia sobre Drogas sería o seguinte:

- Con porcentaxes entre o 40% e o 60%: algo máis as mulleres que os homes. Os de 19 a 24, 25 a 39 e 40 a 54 anos. Nas áreas sanitarias da Coruña, Ferrol, Cervo-Burela, Santiago, Pontevedra, O Salnés e O Barco. E case por igual no litoral que no interior, aínda que algo máis nas poboacións urbanas medias e grandes.
- Solteiros, parellas e casados. De estudos de BUP e FP, e medios-superiores. Os estudantes e os que traballan e, entre estes últimos, empresarios, profesionais, funcionarios e traballadores.
- Os fumadores ocasionais e diarios, os abstinentes, os bebedores moderados e os excesivos. E os consumidores de cannabis, cocaína, drogas de síntese, alucinógenos, heroína e hipnóticos.

Estes perfís son, en esencia, os mesmos que os observados en 2000 e 2002, o cal nos confirma que estes segmentos de poboación son os máis permeables ao coñecemento da existencia e actuación do Plan de Galicia sobre Drogas.

6.2. Valoración da labor del Plan de Galicia sobre Drogas

Aos entrevistados que indican coñecelo preguntóuselles sobre a súa valoración nunha escala de dez puntos. O resultado obtido é o que es reflicte na seguinte táboa.

Táboa 6.3. Valoración do labor do Plan de Galicia sobre Drogas

Valoración	%
Negativa (1 a 4)	14,5
Positiva intermedia (5 y 6)	18,2
Valoración moi positiva (7 a 10)	67,3
Total	100,0
Base	955
Valoración media	7,10

A partir destes datos, vemos que tan só un 14,5% fan unha valoración negativa, mentres que un 85,5% o valora de forma positiva de cinco en diante, e deles un 67,3% faino do 7 ao 10.

A puntuación media na escala é de **7,10**.


Se comparamos esta puntuación media coa dos estudos anteriores, podemos ver o seguinte:

Táboa 6.4. Evolución da valoración do Plan de Galicia Drogas (1984-2002)

Anos	Puntuación media
1994	6,25
1996	6,91
1998	6,98
2000	7,00
2002	7,08
2004	7,10

Segundo estas medias, obsérvase un paulatino, pero progresivo, aumento na valoración que os cidadáns fan do Plan de Galicia sobre Drogas, cun incremento neto de **+0,85** entre 1994 e 2004.

Gráfico 29
Valoración media do Plan de Galicia sobre Drogas (1994-2004)



Se se considera como referencia a puntuación media, podemos ver que os que en maior medida valoran o labor do Plan de Galicia sobre Drogas teñen o seguinte perfil:

Táboa 6.5. Os que mellor valoran o labor do Plan de Galicia sobre Drogas

Ítems	Puntuación media	Ítems	Puntuación media
Mulleres	7,31	Casados	7,07
Homes	6,87	Solteiros	6,99
12-18 anos	7,58	Parellas	7,98
19-24 anos	7,26	Estudos medios-superiores	7,63
25-39 anos	7,27	Estudantes	7,53
40-54 anos	7,23	Amas de casa	7,49
En poboacións de ata 10.000 hab.	7,43	Profesionais	7,91
10.000-50.000 hab.	7,15	Empresarios	8,57
50.000-100.000 hab.	6,87	Traballadores	7,01
Nas áreas sanitarias de:		Non-fumadores	7,10
* O Ferrol	7,16	Ex-fumadores	7,59
* Santiago	7,19	Non bebedores	7,26
* Ourense	8,07	Bebedores moderados	7,43
* Cervo-Burela	8,15	Non consumidores de drogas ilegais	7,16
* Vigo	6,71	Puntuación global media:	7,10
* Lugo	8,68		

O mesmo que acontecía en estudos anteriores, obsérvase que a valoración positiva do Plan de Galicia sobre Drogas procede de amplos segmentos da poboación galega: homes e mulleres; adolescentes e mozos, pero tamén persoas de mediana idade. En poboacións pequenas, urbanas, medias e grandes. Na maioría das áreas sanitarias. Persoas casadas, parellas e solteiras. De estudos medios-superiores. Estudantes e amas de casa, ao igual que profesionais, empresarios e traballadores. Entre os que teñen unha valoración positiva atopamos a non-fumadores e a ex-fumadores; a non-bebedores e a bebedores moderados; así como aos non-consumidores de substancias ilegais.

Igualmente, obsérvase tamén que os que non teñen unha valoración tan alta, tampouco a teñen moi baixa, pois, en xeral, non baixan dunha puntuación media de 6 ou 5.5 como máximo. Neste caso estarían os grupos de idade de 55 anos e máis. As poboacións moi grandes. As áreas sanitarias do Barco e do Salnés. Os separados. Os de estudos de BUP-FP. Os empresarios. Tamén os consumidores de drogas ilegais.

Con isto vemos que, ao tempo que o Plan de Galicia sobre Drogas ten unha imaxe positiva entre amplas capas da poboación, non suscita gran rexeitamento nos restantes sectores desta, tal como xa vimos tamén nos estudos anteriores. Isto indícanos que, en xeral, as actuacións que se realizan ante a realidade das drogas nesta comunidade son consideradas como positivas.

PRINCIPAIS RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Principais resultados e conclusións

Ao resumir o máis relevante do estudo, os principais resultados e conclusións serían os seguintes:

Sobre a evolución dos consumos

a) Evolución período curto: 2002 a 2004

Se se teñen tan só en consideración aquelas diferenzas que superen as dúas décimas, entre 2002 e 2004, podemos ver que a posible evolución do consumo destas substancias sería a seguinte:

- Nunha tendencia de **descenso** estarían o tabaco diario (-1,3), o cannabis (-0,7), as drogas de síntese (-0,7), a heroína (-0,3) e os tranquilizantes (-0,5).
- En tendencia de **incremento** estaría tan só o alcohol abusivo (+2,4).
- E en tendencia de **estabilización** (sen diferenzas ou non superiores ou inferiores a dous décimas) teríamos a cocaína, os alucinóxicos, as anfetaminas, os inhalables e outros opiáceos.

b) Evolución período longo de tempo: 1988 a 2004

Por outra banda, se temos agora en conta os consumos nun período de tempo de dezasete anos, dende o primeiro estudo en Galicia en 1988 e o actual de 2004, podemos ver, se tomamos agora as diferenzas maiores de tres décimas, o seguinte:

- **De incremento**, ningunha substancia.
- **De descenso**, con certa intensidade de descenso, o alcohol abusivo (-3,1), o tabaco (-2,9) e as anfetaminas (-1,8); cunha intensidade media, os tranquilizantes (-1,2) e a heroína e os hipnóticos (-0,9), e xa en menor proporción, os alucinóxicos (-0,4).
- **De estabilidade**, con diferenzas negativas non superiores a tres décimas, os inhalables, a cocaína, as drogas de síntese, o cannabis e outros opiáceos.

En resumo, cómpre sinalar que, nos dezasete anos nos que se leva investigando a realidade das drogas en Galicia, a súa evolución foi moi positiva. Non hai ningunha substancia cun incremento neto dende 1988, mentres que nalgúns de grande importancia epidemiolóxica e social, como o tabaco, o alcohol ou a heroína, se freou e mesmo reduciu o seu consumo neto.

Quizais as máis refractarias estarían a ser as substancias vinculadas a un uso lúdico (cocaína, drogas de síntese e cannabis) que, unidas ao alcohol abusivo no que hai un repuntamento no curto prazo, constituirían hoxe o núcleo dun consumo eminentemente xuvenil sobre o que habería que centrar nos próximos anos unha axeitada acción preventiva.

Sobre as prevalencias por xénero e idade

No que se refire ao **xénero**, vemos que, agás nos psicofármacos, os homes teñen unhas prevalencias maiores cás mulleres en todas as substancias. Non obstante, nalgúns grupos de idade novos, a distancia entre homes e mulleres redúcese ou invértese, como acontece co tabaco nos grupos de 12-18 anos (homes: 24,2, mulleres: 25,6) e de 19-24 anos (homes: 48,2, mulleres: 48,6), co alcohol abusivo no de 12-18 anos (homes: 3,3, mulleres: 3,5) e coas drogas de síntese no de 25-39 anos (homes: 0,3, mulleres: 0,7).

Por **idade**, podemos ver a seguinte estrutura de consumos:

- 1 O tabaco é o que ten un uso prevalente máis **amplo**, de 19 a 54 anos, cun máximo do 48,1 no grupo de idade de 19-24 anos, seguido do de 25-39 anos (46,7%).
- 2 Nos **máis novos**: nos de 12-18 anos, hai que sinalar os inhalables (0,9), o cannabis (12,4), as drogas de síntese (2,3); nos de 19-24, cómpre facer mención do cannabis (18), o alcohol abusivo (10,1), a cocaína (4,6), a heroína (0,6), as drogas de síntese (2,8), os alucinóxicos (2,8) e as anfetaminas (2,3) e outros opiáceos (0,5).
- 3 No segmento de idade **intermedia**: nos de 25-39 anos, hai que destacar o alcohol abusivo (6,5), o cannabis (7,7), a cocaína (2,2), a heroína (1,0), os alucinóxicos (0,6) e outros opiáceos (0,3).
- 4 E nos grupos de idade **maiores** a 40-54 anos e 55 e máis, temos, no grupo de idade de 40-54 anos, o tabaco (37,1), o alcohol (10,2) e os tranquilizantes (4,4), e, nos de 55 e máis, os tranquilizantes (3,9) e os hipnóticos (1,6).

Sobre os policonsumos

A partir destas definicións dos consumos dos datos obtidos na presente enquisa, podemos ver que un **61,8% non fuma diariamente, non consome alcohol abusivo ou non usou outras substancias** nos últimos seis meses. Un **29,9%** consumiu, nas anteriores condicións, **unha** soa substancia. Finalmente, un **8,3%** consumiu **varias** substancias.

Neste último grupo, temos un **2%** (o **5,2%** dos consumidores) que está a consumir tres ou máis substancias. Este grupo sería o máis especificamente **policonsumidor**, e nel poderían encontrarse, en termos absolutos, entre **45.000 e 47.000** persoas.

Porén, se temos en conta que no que se refire ao tabaco e ao alcohol só incluimos os fumadores diarios e os bebedores abusivos, o grupo que consome dúas substancias tamén é moi importante desde un punto de vista epidemiolóxico, xa que nel se encontran outras 155.000 persoas.

Os dous colectivos, que en conxunto serían ao redor de **200.000** persoas, constituirían o segmento poboacional de **maior risco**.

Comparativamente cos estudos anteriores, podemos ver o seguinte:

1988	14,7%
1992	11,5%
1994	12,9%
1996	12,1%
1998	9,2%
2000	10,9%
2002	8,7%
2004	8,3%

Segundo estes datos, podemos ver que o **8,3%** de policonsumidores é a taxa máis baixa de todas as contempladas na serie. A este descenso contribuíu significativamente a diminución observada en 2004 do consumo de tabaco e doutras substancias ilegais, así como nos psicofármacos, vistos no punto anterior.

Os modelos básicos de policonsumo

Son os seguintes:

- 1 O modelo máis importante (21,9% da varianza) sería o constituído basicamente arredor dos **psicoestimulantes** æalucinóxenos, drogas de síntese, cocaína e anfetaminasæ, cos que asocian tamén o cannabis, os inhalables e o alcohol.
- 2 O segundo modelo (12,8% da varianza) sería o **tabaco-alcohol**, con forte presenza do cannabis.
- 3 O terceiro tipo ou modelo de policonsumo (12,1% da varianza) sería o formado basicamente polos **psicofármacos** æcos tranquilizantes e os hipnóticosæ, con presenza dos outros opiáceos.
- 4 O modelo cuarto (9,9% da varianza) formaríano os **narcóticos** æcoa heroína e os outros opiáceosæ, con presenza do crack, a cocaína, os inhalables e o cannabis.

Con referencia aos modelos de policonsumo observados en 1998, 2000 e 2002, aparecen en 2004 os mesmos catro modelos. Por outra banda, vemos que os psicoestimulantes consolidan a ocupación do primeiro modelo, que, nos últimos anos, relegaron ao segundo lugar os narcóticos, os cales, pola súa vez, pasan xa ao último lugar, mentres que o segundo o ocupan o tabaco-alcohol, con cannabis. O cannabis segue sendo a droga comodín que aparece en tres dos catro modelos de policonsumo, e ten a súa maior prevalencia xunto ao tabaco e ao alcohol.

Así mesmo, podemos ver que os perfís sintéticos dos consumidores de cada modelo de policonsumo serían os que se expresan a continuación:

1 PSICOESTIMULANTES

Na Coruña, Santiago, Ferrol e Vigo; en poboacións urbanas medias e grandes. Homes de 12 a 18 anos e de 19 a 24. Solteiros e os que viven en parella. Con estudos de BUP ou FP. Parados, profesionais, e estudantes. E, principalmente, os consumidores de alucinóxenos, anfetaminas, cocaína, drogas de síntese, cannabis e alcohol abusivo.

2 TABACO-ALCOHOL-CANNABIS

Na Coruña, Vigo, Ferrol e Santiago; en poboacións intermedias e grandes. Homes de 19 a 24 anos e de 25 a 39. Con estudos de BUP ou FP e medios-superiores. Solteiros, separados e en parella. Con emprego e parados, e entre os primeiros: empresarios e directivos, funcionarios e profesionais, obreiros, estudantes. Os consumidores de tabaco diario e alcohol abusivo e, en menor medida, os de cocaína e cannabis.

3 PSICOFÁRMACOS

En poboacións urbanas medias e grandes; nas áreas de Cervo, Ferrol e A Coruña. Mulleres de 40 a 54 anos e de 55 en diante. Casadas, separadas e viúvas. De estudos primarios. Amas de casa e pensionistas. E consumidoras de tranquilizantes e hipnóticos.

4 NARCÓTICOS

Na Coruña, Ferrol e Vigo; en poboacións urbanas grandes. Homes de 19-24 e 25 a 39 anos. Solteiros e separados. De estudos primarios e medios. Parados. Os consumidores de heroína e outros opiáceos e, en menor medida, os de cocaína, cannabis, crack e inhalables.

Fundamentalmente, estes perfís dos distintos tipos de consumidores múltiples son os mesmos cós observados no estudo de 1998, no de 2000 e no de 2002; o cal nos indica que tanto os modelos de policonsumo como os seus tipos ou perfís de consumidores son moi definidos e estables, como vimos tamén nos de cada substancia en particular.

Sobre as áreas de risco

Segundo os consumos prevalentes e o peso da poboación de cada área, podemos extraer os seguintes niveis ou índices de risco:

ÍNDICE A

Unha vez máis, neste primeiro nivel atopamos tres áreas sanitarias cun índice de risco relativo elevado e unha alta proporción da poboación de Galicia (o 56,06% do total). Estas áreas son **Vigo, A Coruña e Santiago**, que presentan os índices relativos máis altos (entre o **2,394** e o **1,894**). A prioridade na intervención viría dada, pois, tanto pola **forte presenza** das drogas, como pola **amplitude** da poboación potencialmente implicada.

ÍNDICE B

Nun nivel intermedio, temos outras catro áreas sanitarias: **Ferrol, Ourense, Pontevedra e Lugo** (co **35,27%** da poboación); o índice de risco relativo sitúase entre o **0,845** e o **0,516**.

ÍNDICE C

E no terceiro grupo seguen estando as áreas sanitarias con menor poboación (o 8,13%): **O Salnés, Cervo-Burela, O Barco e Monforte**; cuns índices de risco relativo entre o **0,127** e o **0,041**.

A situación de risco das distintas áreas sanitarias segue sendo, en esencia, a mesma que en 2002: nos tres primeiros lugares continúan Vigo, A Coruña e Santiago. Nun segundo nivel, atopamos Ferrol, Pontevedra, Ourense e Lugo, que ceden preferencia aos dous primeiros. E no terceiro nivel, están O Salnés, seguido de Cervo-Burela, e despois O Barco e Monforte practicamente empatados.

Sobre o botellón

Un 92% da poboación galega de 12 anos en diante non participou nunca nun botellón, mentres que o 8% si o fixo; deles, un 4,5% con certa frecuencia. En comparación con 2002, esta participación descendeu en 2004 en -2,3 puntos; aínda que na máis frecuente continua igual, mesmo cun incremento de medio punto.

Por idade, vemos que o grupo de idade que en maior proporción participou nun botellón nos últimos seis meses é o de 19-24 anos (cun 35,5%), seguido moi de preto polo de 12 a 18 anos (31,8%). No grupo de 25 a 39 anos, a participación no botellón descende bruscamente (7,6%), ata practicamente desaparecer nos grupos de idade maiores. En esencia, este é o mesmo fenómeno que xa observamos en 2002.

A proporción de homes (10%) que participan en botellóns é de 1,6 a 1 con respecto ás mulleres (6,1%), é dicir, dezaseis homes por cada dez mulleres. Esta tamén se mantén igual que en 2002.

Tamén hai unha relación directa entre maior consumo de alcohol e maior proporción de participación no botellón, e é especialmente importante o dos bebedores de gran risco, nos que un 30,3% destes participaron nos últimos seis meses, seguidos dos excesivos (10%).

No que se refire ás circunstancias nas que se iniciou no botellón, o ítem máis mencionado con moito é o grupo de amigos/as (84,5% do total); ao que lle segue o dos/das compañeiros/as de colexio (7,7%), e o dun/nha amigo/a (5,5%). O resto de ítems (compañeiros de traballo, familiares, unha festa e outros) acumulan tan só un 2,2%. Non hai diferenzas significativas nos cruzamentos.

E no relativo á razón ou motivo principal polo que participaron no botellón, dous ítems acumulan máis das tres cuartas partes das respostas: polo ambiente que se crea (26,4%) e, sobre todo, por estar co meu grupo de amigos (o 58,2%). E, xa a moita distancia, porque lle gusta tomar alcohol (5,3%), porque non hai alternativas (2,3%) e por saír da norma (1,3%). Un 6,5% indica outras razóns diversas.

Un 29,7% dos que participaron por primeira vez no botellón tomou algunha outra substancia (principalmente cannabis, éxtase e cocaína). E un 20,4% séguelo facendo antes, durante ou despois do botellón (tamén estas mesmas substancias, pero moi maioritariamente o cannabis).

A última cuestión que se lles formulou aos que participaron no botellón foi se, en relación con este, se producira algún tipo de problema. As respostas obtidas foron as seguintes: **NON: 52,8%, SI: 47,2%**. Estes últimos dan 1,56 respostas de media por cada un.

Os problemas que sinalan xerarquízanse do modo seguinte:

- | | |
|---|------|
| 1 Rifas ou pelexas con outros | 26,9 |
| 2 Comportamentos sexuais desinhibidos | 21,2 |
| 3 Discusións cos veciños | 9,4 |
| 4 Estragar mobiliario urbano | 7,0 |
| 5 Enfrontamentos coa policía | 6,3 |
| 6 Problemas de tráfico | 2,6 |

Por todo o visto no presente apartado, podemos concluír que a práctica do botellón comporta unha serie de problemas no eido persoal e grupal porque unha parte considerable dos que o realizan consome de forma abusiva alcohol e tamén outras substancias. No ámbito colectivo, porque case a metade dos que participaron no botellón sinala os problemas que acabamos de ver, cunha seria deterioración das relacións entre eles mesmos e cos veciños, así como co ámbito e as forzas de seguridade.

Sobre as motivacións nos consumos de drogas

- **Motivacións sintomatolóxicas: 21,2%**

Aquelas motivacións relacionadas con problemas de saúde: enfermidades, dor, nervios, insomnio...

- **Motivacións de pracer e experimentación: 55,2%**

Nesta agrupación contemplamos as motivacións que fan referencia á busca de pracer ou a animarse, á superación do aburrimiento e á busca de novas sensacións.

- **Motivacións de resposta social: 23,6%**

Incluimos aquí aquelas motivacións máis xenéricas, que teñen en común o uso de drogas como resposta ante situacións persoais, laborais ou sociais conflitivas, xunto a motivacións de desexo de mellora ou integración social, tales como a intención de incrementar o rendemento en estudos e traballo, ou a integración social.

Sobre a percepción de perigosidade e risco

Se se ten en conta que o valor intermedio da escala (2,50) representaría unha problemática media, detectamos que case todos os consumos representan para os entrevistados unha problemática elevada.

Tan só o consumo abusivo de alcohol na fin de semana e o uso de tranquilizantes de xeito esporádico son percibidos cunha perigosidade inferior ou lixeiramente superior a esa puntuación intermedia; en concreto, cunha valoración media de 2,15 e 2,61 puntos respectivamente. Estarían seguidos polo consumo esporádico de haxix ou marihuana unha vez ou menos ao mes (2,75 puntos).

O resto de consumos considerados obteñen un grao medio de percepción de problemas claramente superior ao punto intermedio; en especial os consumos ætanto frecuentes, como esporádicosæ de substancias ilegais como a heroína, os alucinógenos, a cocaína e o éxtase.

Estes resultados son moi parecidos aos observados no estudo nacional de 2003 e noutro levado a cabo en Castilla-La Mancha a finais de 2004. Estes, en resumo, confirman un maior grao de tolerancia e menor percepción do risco nas drogas legais (tabaco, alcohol e tranquilizantes) e no cannabis, cando non se fai un uso moi abusivo, que no resto das substancias ilegais, nas que a percepción de risco e o rexeitamento é maior, e que se sitúa, nos usos abusivos, por enriba do 90% da poboación estudada.

Os consumidores de cada substancia teñen unha percepción de risco sobre esta menor cós non consumidores.

Finalmente, tanto nos consumidores como nos que non o son, o perfil xeral dos que teñen unha menor percepción do risco en todas as substancias son os homes e os grupos de idade de 19 a 24 anos; os de 12-18, en tabaco, alcohol, cannabis e éxtase; os de 25-39, en tabaco, alcohol e cannabis; e os de 40 e máis anos, nos hipnosedantes. Dun modo xeral, a menor percepción de risco dáse entre os solteiros e os que viven en parella; nos niveis educativos medio-baixos; nas poboacións urbanas grandes; e en poboacións economicamente activas, incluídos os parados, agás as amas de casa e os pensionistas nos hipnosedantes

Sobre o ocio, o diñeiro e as drogas

A media de horas diarias que saen cos seus amigos nos días laborables é de **2,04**, mentres que nos días de fin de semana se eleva a **4,36**. Se relacionamos estas medias cos amigos co total de horas dedicadas ao ocio (media de 3,79 nos días laborables e de 6,27 nos de fin de semana), vemos que significan o **54%** nos laborables e o **70%** nos festivos do total do tempo dedicado ao ocio.

No alcohol abusivo e en todas as drogas ilegais, o tempo dedicado ao ocio, cos amigos e en días de fin de semana, é moi superior nos que si as consomen que nos que non o fan; e, moi especialmente, no caso dos alucinóxenos, das drogas de síntese, das anfetaminas e da cocaína. O perfil destes consumidores é, basicamente, o seguinte: mozos de 12-18 anos e 19-24, así como un amplo segmento dos de 24-39 anos. As súas motivacións básicas son as de pracer e experimentación e as de resposta social (transgresión, o grupo, o contacto e a relación social...), segundo vimos no capítulo de motivacións.

Pola contra, entre os non consumidores de tranquilizantes e hipnóticos, a media de horas en días de fin de semana cos amigos é maior á dos si consumidores. Isto é debido a que os ditos consumidores son persoas maiores de 40 anos e a que as súas motivacións para o consumo son principalmente sintomatolóxicas (calmar a dor ou os nervios, durmir...).

En todas as substancias, sen excepción, o diñeiro dedicado semanalmente ao ocio é superior entre os si consumidores que entre os que non o son; e destacan especialmente os de heroína, alucinóxenos e cocaína; seguidos dos de anfetaminas e drogas de síntese.

A maior dispoñibilidade de diñeiro para ocio dáse nas poboacións de máis de 100.000 habitantes. Entre os varóns, nos de 19-24 anos, 25-39 e 40-54. Entre os solteiros e os que viven en parella, e nos separados. Con estudos medio-altos. Con traballo (empresarios, profesionais, autónomos e traballadores) e parados.

Sobre as consecuencias dos consumos de drogas

O **12%** dos consumidores afirma que o uso destes produtos si lle xerou consecuencias negativas. Agrupándoas en función da natureza do problema, podemos ver o seguinte:

- O 4% dos consumidores de drogas ilegais e/ou psicofármacos sufriu problemas de saúde derivados dese consumo.
- O 3,1% viuse afectado por problemas económicos.
- Ao 4,4% destes consumidores, o uso xeroulle problemas familiares ou de relación.
- O 0,3% atopouse con problemas de estudos.
- O 0,2% tivo problemas coa lei.

En relación co estudo de 2002, obsérvase un descenso da proporción de consumidores que asegura que o uso de drogas si lle xerou algún tipo de problemas (do 18% ao 12%).

Sobre as actitudes ante o uso de drogas en lugares públicos e no ámbito privado

No relativo aos **lugares públicos**, un 7% non responde á pregunta e un 93% si o fai; destes últimos, un 14,9% pensa que non debería sancionarse e o 78% opina que si debería sancionarse. Se tomamos como base cen os que si responden á pregunta, as porcentaxes anteriores serían as seguintes: NON sanción, o **16%**, e SI sanción, o **84%**.

No concernente á sanción no **ámbito privado a non resposta** é dun 14,6%, mentres que un 85,4% si responde. Destes últimos, un 28,3% opina que este consumo debería permitirse e non sancionarse, mentres que un 57,2% pensa que se debería sancionar (un 39,2% cunha sanción leve e un 18% cunha sanción severa).

Se se toma como base cen os que responden, estas porcentaxes serían agora as seguintes: NON sanción, un **33,1%**, e SI sanción, un **66,9%**.

Como pode verse en ambos os dous casos, a actitude dominante ante o consumo de drogas é a sancionadora: nos lugares públicos, nunha relación de 5,25 a 1 con respecto á actitude permisiva; e de 2,02 a 1, no ámbito privado. Este estado de opinión é bastante estable nos distintos estudos. Entre 1988 e 2004 a actitude represiva descendeu en 5,3 puntos nos lugares públicos e aumentou un 6,1 no ámbito privado.

Sobre as medidas máis eficaces na loita contra as drogas

As principais medidas mencionadas son as seguintes:

Represión dos traficantes de drogas	48,4
Represión dos consumidores de drogas	4,0
Campañas de información nos medios de comunicación sobre as consecuencias das drogas	13,8
Despenalización das drogas	10,9
Mellorar as condicións de vida (traballo, ocio...)	6,3
Crear estímulos e motivar a xente	5,4
Educación sobre as drogas nas escolas	9,1
Máis centros de asistencia e tratamento	1,0
Programas de orientación e asistencia familiar	1,1

E agrupadas segundo a súa natureza:

Medidas represivas	52,4
Medidas educativas e formativas	36,7
Despenalización das drogas	10,9

En conxunto, a evolución a longo prazo das tendencias son as seguintes: diminución das medidas represivas e das educativas-informativas e de atención e aumento da de legalización das drogas. Non obstante, na súa xerarquización, cada unha segue ocupando o mesmo lugar na orde de prioridade manifestada polos cidadáns nos distintos estudos, o cal nos induce a pensar que, independentemente das oscilacións puntuais, hai un estado de opinión ao respecto bastante estable.

E sobre o botellón as opinións son as seguintes:

Prohibilo e reprimilo	18,4
Informar da súa inconveniencia	12,0
Campañas en medios de comunicación	11,3
Prevencción en escolas e institutos	12,4
Formación das familias ante o alcohol	11,3
Actividades alternativas	13,9
Controlar a venda	8,0
Controlar horarios de venda	5,0
Outras medidas	5,0
Ningunha, non facer nada	2,7

A media de respostas é **1,87** por entrevistado. E, segundo os tipos de respostas, teríamos dous grandes grupos de respostas: **prohibición-control**, co **31,4%**, e **formación-alternativas**, co **60,9%**.

O **7,7%** restante divídese entre un 5% que sinala outras medidas diversas e un 2,7% que pensa que non habería que facer nada.

As medias de prohibición-control son sinaladas basicamente por persoas de 40 anos en diante, en cidades pequenas e medias e de nivel educativo baixo. Pola contra, as de prevención-alternativas sinálanas os de 12 a 39 anos, en cidades grandes e de nivel educativo medio e alto. No resto de variables, as diferenzas non son moi significativas.

Sobre as actuacións de formación e prevención

As mensaxes preventivas xerais son as máis coñecidas, nun ou noutro grao, cun **83,3%** da poboación (e 2,96 de valor medio); ségueno as actividades-actuacións preventivas na escola, co **46%** de adolescentes e mozos (e 1,75 de media). Por último, tan só o **15,8%** participou nunha actuación preventiva xeral æcomunitaria, empresas, etc.æ , con 1,28 de media.

No que se refire ao consumo de drogas, obsérvase que entre os que recibiron unha mensaxe preventiva xeral e os que non a recibiron non hai diferenzas significativas nos consumos. No relativo a participar en actividades preventivas, si vemos que os que o non o fixeron teñen un consumo de 1,5 a 1 con respecto aos que si participaron. Por último, a actuación máis preventiva é a das actividades preventivas na escola, pois os que non participaron nelas teñen uns consumos nunha relación de 2 a 1 con respecto aos que si o fixeron, e que, en determinadas drogas ilegais (cocaína, heroína, éxtase...), chega a ser de 3 a 1.

Sobre o coñecemento do Plan de Galicia sobre Drogas

Un pouco máis de catro galegos (o **41,5%**) de cada dez indican que si coñecen a existencia do Plan de Galicia sobre Drogas.

Comparativamente vemos que o nivel de **coñecemento** da existencia do Plan de Galicia sobre Drogas se incrementou **11,1** puntos porcentuais con respecto ao estudo de 1994, ano no que se iniciou a serie. E 2,1 con respecto a 2002.

E sobre a **valoración**, vemos que tan só un 14,5% fai unha valoración negativa, mentres que un 85,5% o valora de forma positiva de cinco en diante, e deles, un 67,3% faino do 7 ao 10.

A puntuación media na escala é de **7,10**.

Comparativamente, obsérvase un paulatino, pero progresivo, aumento na valoración que os cidadáns fan do Plan de Galicia sobre Drogas, cun incremento neto de **+0,85** entre 1994 e 2004.

O mesmo que acontecía en estudos anteriores, obsérvase que a valoración positiva do Plan de Galicia sobre Drogas procede de amplos segmentos da poboación galega: homes e mulleres; adolescentes e mozos, pero tamén persoas de mediana idade. En poboacións pequenas, urbanas medias e grandes. Na maioría das áreas sanitarias. Persoas casadas, con parella e solteiras. De estudos medios-superiores. Estudantes e amas de casa, ao igual que profesionais, empresarios e traballadores. Entre os que teñen unha valoración positiva, atopamos a non-fumadores e a ex-fumadores; a non-bebedores e a bebedores moderados; así como aos non-consumidores de substancias ilegais.

Igualmente, obsérvase tamén que os que non teñen unha valoración tan alta, tampouco a teñen moi baixa, pois, en xeral, non baixan dunha puntuación media de 6 ou 5.5 como máximo. Neste caso estarían os grupos de idade de 55 anos e máis. As poboacións moi grandes. As áreas sanitarias do Barco e do Salnés. Os separados. Os de estudos de BUP-FP. Os empresarios. Tamén os consumidores de drogas ilegais.

Con isto vemos que, ao tempo que o Plan de Galicia sobre Drogas ten unha imaxe positiva entre amplas capas da poboación, non suscita gran rexeitamento nos restantes sectores de poboación, tal como xa vimos tamén nos estudos anteriores; o que nos indica que, en xeral, as actuacións que se realizan ante a realidade das drogas nesta comunidade son consideradas como positivas.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO TORRÉNS, Fco. Javier (1992), "La investigación epidemiológica sobre alcoholismo en España", en AUTORES VARIOS (1993), *Drogodependencias: perspectivas sociológicas actuales*. Madrid, Colegio de Doctores y Licenciados en Ciencias Políticas y Sociología.
- ALVIRA, Francisco (1986), *Consumo de alcohol y otras drogas en los adolescentes españoles y factores que influyen en el mismo*. Madrid, Dirección Xeral de Saúde Pública.
- ALVIRA, Francisco e COMAS, Domingo (1989), *El consumo de drogas en el municipio de Madrid*. Madrid, Concello.
- ARBEX, Carmen e outros (1991), *Censo sistemático de investigaciones sociológicas sobre drogas*. Madrid, Colegio de Doctores y Licenciados en Ciencias Políticas y Sociología.
- ARBEX, Carmen e outros (1991), *La investigación sociológica sobre drogodependencias. Aspectos metodológicos*. Madrid, Colegio de Doctores y Licenciados en Ciencias Políticas y Sociología.
- AUTORES VARIOS (1993), *Drogodependencias: perspectivas sociológicas actuales*. Madrid, Colegio de Doctores y Licenciados en Ciencias Políticas y Sociología.
- BARRIO, Gregorio; BRAVO, M.^a José; DE LA FUENTE, Luis; VICENTE, Julián, "Household surveys on drug use: current situation and prospects" en *Health Related Data and Epidemiology in the European Community (EMCCD-DA)*. Brussels, 21-23 setembro 1992.
- BOGANI, M. E. (1982), *El alcoholismo, enfermedad social*. Barcelona, Plaza y Janes.
- BUELA-CASAL, G.; FERNÁNDEZ DE LOS RÍOS, L.; CARRASCO GIMÉNEZ, T.J. (1997), *Psicología preventiva. Avances recientes en técnicas y programas de prevención*. Madrid, Psicología Pirámide.
